

**TRABALLOS PRESENTADOS NOS V
ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
(25 e 26 de outubro de 2001)**

COORDINACIÓN
Henrique Monteagudo Romero
Anxo Lorenzo Suárez



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA**



**CENTRO
DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA
DE GALICIA**

ÍNDICE

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: ANÁLISE DE 17 ANOS DE PLANIFICACIÓN

Xesús Costas Abreu

1 Consecuencias da oficialización do galego nas administracións públicas	4
2 As Administracións Públicas en Galicia	5
3 Conclusións	8

ANÁLISE POLITOLÓXICA DO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA

Xaime Subiela Pérez

1 Os cambios sociais	9
2 Os cambios políticos	10
3 A situación social do galego na actualidade	11
4 Obxectivos da política lingüística da Xunta de Galicia	12
5 Impacto das políticas lingüísticas da Xunta de Galicia	13
6 Caracterización das políticas lingüísticas da Xunta de Galicia	14

A EXPERIENCIA E ANÁLISE DESDE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA. A CREACIÓN DA UNIDADE DE TRADUCIÓN

Inés Dorado Fernández

16

GABINETE DE TRADUCIÓN E ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Xabier Rodríguez Barrio

21

EXPERIENCIA E ANÁLISE PROSPECTIVA DO GABINETE DE GALEGO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Elvira Fariñas Álvarez

1 Data de constitución	23
2 Status do gabinete de galego e do persoal que figura á súa fronte	23
3 Medios cos que conta	24
4 Principais liñas de traballo	24
5 Análise global da experiencia	24
6 Valoración prospectiva das posibilidades de actuación das deputacións dentro da administración local	25

O PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SANTIAGO

Manuel Portas Fernández / Socorro García Conde

1 Por que un Plan de normalización lingüística (PNL)?	27
2 Que debería ser un PNL dun concello?	27
3 Como debemos entender un PNL?	28
4 Que é un PNL desde o punto de vista técnico?	30
5 Vantaxes de contar cun PNL	31
6 Os axentes do proceso	31
7 A filosofía	33
8 Como se fai?	35
9 Os grupos de participación	36
10 Problemas do proceso	38
11 Conclusión	40

O TRADUTOR AUTOMÁTICO ES-GA

M^a Liliana Martínez Calvo

Introdución	41
1 O ES-GA, sistema de TA aplicado ao galego	41
2 Características do ES-GA	42
3 Como funciona o ES-GA	42
4 As posibles aplicacións do ES-GA	45

O OBSERVATORIO DE NEOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Xosé María Gómez Clemente

Introdución	46
1 Obxectivos	46
2 Metodoloxía	47
3 Tipoloxía das unidades e resultados	50
4 Conclusión	61
5 Datos complementarios	62
Bibliografía	64

A COMISIÓN TÉCNICA DE LINGUAXES DE ESPECIALIDADE DO CCG

Manuel C. Núñez Singala

66

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA UNIÓN EUROPEA

Miquel Strubell i Trueta

Introdución	71
1 A oficialidade lingüística	71
2 Os servizos lingüísticos	78
3 As linguas estranxeiras	78
4 A diversidade lingüística	82
5 Conclusións	86

NOTA

Ofrecemos aquí unha selección dos relatorios e mesas redondas presentados no transcurso dos V Encontros para a Normalización Lingüística, organizados polo Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, que se desenvolveron os días 25 e 26 de outubro de 2001 na sede do Consello da Cultura Galega.

Somos conscientes de que na lectura destas páxinas poderán apreciar algúns anacronismos, mais en ningún caso estes deben ser atribuídos aos autores, unicamente á demora na edición destes textos.

En breve poderán consultar tamén en liña a escolma dos relatorios presentados nos VI e VII Encontros. Esta é unha presentación provisoria, á espera de que cara final de ano ofrezamos unha edición conxunta en papel dos traballos máis representativos destas tres edicións.

EDICIÓN

Alberte Gonzalez Montañés
Ana Isabel Martínez Fernández
Susana Mayo Redondo

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS: ANÁLISE DE 17 ANOS DE PLANIFICACIÓN

Xesús Costas Abreu
Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia

O primeiro dato que podemos presentar sobre as políticas lingüísticas, sobre o proceso de normalización lingüística, se é que tal cousa como proceso formalizado existe, nas administracións públicas, é a carencia de información. No ámbito puramente descritivo, non existe ningunha caracterización xeral, aínda que existen, obviamente, a exposición de puntos de vista subxectivos, consideracións sobre o deber ser, etcétera.

Isto non deixa de resultar sorprendente, porque o dato xurídico da oficialización dun idioma é un dato fundamental na historia social dun país e a oficialidade ten unha serie de consecuencias xurídicas de seu e outras moitas que precisan dun despregamento. As consecuencias xurídicas de seu son que non pode rexeitarse ningunha actuación pública ou privada nese idioma; pero consecuencia xurídica de seu tamén é a necesidade de adecuar toda a infraestrutura administrativa para atender os cidadáns que están dotados dun novo dereito: o dereito a utilizar outro idioma como mecanismo válido e eficaz de comunicación.

Pódese afirmar, polo tanto, que o proceso derivado do recoñecemento da oficialidade dun idioma que antes non era oficial implica un certo esforzo colectivo de cando menos unha xeración. Implica tamén a definición de obxectivos, de medidas e de medios e iso foi o que, ao meu entender, fallou neste país ata o punto de que o impulso inicial se perdeu polo camiño.

1 CONSECUENCIAS DA OFICIALIZACIÓN DO GALEGO NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

Non hai a máis mínima unidade nas posturas das distintas administracións públicas fronte ao proceso de normalización lingüística do galego, nin no conxunto nin nas unidades integrantes de cada un dos niveis. Pódese falar, máis ou menos, da política lingüística seguida pola Administración periférica do Estado (con moitas diferenzas internas) ou pódese falar da política lingüística seguida pola Administración local, pero expoñendo dende o principio que hai concellos que non mudaron nada as súas condutas anteriores ao ano 1978 (actas en castelán) e tamén concellos que, polo que fose, avanzaron bastante no emprego do galego. Mais chegado un momento eses progresos pérdense, non hai sostemento nos avances nin nos éxitos.

A Administración é unha organización formal que se caracteriza por dúas cousas: a primeira, pola aplicación do principio de legalidade; e a segunda, pola primacía da forma escrita nas súas actuacións. En canto ao principio de legalidade, a declaración de oficialidade é unha decisión política que se instrumenta xuridicamente. Está prevista en termos xerais na Constitución de 1978, instrumentase no Estatuto de 1981, non se aplica na práctica ata que se aproba a Lei de normalización lingüística en 1983 que, por outra parte apenas toca a cuestión das administracións locais. A Lei de

normalización lingüística non ten mandatos concretos e, en xeral, é unha norma que non só carece de mecanismos sancionadores para o seu incumprimento, senón que non establece mecanismos operativos. Unicamente enuncia principios: deberá escolarizarse aos nenos na súa lingua materna (non se fai e non pasa nada); os topónimos terán como única forma oficial a galega (hai casos coma o da Coruña ou o de Ribeira con incumprimentos flagrantes e non pasa nada). No tema dos topónimos, ademais, o esquema de distribución de competencias dá lugar á curiosa situación de que aproximadamente durante dez anos, ata a aprobación recente dunha lei que resolveu esta pintoresca situación, a cidade da Coruña era a capital da provincia de *La Coruña*.

2 AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN GALICIA

Cando se fala das AA.PP. en Galicia, percibidas e mesmo cuantificadas como un dos sectores onde máis avanzou o galego nestes anos, faise referencia a 56 000 persoas no ano 1990, a 104 000 en 1995 e a 109 000 en 1998; estase a falar, tamén, de tres niveis administrativos: Administración periférica do Estado, Administración autonómica e Administración local, aínda que só un nivel aparece coa declaración de oficialidade do galego. Así, mentres a Administración periférica do Estado e a Administración local preexistían como estruturas nos seus efectivos, a Comunidade Autónoma non. A Comunidade Autónoma nace co Estatuto e nace coa oficialidade do galego e aí pérdese a posibilidade de desenvolver os principios enunciados na Lei de normalización lingüística agás no relativo á Consellaría de Educación, que é onde se sitúa, ademais, o suposto órgano reitor da política lingüística da Xunta de Galicia. Neste emprazamento é imposible o correcto funcionamento deste órgano reitor porque non ten posibilidade de estender a súa actuación máis alá da consellaría salvo polo mecanismo habitual: asinar convenios con outras entidades públicas ou privadas pagando o cento por cento. Por poñermos un exemplo, todos os cursos que se deron na Administración periférica do Estado foron pagados integramente pola Xunta que non esixiu ningún tipo de resultado do investimento deses cartos: o persoal ía ao curso, volvía ao traballo e as cousas seguían coma antes.

O sector público, con non chegar sequer á media española, é un sector importante e con certa relevancia social. Cando se fai referencia a 109 000 persoas, debemos pensar que a xente que vive destes ingresos é un número considerablemente maior; trátase, por outra parte, duns efectivos humanos distribuídos desigualmente: bastante concentrados nas grandes cidades e maioritariamente na provincia da Coruña. Ademais, son persoas que, en xeral, responden aos mesmos parámetros ca os niveis equivalentes da poboación galega. Hai un estudo de exploración da submostra dos funcionarios que foi incluído na mostra do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* e non revela grandes diferenzas nin en niveis de coñecemento, nin en niveis de uso, nin en actitudes, nin en prexuízos. Logo, entrando noutras informacións ás que accedemos, si hai diferenzas significativas derivadas da propia lóxica administrativa. Por citar un exemplo, só nunha pequena parte dos funcionarios, no grupo A xeral (referímonos á Administración xeral do Estado pero en boa medida isto podería aplicarse ao resto das

administracións) existe unha destreza lingüística na escrita do galego superior ao 50 %. Non obstante, esta porcentaxe descende notablemente no grupo B, onde se concentran moitos *peritos* (enxeñeiros técnicos, apareladores, etc.), determinados subsectores organizados colexialmente na vida privada e, ás veces, tamén na pública que se teñen manifestado pouco favorables á incorporación ao proceso de normalización lingüística, a porcentaxe volve ascender nos grupos administrativos C e D. Estas variacións revelan que as actuacións lingüísticas que se levaron a cabo na Administración non foron pensadas coma actuacións de conxunto.

Naqueles departamentos administrativos onde o poder burocrático está en mans de enxeñeiros, sexan superiores ou técnicos, economistas ou similares, é onde a presenza do galego é menor, xa non só nos usos internos senón na transcendencia cara a fóra. Canto máis se asimile un departamento administrativo a labores culturais ou labores administrativos típicos, maior será o uso do galego, polo menos nas manifestacións máis visibles; e canto máis se asimile a actividades de tipo económico ou “técnico” menor será o uso do galego, sen lles preocupar aos seus responsables en absoluto a cuestión da visibilidade, a non ser que exista unha esixencia política. En idéntico sentido, os aparatos administrativos máis próximos ao centro de poder de cada administración son os que máis coidan as formas e os que máis empregan o galego, cando menos nas actuacións visibles. Conforme existe maior distancia física, xurídica e política do poder, o nivel de uso do galego descende ou en todo caso cadaquén fai o que quere, é dicir, nestes departamentos existe a *política lingüística de taifas*, ata tal punto que das catro delegacións dunha consellaría nun momento dado, a de Lugo e A Coruña deciden que en galego nada, mentres que Pontevedra e Ourense funcionan coma a parte máis normalizada de calquera outra administración. Isto dentro dunha mesma administración na que existe unha dirección política única.

Se se fai referencia ás delegacións, aos organismos autónomos, empresas públicas, fundacións..., isto é, á desconcentración administrativa e como isto afecta ás políticas lingüísticas o descontrol con respecto á oficialización do galego é absoluto e en moitos casos xa dende o momento fundacional prescinden totalmente da cuestión do galego, agás, en todo caso, para disimular un pouco ao primeiro. Neste sentido, institucións de formación de funcionarios que teñen como obxectivo fundacional na súa lei de creación a cuestión da galeguización do funcionariado e a mellora da linguaxe administrativa, etc., non tiveron certamente un grande éxito, cando menos no tocante a este obxectivo.

Paradoxalmente, foi a Administración xeral do Estado a única que produciu un labor, senón de avaliación si polo menos de inventario do que se fixo durante un tempo. Por causa dunha norma xurídica vixente, ten que producir un informe anual dos avances e dos problemas que se produzan coa cuestión da cooficialidade en cada unha das comunidades autonómicas que teñan esta situación. No caso galego só houbo catro informes de Domingo García Sabell como delegado e a verdade é que paga a pena deles. Os catro insisten obsesivamente na inexistencia de problemas e, de habelos, sempre se consideran anecdóticos e pouco relevantes. Do resto, estes informes explican os seus obxectivos de avance, os seus propósitos, as reunións que teñen, as medidas que toman, e os convenios que asinan coa Xunta de Galicia para que lles financie todo, como se a Administración xeral do Estado con sede nunha comunidade con lingua propia non

tívese a obriga de aplicar a oficialidade, que é territorial e non funcional para cada administración. De cando en vez fan algunha sondaxe na realidade, normalmente mandada tamén polas autoridades centrais, e o que se descobre é que dos obxectivos anunciados a cousa queda en cero. Así, pódense ler tres anos de informes dicindo “estamos avanzando na rotulación externa de todas as oficinas de todos os organismos e entidades dependentes da Administración xeral do Estado” e logo, nun momento dado, fan un programa experimental en todas as comunidades, analizan vinte e cinco oficinas da Coruña e só unha ten normalizado o rótulo, catro anos despois de estar contando obsesivamente que o proceso estaba case rematado. En materia de impresos, por exemplo, simplemente non existen modelos en galego máis ca nunha das vinte e cinco oficinas; noutras hai algúns impresos bilingües.

O primeiro intento racionalizador máis común nesta administración, e esta tentación houbo tamén nas demais, foi o bilingüismo dos impresos co sistema de dobre texto; tivo un enorme éxito pero afortunadamente durou pouco. Neste sistema funcionou o *Diario Oficial de Galicia* (primeiramente chamado Boletín Oficial da Xunta de Galicia) pero o argumento económico serviu para que abandonasen esa práctica porque saía moi cara.

A maior obsesión nos primeiros anos dos informes da Delegación do Goberno era que mesmo os anuncios do boletín oficial no periódico saísen en dobre texto. Non obstante a opción do dobre texto non é unha cuestión totalmente resolta. Nestes momentos, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), que se dedica a propoñer modelos que van dende notificacións de multas ata a recadación executiva, está volvendo á dobre versión e non hai ningunha reacción interna da Administración contra esta práctica. O dobre texto é antieconómico (dilapidación de cartos), antiecolóxico (dilapidación de papel), absurdo e delirante.

Por outro lado, un fenómeno como o da entrada masiva da informática nas administracións públicas, que se produce case en paralelo con este suposto proceso de normalización lingüística, tivo unha notabilísima incidencia (unha cuestión non prevista e aínda hoxe non afrontada) coma axente desnormalizador. A cuestión era ben sinxela e só precisaba que a comunidade autónoma, que ten competencias para iso, ditase unha norma pola cal ningunha administración das incluídas no ámbito lexislativo autonómico puidese adquirir ningún programa que non incluíse a súa correspondente versión en galego. No entanto, non só non se fixo así senón que a instalación do programa *Libra* desmantelou o pouco que se avanzara na Administración de Xustiza; a instalación do programa *Sioux* fixo o mesmo efecto en materia de servizos sociais e o fornecemento de programas informáticos polas deputacións aos concellos pequenos nas catro provincias xerou un notabilísimo retroceso e supuxo case o efecto negativo máis demoledor sobre o proceso de galeguización das administracións. A informática, e mais concretamente a non incardinación do proceso de normalización lingüística co proceso de informatización foi, xa que logo, un gran problema. A batalla que se gañou nos modelos de impresos que daquela editaban as imprentas ou determinadas editoriais foi, unha vez máis, un esforzo inútil que só produce melancolía porque pouco tempo despois veu o *software* e esnaquizou todo o adiantado.

3 CONCLUSIONES

A situación é moi complexa, política lingüística como tal non existe. Non existe porque non se dan as tres condicións básicas: un órgano con capacidade suficiente para xestionar, unha política definida en termos de certa planificación e unha recollida e sistematización de información e unha certa avaliación periódica. Crese que a historia da lei catalá de política lingüística, que deu lugar a unha batalla política forte, tiña unha vantaxe lóxica innegable. Con independencia dos seus contidos, aos dez anos de vixencia avalía en que foi ben e en que foi mal, que buracos quedaban sen cubrir na lei anterior e que mecanismos tiñan que poñer a funcionar para cubrilos. Certamente, existen valoracións negativas en relación coa perda de certo grao de apoio se a comparamos coa lei anterior, se ben a conxuntura política na que se fixo non era a mesma ca a anterior, polo que xerou outro tipo de rexeitamentos. En Galicia, onde non hai esa vontade decidida, ao meu xuízo é necesario unha certa avaliación de como foron as cousas e repensar e redefinir as posicións.

O que si é certo é que se algo existe neste país en materia de política lingüística é permeabilidade fronte a calquera movemento dende o exterior. De feito, neste momento as únicas actividades que hai no proceso de normalización lingüística son puramente reactivas. Parece que a lóxica de actuación nesta materia é “a ver se hai sorte e meten a pata os responsables políticos para que poidamos reaccionar con certas posibilidades de éxito.” Semella que o campo de actuación é moitísimo máis amplo, que si existe un nivel de receptividade social que xa quixeran para elas outras comunidades; cuestión á parte é que esa receptividade non estea dinamizada, sexa máis ben pasiva ou que se manifeste en termos non excesivamente entusiásticos, pero cando menos ofrece posibilidades de actuación.

Naquelas institucións onde si se desenvolveu certo programa, ideas claras de normalización lingüística, os avances foron bastante notables, os éxitos foron mesmo económicos e a verdade é que aí si que non houbo grandes conflitos. Realmente, o tema da normalización lingüística non é unha cuestión central neste país, o cal tampouco é necesariamente malo, porque ao proceso de incorporación do galego á Administración, ou a calquera outro campo, ou se lle engaden determinados valores ou non é, certamente, unha cuestión apaixonante para a maioría da poboación. No caso da Administración, ou se relaciona co proceso de democratización, coa simplificación da linguaxe e con outra serie de cuestións, ou a verdade é que é perfectamente comprensible que a calquera cidadán razoable lle dea igual que vaia nun ou noutro idioma, que prefira aquel máis comprensible e aquel máis educado.

ANÁLISE POLITOLÓXICA DO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA

Xaime Subiela Pérez
Cidadanía. Rede de Aplicacións Sociais

A empresa *Cidadanía. Rede de Aplicacións Sociais*, foi a encargada de elaborar unha área do Informe de Política Lingüística e Normalización de Galicia, concretamente a análise politolóxica codirixida por Lois García mais eu.

Foron manexados moitos datos para a elaboración deste traballo, como por exemplo os orzamentos da Comunidade Autónoma, as iniciativas parlamentarias, inxente material de prensa e unha cuestión cualitativa que afecta ao método: empregouse o método Delphi, que consiste en poñerse en contacto cunha serie de expertos ou de persoas que están vinculadas á normalización lingüística e que nos parecen representativas deste mundo para recoller a súa opinión de xeito cualitativo.

Primeiramente, pretendíase facer unha análise moi ben e moi avaliativa pero, non obstante, viuse a necesidade de elaborar moitos materiais básicos. Por exemplo, non estaba compilado cantos cartos se gastaron en lingua nestes anos ou cantos cursos de lingua se deron no país; isto é, non estaba recollida moita información básica que para o estudo era a clave empírica de avaliación, polo que nos vimos na dobre función de ocuparnos das dúas fases.

O que se procuraba era a avaliación dunha política pública da Xunta de Galicia que está destinada á normalización da lingua, polo que se tentou medila con esas claves políticas e non con claves lingüísticas. Para isto, centrámonos fundamentalmente en dúas dimensións da política: a chamada *policy*, que fai referencia á política pública, é dicir, á acción dun goberno sobre unha cuestión determinada; e por outra a chamada *politics*, que vén a ser o debate político sobre esa cuestión, a confrontación política que se establece arredor da *policy*. Polo tanto, o que se tentou facer foi avaliar a política pública da Xunta de Galicia no tocante á lingua e estudar como se relaciona co plano do debate político.

Por outro lado, para facer esta avaliación tívose que elaborar ao tempo un balance con respecto ao período. Para efectuar este balance tomouse como referencia a situación social da lingua en períodos distintos, de maneira que puidesen ser comparábeis. Deste xeito, botouse man dunha situación previa á intervención política (empregando como base un traballo de Guillermo Rojo do ano 80 onde facía unha recollida de información acerca da situación da lingua ata esa data) e da última referencia que temos sobre a situación social para establecer unha comparación (optouse polo traballo de Miquel Siguán para o CIS por ser o máis actual e, porque segue criterios comparativos con outras comunidades).

1 OS CAMBIOS SOCIAIS

Partiuse da hipótese que indica que a substitución lingüística que se está a producir no galego ten unha natureza fundamentalmente social que ten que ver co paso

dunha sociedade ruralizada a outra máis urbanizada. Esa transformación é a clave de fondo da cuestión, isto é, a lingua estaba asociada a un mundo, ese mundo cambia, e cal tamén cambia a lingua que levaba asociada. Hai que deixar claro que son os cambios producidos na estrutura social de Galicia durante os últimos corenta anos os que dan conta dun cambio lingüístico asociado. Isto é moi importante porque se se ve a estrutura, por exemplo, de emprego nos anos 70, apreciárase que se hai unhas seiscentas mil persoas traballando no campo, hai aínda non unhas catrocentas mil no sector servizos e algo máis de duascentas mil traballando na industria. No entanto, cando analizamos esta estrutura laboral na actualidade comprobamos que se modificou radicalmente. Agora no campo traballan só arredor dunhas cento cincuenta mil persoas e no sector servizos xa teríamos por riba das seiscentas mil, sendo claramente esta modificación o elemento que establece unha situación social diferencial.

2 OS CAMBIOS POLÍTICOS

Os cambios políticos son de gran transcendencia xa que xustifican, ao noso xuízo, moitas das cuestións que se van argumentar. A institucionalización da comunidade autónoma é o elemento central de partida do cambio que vai permitir que haxa unha acción pública en defensa ou promoción do galego.

O feito de que se constituía unha comunidade autónoma que intenta representar o conxunto da sociedade galega é o elemento central na defensa da lingua. Previamente á institucionalización non existía ningunha acción pública, digna de tal nome, de promoción do galego, e será durante todos estes anos cando a Xunta de Galicia abandone a defensa da lingua.

Hai un feito que se quixo destacar neste estudo, que é que esta acción produce efectos positivos sobre a normalización lingüística en boa medida á marxe da vontade política de quen sostén ou sostivo os gobernos. A dinámica da construción das comunidades autónomas supuxo que os distintos gobernos intentasen diferenciar a súa acción con respecto ao Goberno central e isto establece unha dialéctica favorecedora do impulso aos elementos simbólicos de identificación das comunidades (sinaladamente a lingua), dialéctica que ademais se retroalimenta coa acción doutras comunidades autónomas.

Así, por exemplo, en moitas ocasións a acción pública de promoción da lingua galega en Galicia tiña moito que ver coas accións que se desenvolvían nomeadamente en Cataluña. Isto é, moitas veces tanto os gobernos como os activistas sociais bebían do que se estaba a facer alí para traer esas propostas, e iso era o que se entendía como modelo á hora de intervir en cuestións de lingua. Agora ben, isto non só acontece no tema da lingua. O noso Estatuto de autonomía é, en boa medida, un calco do Estatuto catalán, e iso mesmo pasou coa Lei de normalización lingüística, ou co decreto do ensino, ou coa famosa débeda histórica.

Ademais, comunidades autónomas máis adiantadas (Cataluña e País Vasco) servían como elemento de comparación e contraste con respecto ás actuacións que aquí se levaban a cabo. Por exemplo, había un marco de agravio comparativo para propoñer

as cousas (se os cataláns lograban algo do Goberno central, nós tamén debiamos telo). Isto valía como acicate para que avanzasen as cousas, de maneira que en Galicia o proceso evolucionou dende o propio poder e, se cadra e malia que isto poida retumbar nalgúns sectores, podemos dicir que o goberno nalgúns momentos foi mesmo por diante do que era a receptividade que a sociedade tiña cara ao galego. Por exemplo, se se analiza a situación da lingua galega nos finais dos anos 70 e primeiros dos 80, conséntase que a gran maioría da poboación non quería que os seus fillos fosen educados en galego. Isto ten unha gran relevancia porque podemos ver como foi dándose paseniñamente unha ensamblaxe entre a acción política e a dinámica social de recuperación da lingua.

3 A SITUACIÓN SOCIAL DO GALEGO NA ACTUALIDADE

Na actualidade estamos ante un proceso de non reprodución da lingua galega, isto é, pais galego-falantes non lles falan aos seus fillos en galego, o que supón que se vaia perdendo o idioma de xeración en xeración. Cómpre sinalar que este proceso xa comezara antes da intervención política da Xunta de Galicia. Isto é, trátase dun proceso asociado ao problema social de fondo, un proceso que comezou xa nos anos 60, polo que non é recente senón que vén de moi atrás e contívose nos últimos anos coa intervención política pero non se superou.

A segunda cuestión relevante na actualidade é o aumento do prestixio da lingua. A lingua foi gañando espazos públicos e, á inversa do que sucedía antes, canto máis público é o espazo máis presenza do galego existe, sobre todo en ámbitos moi formalizados, de maneira que a máis escrito máis público (se é oral, se cadra xa non tan público); a maior presenza nos medios de comunicación máis público, ou ben espazos claramente connotados co mundo público, como pode ser o mundo da política, pasan a funcionar case exclusivamente en galego (publicidade política, debates parlamentarios...). Con todo, isto pode ter unha lectura crítica xa que podemos estar asistindo a un proceso de ritualización do galego, feito que é percibido por amplos sectores da poboación.

Na nosa análise partimos de que os elementos que teñen unha maior repercusión na normalización lingüística non son aqueles que supoñen cartos, nin aqueles que están atribuídos fundamentalmente á Dirección Xeral de Política Lingüística, senón que son aqueles que foron regulamentados no seu momento, que supuxo que van estruturalmente xerando o proceso normalizador. Serían, xa que logo, os eixes principais da Lei de normalización lingüística e que podemos enumerar:

a) *A cuestión do corpus*. Na medida en que afecta ao proceso normalizador, non podemos esquecer que esta cuestión foi un elemento central de conflito dentro dos activistas da normalización. Foi unha das liñas centrais da intervención da Xunta de Galicia.

b) *O galego como lingua do ensino*. Outro dos elementos centrais e, ademais, que ten un custo económico realmente baixo, xa que o único relevante é legislar que

unhas determinadas materias teñen que transmitirse en galego, polo que o único investimento afecta á formación do profesorado afectado.

c) *O galego como lingua da Administración autonómica.* En xeral, a lingua normal de uso público da Administración é o galego e iso ten uns efectos sobre a normalización moi importantes nunha dobre vía xa que, por unha banda, ten efectos directos sobre a poboación pero, por outra, tamén sobre os traballadores desa administración. Así, os cursos de formación foron dirixidos fundamentalmente a persoal relacionado coa Administración pública: funcionarios, mestres..., e a asistencia a estes cursos viña provocada polo desexo de promoción interna. Deste xeito, os cursos eran unha reacción ante unha regulamentación anterior, isto é, primeiro dáse unha regulamentación do uso do galego e logo provócase unha formación de todo o persoal relacionado ou implicado nestas medidas. Isto foi moi evidente, por exemplo, no caso dos concellos coa Lei do uso do galego polas corporacións locais, que estipula que se deben redactar as actas en lingua galega, o que provoca de maneira reactiva todo un sistema de formación do persoal para cumprir o preceptuado.

d) *O galego como lingua normal dos medios de comunicación públicos.* Estamos a falar da radio e sobre todo da televisión galega e, sen estendérmonos nesta cuestión, hai que dicir que supuxo un pulo fundamental ao proceso normalizador en Galicia. Foi un elemento transcendental á hora de modificar non tanto os usos como as actitudes cara ao galego. O galego déixase de asociar a uns valores máis ruralizados e pasa a ese espazo comunicacional claramente vinculado ao mundo urbano.

4 OBXECTIVOS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

Chegamos á conclusión de que en boa medida os obxectivos da política lingüística eran moi ambiguos. Había unha indefinición moi clara dentro das accións da Xunta de Galicia, mesmo en elementos centrais, porque iso promovía o consenso. Se colectivos distintos entenden cousas diferentes por normalización lingüística, é doado que se favoreza o consenso se non se afina máis, pero se se fai pode haber conflito. Polo tanto procúrase a ambigüidade na lei para favorecer espazos de consenso mínimos.

Por outra banda, o obxectivo central da política lingüística da Xunta de Galicia, ao noso entender, era que non houbera conflictividade social arredor da lingua. Ese era o elemento que nucleou as súas accións. Non foi tanto, xa que logo, estender o uso do galego como que non houbera conflictividade social arredor da lingua. A acción política do goberno galego estaba caracterizada, polo tanto, pola moderación, pola prudencia. Iso supuxo que a política lingüística se enfrontou fundamentalmente a aqueles sectores que eran máis activos na defensa da lingua galega. A acción dos poderes públicos consideraba os activistas da lingua como elementos perigosos, pois entendían que eran eles os que traían o conflito, os que empurraban por ir máis alá cando a cousa ía a modiño e con moderación pero sen conflitos. Creouse unha dinámica que supuxo unha confrontación clara entre a Xunta de Galicia e aqueles sectores que eran os maiores promotores do galego na sociedade.

A evolución da política lingüística durante estes anos sofre un salto cualitativo, cando menos monetario, a partir do ano 1993 que é cando se incorporou a débeda histórica. Para os efectos orzamentarios houbo unha ruptura a partir do ano 1993 pero débese subliñar que en boa medida as liñas de acción da Dirección Xeral de Política Lingüística foron moi semellantes de antes a despois desta cuestión. Había moitos máis cartos pero seguiu facendo practicamente o mesmo e iso xa sen entrar nos gastos que estaban atribuídos a Política Lingüística e que eran a canalización doutras accións que non tiñan nada que ver coa lingua galega.

5 IMPACTO DAS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS DA XUNTA DE GALICIA

Xa se abordou, e non se vai insistir, en que houbo un aumento do prestixio, unha mellora das actitudes cara á lingua galega e iso é o positivo.

Agora ben, se se analiza un pouco máis compróbase que houbo unha ineficacia das políticas lingüísticas da Xunta de Galicia en canto ao mantemento e á recuperación dos usos do galego. Se é verdade que se contivo en boa medida o proceso de non reprodución da lingua galega, tamén é certo que non se chega, a estas alturas, a ser capaces de invertelo e cada vez toca unhas cotas máis baixas (o castelán é con claridade a lingua hexemónica das xeracións máis novas), polo que a medida que se vaia completando o proceso vexetativo, isto é, cando vaian morrendo as xeracións galego-falantes, o castelán pasará a ser a lingua maioritaria de Galicia.

Hai unha eficacia, con matices, das políticas lingüísticas en canto á capacitación lingüística en galego. Non hai unha competencia operativa no ámbito oral para que a xente fale en galego, pero si que hai unha competencia moito maior ca nos anos previos á intervención da acción política da Xunta de Galicia e, sobre todo, se se ve en comparación con outras comunidades autónomas, sorprende que o grao de autoatribución de competencia lingüística sobre a lingua propia sexa maior aquí ca en Cataluña.

Por outro lado, débese falar de ineficacia e falta de eficiencia das medidas normalizadoras nos medios de comunicación. A Xunta de Galicia destinou aos medios unha cantidade de cartos extraordinaria durante todos estes anos que non repercutiu en absoluto no aumento do emprego do galego, se se exceptúa o caso de *O Correo Galego*.

Por último, as políticas distributivas da Xunta de Galicia, isto é, aquelas que lles conceden cartos (subvencións) a institucións, empresas, etcétera, que se galeguizan, foron executadas sen apenas control. Non se realizou ningunha análise, por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística, de se se lles estaba subvencionando ano tras ano aos mesmos, de se se estaban executando as accións para as que se pedían os cartos, etcétera.

6 CARACTERIZACIÓN DAS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS DA XUNTA DE GALICIA

A preponderancia do mundo do ensino na normalización lingüística é un feito incontestábel. Isto é así por varias razóns: polo emprazamento estrutural do departamento responsábel, pola procedencia dos seus cargos políticos, pola consideración de que o ensino debe ser o elemento promotor do proceso de normalización lingüística e, ademais, por ser o ensino unha competencia directa da Xunta de Galicia e, xa que logo, por considerar que o goberno podía intervir directamente sobre el, cousa que noutros ámbitos non estaba tan clara.

Esta preponderancia do mundo do ensino dáse nas políticas porque tamén se dá no mundo dos activistas lingüísticos, isto é, a maior parte da acción normalizadora da sociedade desenvolveuse tamén no ensino. A punta de lanza dos activistas procedía do ensino e, en moitos casos, concretamente do mundo da filoloxía galega.

En segundo lugar, podemos caracterizar as políticas lingüísticas da Xunta de Galicia ben pola ausencia de planificación. Foron unhas políticas basicamente reactivas, é dicir, limitáanse a dar contestación a iniciativas de grupos sociais, pero tamén reactivas no sentido de actuar para garantir o previamente lexislado, tal e como mencionamos anteriormente.

Outra característica da política lingüística da Xunta de Galicia foi a ausencia de diálogo cos actores máis relevantes do sector. Non houbo comunicación con aqueles grupos que estaban intentando promover o galego no ámbito social.

Finalmente, outro trazo caracterizador é o escaso diálogo interinstitucional. Se o comparamos con outras comunidades, aquí apenas houbo contacto entre as institucións autonómicas e as locais ou estatais.

Por outra banda, dende o punto de vista do debate político (da *politics* da que falabamos ao primeiro), houbo unha contraposición de poderes autónomos fronte a poderes centrais, o que levou a que políticos sen vontade galeguizadora asumiran e encabezaran proxectos galeguizadores. Así, xente nada significada pola defensa da lingua, como poden ser algúns representantes de Alianza Popular, do Partido Popular despois, defenderon cuestións que ninguén agardaba que defenderan debido á confrontación Partido Popular en Galicia, Partido Socialista no Estado. O que se perseguía era capitalizar simbolicamente a defensa das cuestións que tiñan que ver con Galicia e, sobre todo, evitar que os nacionalistas se apropiasen en exclusiva desa defensa.

A influencia das políticas lingüísticas doutras comunidades xa foi destacada. Esta influencia vai supoñer, moitas veces, que Galicia avance por efecto imitación ou por efecto agravio comparativo. A receptividade social da defensa do idioma en Galicia era moito menor ca en Cataluña ou no País Vasco e, non obstante, as medidas que se levaban a cabo eran moi similares.

Por último, a liña de confrontación de todos estes anos foi o enfrontamento entre o Goberno galego e o nacionalismo. Esta liña supoñía que as posicións do Goberno galego tiñan moito que ver con esa confrontación. Como en boa medida os activistas sociais de defensa do galego se identificaban co nacionalismo, ao Goberno non lle

preocupaba ter conflito con eses grupos xa que estaban claramente identificados con sectores que podían ser socialmente desprezábéis, é dicir, que a crítica e o desprezo ás súas posicións non ía supoñer para eles un custo político.

A EXPERIENCIA E ANÁLISE DESDE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA. A CREACIÓN DA UNIDADE DE TRADUCIÓN

Inés Dorado Fernández
Técnica da Unidade de Tradución

En decembro de 1987 un grupo da oposición da Corporación Provincial da Deputación da Coruña presentou unha moción "Sobre o uso do galego na deputación". A través desta moción propúxoselle ao Pleno da Corporación Provincial unha posición activa na potenciación do noso idioma e que contribuíse na medida das súas posibilidades a que o galego fose o vehículo normal de relación no seu ámbito de actuación, manifestando a súa oposición a calquera restrición que se lle quixese poñer ao uso normal do noso idioma. Neste sentido, debería elaborarse no prazo máis breve de tempo un plan de medidas tendentes a normalizar o uso do galego tanto no aspecto interno coma no externo desta institución.

Non se solicitou ningunha medida concreta e obrigatoria senón unha posición da Corporación Provincial respecto a este tema. A urxencia desta moción foi rexeitada polo Pleno provincial na votación.

Nas actas plenarias de 1988 recolléronse manifestacións de deputados tocante ás traducións das súas intervencións ao castelán e solicitóuselle ao presidente que as súas intervencións en galego fosen redactadas nas actas tamén neste idioma. As actas plenarias sempre foron e seguen a ser monolingües: a transcripción do debate, a copia de ditames, de mocións e da rolda aberta de intervencións que orixinariamente estivesen en lingua galega tradúcense á acta en versión castelá.

Neste mesmo ano, en maio de 1988, a antedita moción "Sobre o uso do galego na deputación" estudouse na Comisión Informativa de Cultura, quen emitiu un informe favorable. Pasou a ser sometida a debate no primeiro pleno que tivo lugar e aprobouse.

Posteriormente a este acordo, publicouse a convocatoria para prover mediante oposición libre a praza de tradutor de galego incluída na oferta de emprego público de 1988, ano no que se realizou a oposición, aínda que non se cubriu ata comezos de 1989. Nun principio estaba adscrita á secretaría particular de Presidencia e Relacións Públicas pero, transcorridos uns meses, o Servizo de Persoal propuxo que por ser máis adecuada á natureza das súas funcións se adscribise á Secretaría Xeral, Sección Central-Actas, Rexistro e Información, acordo que se adoptou no Pleno da Corporación Provincial.

As funcións do posto de tradutor de galego descritas na relación de postos de traballo (RPT) son:

- a) Traducir toda a documentación conforme ao establecido na lexislación vixente.
- b) Asesorar ás demais unidades administrativas en tarefas de tradución.

PROCESO E CONSOLIDACIÓN DA UNIDADE DE TRADUCIÓN

Desde a entrada na Deputación Provincial da Coruña á consolidación nas funcións de traballo discorreu un período de tempo no que se foron asentando as funcións propias do posto de tradutor e as relacións cos departamentos da institución.

Fisicamente asentado no Departamento de Actas, que comparte con dous compañeiros, encárgase dos traballos de tradución ao galego das actas plenarias da Corporación Provincial e da Comisión de Goberno, comezando a traducir as actas redactadas no ano 1988 e 1989. Estas traducións permanecen manuscritas na mesa do tradutor por carecer de persoal no departamento que as mecanografe. Internamente vai crescendo o contacto e o coñecemento doutras unidades que se interesan pola tradución de textos, solicitudes ou documentos e vaise recibindo e remitindo con satisfacción mutua. Este é o caso das seguintes traducións:

- a) Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña.
- b) Pregos de condicións económicas e administrativas para o Departamento de Contratación.
- c) Textos de presentacións, de danzas e de vestuario do Ballet Rey de Viana.
- d) As primeiras convocatorias de axudas públicas de cultura e deportes.
- e) As primeiras notas, discursos e presentacións do Departamento de Prensa.
- f) Os primeiros extractos de acordos plenarios para publicar no Boletín Oficial da Provincia.
- g) Prólogos do presidente para obras publicadas na imprenta da propia deputación.
- h) As rotulacións de dependencias e cargos.

Nos primeiros anos, obsérvase que nalgún departamento teñen dificultades para transcribir en soporte informático os escritos que lles enviamos traducidos, ao careceren de persoal con disposición e formación lingüística nos seus servizos.

Posteriormente, establécese contacto coa Secretaría Xeral que se concreta na elaboración duns obxectivos mínimos e prioritarios. Vén a ser unha proposta para a normalización do galego escrito na deputación, para aquel tipo de escritos que aínda non se traduciran. Significa lograr autorización para visitar os servizos provinciais e negociar con eles a modificación dos seus hábitos lingüísticos con respecto ás seguintes comunicacións:

- a) Modelos de documentos e impresos oficiais, cabeceiras, timbres e selos.
- b) Circulares e comunicacións cos concellos.
- c) Anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no BOP ou noutros medios de comunicación editados en Galicia.
- d) Campañas de divulgación e de promoción cultural, artística, deportiva, económica, agrícola, gandeira, turística e outras.
- e) Documentos contractuais de obras e servizos subscritos pola deputación.
- f) Convenios do persoal laboral e funcionario.

Para os que asumían esta proposta, resultaba ben pouco ambiciosa, pero non o era así para a Secretaría por mor dun chisco de ausencia de tolerancia e de conformidade.

Os primeiros logros a partir destes contactos foron a normalización de documentos e impresos oficiais. Este traballo tivo que ser revisado na Secretaría Xeral, co fin de conseguir autorización para contactar co funcionario responsable de tramitar a impresión destes documentos no prelo. Despois, xurdiu unha segunda revisión terminolóxica na que se tivo que negociar, en casos concretos, a utilización dalgún termo que se empregaba. O motivo: que non o entendesen. Con frecuencia aparecían departamentos que os encargaban bilingües.

Uns meses despois, xa no ano 90, a Xefatura da Sección de Actas presenta unha solicitude na que fai constar que, segundo a Lei 5/88 sobre o uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, se concede un prazo de dous anos (xa finalizado) para cumprir o establecido nela. Para levar a cabo estas medidas nas actividades que son propias desta sección, faise imprescindible a creación dunha praza de auxiliar, sen a que non é posible acometer a tarefa de normalización lingüística requirida. Así mesmo, a solicitude indica que tampouco parece lóxico, desde o punto de vista funcional e organizativo, ampliar o persoal incorporando un técnico, como é a praza de tradutor de galego, sen incorporar a un tempo os medios humanos e materiais necesarios para realizar un traballo de volume facilmente comprensible.

Esta solicitude tivo resposta, creouse a praza de auxiliar administrativo e a principios do ano 1991 cubriuse por persoal funcionario que apoia o labor do tradutor de galego na parte do traballo que forma parte da Sección Central-Actas, Rexistro e Información: transcripción de actas, convocatoria de sesións, elaboración de ordes do día, mocións e votos particulares non só das sesións plenarias, senón tamén das que realice a Comisión de Goberno.

Nisto consiste fundamentalmente o traballo fixo da Unidade de Tradución. No caso de que precisen outros departamentos correccións ou traducións e haxa traballo pendente da Sección de Actas, este ten prioridade sobre o recibido doutros servizos agás que tivese autorización expresa da Secretaría Xeral.

Apréciase que se incrementou o nivel de uso do galego escrito na Deputación da Coruña. A redacción de textos en galego case sempre vai ligada á primacía da legalidade ou á opción política ou cultural do persoal do departamento.

A formación con respecto ao coñecemento do idioma do persoal dos servizos non lingüísticos contribúe a independizalos da Unidade de Tradución. A evolución consiste en:

- a) Envían o texto en castelán para traducir.
- b) Envían os textos redactados en galego para corrixir.
- c) Pasan a realizar consultas puntuais de asesoramento lingüístico.
- d) Prescinden desta vinculación e independízanse relativamente do departamento de tradución.

Con todo, transcorreron meses ata que a Secretaría Xeral nos comunicou que se lles podían enviar aos deputados e aos servizos provinciais as actas plenarias e de Comisión de Goberno en galego.

Nos doce anos que leva o departamento na Deputación Provincial observamos servizos que colaboran de xeito positivo e realizan gran parte da súa actuación administrativa en galego. Nalgúns chegou a un teito de extensión de uso tal que abrangue practicamente a totalidade do proceso: convocatorias de comisións informativas, ditames e actas destas comisións, convocatorias públicas, modelos de solicitudes, informes, pedimentos de documentación e resolucións de concesións e pagamentos que abranguen a provincia e/ou comunidade autónoma e no que participan uns 5000 solicitantes.

Pola contra, existen departamentos nos que a postura ante o galego queda lonxe da comentada. Non hai colaboración na actividade normalizadora, que neste caso vese freada por:

- a) a permisividade en actuacións cotiás á marxe do preceptuado, coa redacción de textos e documentos en castelán para os que a lei establece o galego;
- b) a consideración de imposición que se ten do tema normalizador en parte do persoal funcionario e pola ausencia de receptividade;
- c) a usencia de vontade política;
- d) a carencia de iniciativas normalizadoras da Unidade de Tradución tras os intentos de busca de apoio das unidades administrativas con competencia e xerarquía para realizar cambios lingüísticos na organización;
- e) a carencia de medios persoais e materiais.

Con todo, existen influencias externas á institución favorables á modificación dos ámbitos de uso:

- a) As demandas dos administrados polo dereito lingüístico a recibiren en galego as comunicacións que a deputación lles envía motivaron que instrumentos de cobro -que a deputación xestiona actualmente para 82 concellos, dos 94 da provincia da Coruña- se publiquen co texto bilingüe, cando só se facía en castelán.
- b) Os recursos formulados en galego polos contribuíntes destes concellos perante a deputación por temas tributarios sonlles contestados en galego.

Desde a Sección Central-Actas, Rexistro e Información e durante todas as lexislaturas, continuaron as demandas dirixidas á creación dun SNL co afán de que, ademais do asesoramento lingüístico e sobre todo de traducir textos do departamento ao que se está adscrito, se dote de persoal técnico e auxiliar co fin de estender a normalización lingüística internamente e incrementar o uso do galego. Somos conscientes da dificultade para que novos hábitos sexan aceptados e, polo tanto, é preciso que se comparta a responsabilidade desde todos os departamentos, que novas actuacións no eido normalizador teñan a posibilidade de seren enfocadas, proxectadas e decididas polo equipo de normalización, tendo en conta que os resultados que se obteñan están ligados á nosa formación e status, ao grao de compromiso que o equipo de

gobierno asuma e exerza na organización. Recentemente, algún deputado do grupo de goberno manifestou o seu interese en potenciar a normalización lingüística na deputación, comezando pola dotación de persoal técnico e auxiliar, proceso que está en marcha.

Neste sentido, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, nunha sesión realizada no mes de abril de 2001, adoptou o acordo no que manifesta o seu compromiso a favor de iniciar o cumprimento total da lexislación vixente con respecto ao uso do galego na Administración local.

GABINETE DE TRADUCIÓN E ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Xabier Rodríguez Barrio
Coordinador do Gabinete

Con base nun convenio de colaboración asinado no ano 1993 entre a Deputación Provincial de Lugo e as consellerías de Educación e Relacións Laborais constituíuse un gabinete de normalización lingüística co obxecto de dinamizar, asesorar e fomentar o uso e a implantación do idioma galego no ámbito da Administración local da provincia de Lugo.

Actualmente, este departamento, con sede no edificio administrativo provincial, está formado por un coordinador, dúas licenciadas en filoloxía e tres auxiliares administrativos con coñecementos de informática e de linguaxe administrativa galega, con título de tradutor en linguaxe administrativa outorgado pola Escola Galega de Administración Pública.

Conta con seis equipos informáticos conectados en rede, de recente adquisición, polo que se acha á altura das novas tecnoloxías para o tratamento de textos, tanto no ámbito da corrección coma no da tradución de documentos administrativos.

Dispón, igualmente, dunha biblioteca de base media-alta de volumes, na que se inclúen todo tipo de dicionarios, manuais, vocabularios especializados, así como publicacións de temáticas específicas; recibe, ademais, revistas especializadas publicadas polos diferentes organismos con actividade no campo da investigación lingüística (USC, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro "Ramón Piñeiro", Escola Galega de Administración Pública, etcétera).

Como responsable técnico deste Gabinete, quero salientar o feito de que desde a súa posta en marcha dependemos da Vicesecretaría Xeral, que ten, á súa vez, as competencias de asesoramento xurídico e de atención aos concellos da provincia, de aí que, desde un principio, iniciamos a actividade no campo do asesoramento lingüístico enviando todo tipo de documentos e modelos de uso máis común na vida administrativa a todos os concellos da provincia. Esta circunstancia produciuse no primeiro ano, cando só seis ou sete concellos contaban con algunha persoa que realizaba traballos de tradución neles. Déstacase este punto porque desde mediados dos noventa, e tamén como froito dos convenios asinados en materia lingüística, foron máis os concellos que contaron e contan con persoal formado para levar a cabo estas tarefas, de tal xeito que actualmente pasan de vinte os concellos autosuficientes no labor de corrección e tradución de documentos administrativos. Esta circunstancia xustifica que o labor a día de hoxe do Gabinete sexa máis de consulta de dúbidas e de asesoramento puntual no que se refire ao traballo cos concellos da provincia.

No eido da actividade interna, é dicir, dentro da propia Deputación e dos centros dependentes dela, que é sen dúbida o que reporta o maior volume de traballo lingüístico, cómpre subliñar como balance o feito de que moitos departamentos están xa nun punto de plena implantación do idioma galego. Neste sentido, os servizos con contido máis técnico van máis lentos na renovación das actitudes lingüísticas.

Un avance de grande importancia nos resultados deuse na vida administrativa dos centros dependentes da Deputación de Lugo, tales son os casos do Museo Provincial e do Centro de Artesanía e Deseño de Galicia, que ten a súa sede na cidade e que foi creado ao abeiro dun convenio asinado hai anos entre esta Deputación e a Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

Estes centros, pola súa actividade de tipo cultural e de difusión, foron desde un comezo abertamente receptivos ao uso do idioma galego en todas as súas actividades, desenvolvendo ao tempo un amplo volume de traballo lingüístico debido ás numerosas actividades que realizan, así como polas temáticas variadas que abranguen. Digamos neste punto, por poñer un caso, que o Centro de Artesanía e Deseño de Galicia conta con departamentos dedicados ao campo da orientación laboral, ao téxtil, ás novas tecnoloxías, ás exposicións, ao deseño artístico, ao mundo do moble e da encadernación e conta cun obradoiro de instrumentos musicais con todo o labor de investigación, formación e estudo paralelos. Neste punto destacaremos os traballos publicados por prestixiosos historiadores galegos e estranxeiros sobre as reproducións levadas a cabo dos instrumentos musicais de corda da época medieval do Pazo de Xelmírez de Santiago.

Con todo isto queremos incidir en que o noso labor dinamizador e divulgador atopou nestes centros unha canle idónea para a normalización lingüística, proporcionándonos un volume de traballo e de experiencia altamente positivo e cunha repercusión sociolingüística moi estimable.

Tamén se debe salientar o labor desenvolvido, cun decisivo apoio institucional, no campo da formación. Neste sentido, e sempre coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, desde o ano 95 estanse a impartir cursos de idioma galego que, organizados pola área de formación da deputación, están dirixidos a todos os empregados públicos da provincia, cunha acollida de participación moi destacable. Comézase polos ciclos básicos con cursos de iniciación e perfeccionamento, completándoos actualmente xa cos de nivel medio de linguaxe administrativa.

Como análise final pódese afirmar que o avance en materia de normalización lingüística na Deputación de Lugo é considerable e notorio, e que á marxe das actividades cotiás de tradución, corrección e asesoramento, camíñase xa cara a un labor planificador e dinamizador, é dicir, que ademais de lle prestar unha atención fundamental a todo tipo de actividades "reactivas", estanse realizando, á súa vez, máis tarefas "activas". Desde o Gabinete son nestas últimas nas que actualmente se centra a maior atención e esforzo por ser un dos medios básicos de cara a alcanzar metas óptimas de dinamización lingüística para a implantación do idioma galego na vida administrativa.

EXPERIENCIA E ANÁLISE PROSPECTIVA DO GABINETE DE GALEGO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Elvira Fariñas Álvarez
Gabinete de Galego da Deputación de Ourense

1 DATA DE CONSTITUCIÓN

A Corporación Provincial, na sesión do 2 de marzo de 1990, adoptou o acordo de aprobar o proxecto-programa para a normalización lingüística da Deputación Provincial de Ourense, co obxectivo de impulsar de xeito progresivo o uso do galego, como lingua oral e escrita, no funcionamento diario da Deputación e nos demais organismos dependentes dela.

A proposta foi realizada pola Presidencia, recollendo o sentir dos demais grupos políticos. Hai que salientar que este proxecto-programa foi aprobado polo Pleno da Deputación por unanimidade dos vinte e catro membros corporativos presentes, sendo vinte e cinco o total da corporación.

O Gabinete de Galego comeza a funcionar, constituído como está hoxe en día, no ano 1993, aínda que en 1989 xa comezara o labor de formación dos funcionarios mediante cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega.

2 STATUS DO GABINETE DE GALEGO E DO PERSOAL QUE FIGURA Á SÚA FRONTE

Este departamento depende de Presidencia a través da Secretaría Xeral, que é a coordinadora.

Está formado polo seguinte persoal:

- a) Un coordinador, que é o secretario da Deputación.
- b) Unha tradutora, licenciada en filoloxía galego-portuguesa, con dedicación de xornada completa. Esta persoa ten un contrato de interinidade, xa que na actualidade o titular da praza, Felipe Ferreiro Feixó, está en excedencia. El é licenciado en filoloxía hispánica e galego-portuguesa. Accedeu a esta praza mediante concurso-oposición no ano 1997.
- c) Unha administrativa con xornada completa.
- d) Catro administrativas que prestan servizo en xornada de tarde, de luns a xoves, catro horas á semana cada unha.

Estas cinco traballadoras realizaron os cursos de especialización en linguaxe administrativa galega para funcionarios da administración local organizados pola EGAP, e tres realizaron o ciclo superior de galego na Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Para traballaren no Gabinete tiveron que superar unha proba selectiva sobre coñecemento de lingua galega e tratamento informático de textos.

3 MEDIOS COS QUE CONTA

O Gabinete de Galego está instalado nunha oficina do Pazo Provincial, que conta con todos os medios materiais necesarios para o desenvolvemento normal do traballo: ordenadores, impresoras, escáner, fax, internet, correo electrónico, material bibliográfico e mobiliario axeitado. En liñas xerais, o medio físico é o adecuado para realizar o traballo e sen ningún tipo de carencia, xa que calquera necesidade de material é inmediatamente atendida.

A Deputación habilita unha partida orzamentaria de financiamento para o Gabinete de Galego, xunto coa colaboración económica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e mais da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais a través do convenio que asinan cada ano.

4 PRINCIPAIS LIÑAS DE TRABALLO

a) Publicación diaria en galego do Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP), que consiste en traducir e corrixir todos os anuncios e realizar o tratamento informático preciso para envialos á imprenta provincial.

A publicación do BOP integramente en galego comezou no ano 1994. Temos que indicar que algunhas veces se publican anuncios en castelán porque van dirixidos a organismos de fóra da nosa comunidade autónoma. Isto é debido a que non é posible a dobre publicación en galego e en castelán, polo de agora, xa que o custo dunha das publicacións teríao que asumir integramente a Deputación.

b) Colaboración co Departamento de Publicacións, mediante a tradución ou corrección dos libros que publica en galego a Deputación.

c) Colaboración con todas as dependencias e organismos da Deputación para a corrección de textos, xa que o traballo da Administración se realiza integramente en galego.

d) Colaboración coas administracións locais (concellos e mancomunidades), proporcionándolles o apoio de asesoramento, tradución, corrección e formación.

e) Organización de cursos de nivel básico e medio de lingua galega para a Administración local.

f) Información e asesoramento lingüístico ás empresas e aos particulares que o soliciten.

5 ANÁLISE GLOBAL DA EXPERIENCIA

Pódese dicir, con seguridade, que a experiencia do proceso de normalización lingüística na Deputación Provincial de Ourense é totalmente satisfactoria, aínda que faltan cousas por facer.

Desde os primeiros pasos dados no ano 1989, cando uns poucos funcionarios realizaron os cursos de iniciación e perfeccionamento, ata o día de hoxe, a maior parte dos traballadores completaron a súa formación en lingua galega cos cursos de

especialización. Isto comporta un grande esforzo na súa formación, tanto persoal como económico, que está dando os froitos desexados: a vida administrativa da Deputación de Ourense realízase integramente en galego. Neste sentido temos que salientar o empeño persoal da Presidencia e dos demais órganos de goberno desta Deputación que, como indiquei máis arriba, xa no ano 1990 aprobaron un proxecto-programa de normalización e puxeron todos os medios necesarios para que se levase a cabo e se cumprisen todos os puntos do dito proxecto. Contamos, desde o principio, cun clima moi favorable para levar a cabo o proceso de normalización e calquera proposición realizada desde o departamento é tida en conta e posta en práctica, se é posible.

Cando se incorporou a tradutora á Deputación no ano 1993 atopouse con que xa había moito camiño andado polo traballo realizado polo anterior compañeiro, Felipe Ferreiro, que foi quen comezou o labor. O persoal xa estaba concienciado e era proclive a cambiar os seus hábitos de traballo, pasando de utilizar integramente o castelán en todos os ámbitos a escribir e falar en galego no seu traballo. No ano 1989 realizaron os primeiros cursos e a partir de finais do 90 iniciouse o proceso de tradución dos modelos e formularios para comezar a traballar xa definitivamente en galego. Foi un labor moi arduo e daquela os compoñentes do Gabinete, co asesoramento do tradutor, repartiron o traballo por negociados. Hai que ter en conta que esta tarefa tamén se realizou no Hospital Provincial, daquela dependente da Deputación.

Actuacións pendentes naquela época, como eran a informatización en galego, rotulación de vehículos, rotulación nas estradas, poboacións, obras, etcétera, hoxe están en pleno funcionamento. Mesmo para acceder a un posto de traballo na Deputación se esixe ter a correspondente formación en galego; nas oposicións hai unha proba de galego obrigatoria, aínda que non eliminatoria, por agora.

O noso logro máis importante é a publicación en galego do BOP, non sen moitas dificultades ao principio. Hai numerosas trabas por parte dalgúns organismos oficiais e dalgúns particulares cando se comeza a publicar en galego. Non obstante, por parte da maioría dos concellos todo foron facilidades, e mesmo se animaron eles a realizar o seu traballo en galego, comezando por enviar os anuncios para o BOP no noso idioma. Neste sentido, o proceso de normalización lingüística da Deputación influíu de maneira positiva no proceso de normalización dos concellos da provincia.

Séguese impartindo cursos de nivel básico e nivel medio de linguaxe administrativa, cunha moi boa aceptación por parte do persoal da Administración local da provincia, ás veces descentralizados polas vilas que os solicitan.

6 VALORACIÓN PROSPECTIVA DAS POSIBILIDADES DE ACTUACIÓN DAS DEPUTACIÓNS DENTRO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Deputación Provincial de Ourense, a través do Gabinete, ten como proxecto máis inmediato o de colaborar cos concellos aproveitando as novas tecnoloxías, como internet e o correo electrónico, para facilitarlles o traballo en galego. A través dun sistema en rede estaríamos todos conectados e calquera dúbida ou traballo urxente sería atendido ao momento.

Desde outra perspectiva, un dos proxectos que actualmente non se está levando a cabo é o da dinamización, xa que para isto sería necesario outro técnico que se dedicase en exclusiva ao labor cultural. Por agora só está previsto crear un premio para literatura escrita en galego, así como organizar congresos ou ciclos de conferencias.

Outra materia pendente é a presenza dun membro do Gabinete nos tribunais de oposicións da Deputación.

Con respecto ao sector privado, polo de agora o noso labor cos empresarios da provincia limitouse a prestarlles asesoramento cando eles o solicitaron, pero nun futuro pretendemos motivar o empresariado a través de cursos para empresarios, establecendo subvencións, etcétera.

En definitiva, a nosa intención é seguir realizando o traballo que desenvolvemos na actualidade e poder cumprir, polo menos, algúns destes obxectivos propostos, pero para isto hai que contar tamén coa colaboración futura das distintas administracións, sen o cal non sería posible.

O PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SANTIAGO

Manuel Portas Fernández

Socorro García Conde

Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago

1 POR QUE UN PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (PNL)?

Comezaremos polas evidencias: normalización, porque a lingua non está normalizada no país e ademais presenta un papel subalterno, isto é, alterna con outra lingua plenamente normalizada como é o español e nalgúns sectores, como pode ser o da mocidade, cada vez alterna menos pola expansión desta lingua vida de fóra. E tamén *subalterna* porque segue a estar por baixo nesas alternancias, xa que o problema non está só nas alternancias, senón tamén, e sobre todo, na súa ordenación.

É necesario un PNL porque desde o punto de vista ético-político, dialéctica e formalmente a través do contrato social que constituíu no seu día o noso programa de goberno como alternativa política que se presentaba ás eleccións no Concello de Santiago, a normalización do idioma é un obxectivo político básico e omnipresente nos documentos políticos do BNG. Ademais, tautoloxicamente, o BNG defende o monolingüismo social como obxectivo político e este obxectivo non se pode conseguir se non é a través dunhas actuacións meditadas, consensuadas coa sociedade e que progresivamente camiñen cara a esa dirección. Tense repetido con frecuencia que a normalización lingüística é un fin e tamén é un proceso. Con todo, hai que insistir no proceso, fundamentalmente, porque o que demostra a capacidade de movemento dunha sociedade é a súa capacidade para progresar, para que de maneira máis ou menos *progresiva* avance cara a eses obxectivos.

E, en todo caso, cómpre un PNL porque a normalización forma parte dun obxectivo político que figura por escrito no programa de goberno da coalición BNG-PSOE no Concello de Santiago.

Por outro lado, podemos aludir a unha obriga legal derivada do actual marco legislativo do que se dotaron as diferentes administracións (o Concello de Santiago, mais tamén a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia). Hai obrigas que derivan do marco constitucional que protexe as linguas minoritarias do Estado, da Lei de normalización lingüística e tamén da Lei de uso do galego polas entidades locais que, no seu momento, foi apoiada por unanimidade no Parlamento galego.

2 QUE DEBERÍA SER UN PNL DUN CONCELLO?

Para ben ser, tería que estar inspirado e inserido dentro dun marco moito máis amplo que debería de ser o Plan xeral de normalización lingüística de Galicia. Nese plan, que debería ser froito dun amplo consenso político e social, terían de aparecer explícitos os obxectivos, os ámbitos de actuación, as prioridades, os medios económicos e humanos e, loxicamente, os prazos: a periodicidade de cada unha desas actuacións que

deberían derivarse dese plan, independentemente da latitude xeográfica onde nos atopemos.

Un plan xeral de normalización debe ser harmónico no conxunto do país, debe establecer os mesmos obxectivos e os mesmos ámbitos de actuación mais non debe ser idéntico na execución desas actuacións, xa que a realidade sociolingüística é variada e contextos diferentes, tempos diferentes, piden medidas e estratexias diferentes, non contraditorias mais si diferentes.

A realidade actual da política lingüística en Galicia posúe, ao noso modo de ver, unha desestruturación absoluta. Para o conxunto de Galicia non existe ese documento marco onde se deberían inserir os plans locais de normalización dos distintos concellos nin dialogado nin sen dialogar, nin por decreto nin froito dun consenso. En segundo lugar, podemos falar da falta de cooperación estábel entre as distintas administracións operantes en Galicia. Si hai sobre o papel algúns órganos creados na Administración autonómica que ían ser os encargados de dirixir e planificar as actuacións en materia de política lingüística nos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, pero a súa parálise é absoluta fóra da presentación dalgúns libros. Alén disto, hai algúns convenios promovidos por algúns concellos que permitiron ata agora, se non unha cooperación estábel si unha coordinación das actuacións en materia de política lingüística, pero sempre nun período administrativo moi concreto. Continuamos á espera de que a Xunta de Galicia poña sobre a mesa un plan xeral sobre o que poidamos traballar.

3 COMO DEBEMOS ENTENDER UN PNL?

Malia esas deficiencias estruturais das que antes fixemos referencia, é evidente que un paso previo necesario é o coñecemento da realidade na que se pretende actuar. Loxicamente, antes de saber que imos facer temos que saber a quen e como está a sociedade á que pretendemos dirixirle unha política determinada. Este foi o motivo polo que a partir dos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, e con base nun deses convenios aos que antes aludiamos, se elaborou un estudo contratado polo Concello de Santiago á empresa *Cidadanía. Rede de aplicacións sociais*. A divulgación deste estudo fíxose inicialmente entre os membros das comisións elaboradoras e mais entre os representantes políticos do Concello e está incluído na web da Concellaría de Normalización Lingüística.

Este traballo pretende analizar máis en detalle do que podía facelo o mapa sociolingüístico galego, a situación sociolingüística do Concello de Santiago e constitúe o estudo previo sobre o que asentar o PNL. O traballo analiza como se estrutura a sociedade compostelá co fin de poder actuar sobre ela e, ao tempo, con ela. Estas análises previas, que houbo que realizar para conseguir que en determinados sectores os consellos fosen representativos, serviron tamén para que no momento en que puxemos en marcha a parte correspondente á elaboración do Plan puidésemos ter un pouco máis claro a maneira de intervir.

Desde logo, é transcendente en todo este proceso un diálogo político que trouxese consigo a implicación de todos os grupos da Corporación e, polo tanto, que o

PNL tivese o suficiente nivel de consenso como para que os diversos avatares dos procesos electorais non tombasen procesos acabados ou en fase de execución de períodos anteriores. Por iso, o Consello Municipal para a Normalización Lingüística foi sometido á consideración das tres forzas políticas e foi aprobado por unanimidade no Pleno da Corporación e arroupado con acendidos discursos dos distintos representantes políticos. E isto, alén das declaracións e actuacións que quedan no marco do politicamente correcto, supuxo un compromiso da Corporación municipal. Así, para determinar a posta en marcha do PNL había que deseñar, primeiro, os seus obxectivos xerais e aí era fundamental que estivesen representados os tres grupos políticos. Pois ben, alí estiveron presentes e polo tanto os obxectivos que posteriormente se levaron ao pleno do Consello para a Normalización Lingüística levaban o aval das tres forzas e, ao mesmo tempo, un certo compromiso de non votar en contra de algo no que se estivo participando activamente.

Polo tanto, este PNL é froito como vimos dun diálogo político e, sobre todo, dun gran pacto social. Se un PNL que se pretenda realizábel quere ter nunha parte importante dos seus obxectivos un mínimo de éxito, ten que partir dese diálogo social fundamental. A historia da política lingüística do noso país demostra que moitas das actuacións sectoriais ou xerais en materia de política lingüística foron rotundos fracasos porque se trataba de deseños perfectos para sociedades inexistentes, o cal evidenciaba un descoñecemento profundo da idiosincrasia particular de cada ámbito ou de cada sector.

Era moi importante que o Consello Municipal para a Normalización Lingüística se convertese nun órgano onde non só todo o mundo participase senón onde todo o mundo se comprometese. Por iso hai representantes dos diferentes sectores desde veciños ata representantes do mundo da empresa, pasando por representantes institucionais e incluso un representante da Xunta de Galicia.

Un sector que nos serviu de base e tamén de experiencia previa para a elaboración do PNL foi o da hostalaría. Podíamos deseñar un Plan moi bonito e rematalo nun prazo moi breve pero consideramos que era moito máis interesante xuntar todos os sectores actuantes no mundo da hostalaría para deseñar que tipo de política lingüística se podía facer, que tipo de actuacións en materia de política lingüística eran viábeis para conseguirmos avances reais e significativos e iso levounos case seis meses de traballo e reunións con representantes de asociacións de empresarios da hostalaría, empresarios a título individual, os centros de formación de hostalaría, representantes de entidades e institucións como a Dirección Xeral de Política Lingüística ou o propio Concello de Santiago. De aí saíu unha proposta, que é coa que se está nestes momentos a actuar e que está a dar resultados dunha forma progresiva e que xa se comeza percibir pola cidadanía. Hai outros sectores nos que tamén se están a elaborar propostas normalizadoras semellantes como, por exemplo, o do comercio.

Con todo isto evidénciase que todo proceso de normalización lingüística, e o PNL é un deles, ten que ser dinámico por principio. Cómpre evitar que un PNL se converta nunha presentación de tautoloxías que non poidan ser revisadas constantemente. Así, o PNL, que é un proceso, é tamén normalización activa.

Finalmente, cómpre reflexionarmos sobre que imos facer co PNL unha vez elaborado e rematado. É evidente que non queremos que se reduza a un documento publicado ben elaborado e que, se cadra, co tempo se converta nun produto para que

analistas intelectuais dentro dunha morea de anos estuden o que se pensaba sobre o proceso de normalización lingüística nesta época. O que se pretende é a execución do PNL, e para que isto teña lugar ten que estar apoiado e asumido polo Pleno da Corporación. Ademais, haberá que distinguir entre as competencias de carácter municipal para desenvolver as medidas que alí se deseñen para os distintos ámbitos e sectores, as actuacións que lles corresponden a outras administracións e, quizais as máis importantes, as actuacións que dependen da sociedade e das súas estruturas.

4 QUE É UN PNL DESDE O PUNTO DE VISTA TÉCNICO?

Para respondermos esta pregunta podemos recorrer á definición clásica de Isidor Marí¹: un programa de normalización é un instrumento que fixa uns obxectivos e executa unhas actuacións mediante uns recursos técnicos e económicos e uns responsábeis nun período de tempo para obter uns resultados relacionados co incremento, neste caso, do uso do galego.

Esta definición recolle todos os elementos necesarios –coincidentes con calquera planificación– para contar cun plan de normalización lingüística: fixar os obxectivos e as accións que os van concretar, dispor dos recursos necesarios, establecer unha periodización e seleccionar os axentes encargados de levar a cabo cada acción. Pero, con todo, non é máis ca unha definición e, polo tanto, demasiado condensada para aclararnos como debemos fixar os obxectivos ou que características deben ter as actuacións, quen é responsábel de cada unha, etc.

No presente caso, non se conta con moitas experiencias das que botar man. Non existe, por exemplo, unha planificación xeral para o país que nos sirva de guía –no sentido de modelo de traballo e tamén de directriz en canto a obxectivos– e non son aínda moitas as organizacións que elaboraran o seu propio PNL e que nos poidan orientar no camiño. Hai que comezar necesariamente consultando os PNL que existen noutras comunidades lingüísticas, e procurar documentación sobre plans xerais, sectoriais e de organizacións concretas, tendo sempre moi claro que nos imos mover nun marco moi distinto en canto á normativa legal, ás características sociolingüísticas da poboación ou mesmo á vontade política.

Xorde, xa que logo, a pregunta que todos nos facemos: como se fai? e, quizais, unha previa: para que nos vai valer? Estas preguntas foron en parte contestadas xa na primeira parte deste traballo pero agora pretendemos completalas en todo aquilo que atinxe a un servizo lingüístico e sempre referíndonos á nosa experiencia.

¹ Marí, I. (dir.) (1991): *PROGRAMA TIPUS: Com elaborar un programa de normalització lingüística en una organització*, Barcelona, Dirección General de Política Lingüística.

5 VANTAXES DE CONTAR CUN PNL

As vantaxes que podemos sinalar teñen moito que ver coa situación concreta do Concello de Santiago –o que foi a traxectoria das actuacións en materia de normalización do idioma– e coa filosofía con que se está a traballar. Tamén, por suposto, co que é unha planificación en si.

Daquela, poderíamos agrupar os beneficios que estamos xa a tirar deste proceso en tres grupos:

a) Racionalidade

Elaborar un PNL supón introducir hábitos de traballo planificado: deseñar as actuacións con base nuns obxectivos, ordenalas en función da súa prioridade, agrupalas e darlles coherencia, ser conscientes –no nivel técnico e no político– dos recursos existentes e, sobre todo, aclarar onde estamos e a onde queremos ir.

b) Proxección cara á cidadanía

O PNL pode significar o salto efectivo entre o traballo máis interno e a incidencia na sociedade porque supón a implicación da organización de xeito global. Nos casos máis favorábeis en que conseguimos superar a etapa de asesoramento lingüístico interno logramos achegarnos a determinados colectivos pero, habitualmente, a relación estableceuse entre o servizo lingüístico e a sociedade. O PNL fai que as liñas de acción non vaian só do servizo lingüístico aos sectores sociais –tendo en conta os medios con que contan os servizos lingüísticos, a eficacia destas actuacións é necesariamente moi limitada– senón que a organización no seu conxunto vai "emitir" a mesma mensaxe e converterse nun axente normalizador, por suposto con moita máis forza e amplitude na súa incidencia e aberta permanentemente e por moitas vías á sociedade.

c) Diálogo social

A elaboración do PNL significa poñer en marcha un proceso no que se impliquen moitos axentes que, na súa execución, van ser actores ou receptores, e facelo desde o seu deseño, é dicir, creando xa moitas das redes que van permitir alcanzar os obxectivos. Esta "vantaxe" deriva da concepción do PNL como proceso e non como produto que leva a implicar desde o primeiro momento aos representantes sociais máis interesantes.

6 OS AXENTES DO PROCESO

A responsabilidade última sobre a política de normalización é, evidentemente, dos órganos de goberno municipais, é dicir, da Alcaldía e do Pleno da Corporación en última instancia. No mandato actual no Concello de Santiago as competencias do alcalde nesta materia están delegadas nun concelleiro, o que permite un seguimento moito máis

detallado do traballo por parte da instancia política á que, en boa lóxica, lle corresponde ditar as directrices sobre as que debe actuar o servizo lingüístico e mesmo a administración municipal no seu conxunto en cuestión de usos lingüísticos e promoción do galego.

Sen esquecer esta responsabilidade política e cun espírito de diálogo, o Concello de Santiago creou un órgano consultivo de participación social no que discutir e acordar as liñas de traballo, o Consello Municipal de Normalización Lingüística, ao que se lle encomendou como tarefa fundamental a elaboración da proposta de PNL que, posteriormente, aprobará o Pleno da Corporación. Este Consello está xa formado por representantes de sectores diversos dentro do municipio. Organizacións de base dos ámbitos empresarial, cultural, veciñal, xuvenil ou lingüístico, sindicatos e institucións como a Universidade de Santiago ou a Dirección Xeral de Política Lingüística e os tres grupos políticos presentes na Corporación forman un órgano onde se recollen sensibilidades e responsabilidades diversas e que serve de base para a difusión social do PNL.

Ademais destes dous estratos –o Goberno municipal e o Consello de participación–, que se incluírían dalgunha maneira no ámbito político, o Concello conta cun servizo lingüístico encargado da execución técnica dos proxectos. A dotación de persoal deste servizo é, como na maioría dos casos, cativa polo que abordar a elaboración dun PNL en todas as súas dimensións excedía as posibilidades de traballo do Departamento de Lingua e requiría tamén a contribución de profesionais de áreas máis sociais que puidesen aplicarlle ao traballo técnicas que os lingüistas non dominamos. Con este fin, e tamén como continuación dun estudo sociolingüístico que se realizou durante o ano 2000, o Concello acordou contar cos servizos da empresa *Cidadanía*.

A súa achega non se limita ao traballo concreto de elaboración de documentos ou de contacto coas entidades implicadas senón que contribuíu de maneira decisiva a establecer a filosofía do PNL. Este tipo de empresas consultoras, das que existen máis exemplos no noso país, están a suplir dalgún xeito unha función que deberían realizar as propias institucións, de existiren hábitos de traballo distintos tanto na instancia política como na técnica. En calquera caso, *Cidadanía* non se limitou a propoñer un método de traballo para aplicar sobre uns obxectivos totalmente definidos senón que propuxo afondar na participación social ou no entendemento do PNL como un proceso.

Ata aquí teríamos os tres elementos responsábeis dunha ou doutra maneira na elaboración dun documento, se ese fose o obxectivo, pero para convertelo nun verdadeiro proceso, nunha verdadeira intervención social normalizadora, cumpría abrilo desde o deseño ata a execución a unha verdadeira participación de todos os receptores, destinatarios, interesados ou actores da política lingüística na sociedade compostelá: os auténticos axentes do proceso.

A contribución de *Cidadanía* foi fundamental neste punto e as súas propostas serviron de base para a creación de comisións de traballo de distinto tipo e con distinta implicación que, como unha rede social, fan posíbel comunicar os obxectivos da institución municipal cos obxectivos da sociedade nunha relación de múltiples direccións.

Dun ou doutro xeito o PNL está poñendo en contacto coa política lingüística municipal –tamén como actores no seu deseño, non só como receptores– a persoas e entidades moi diversas (ver o anexo 1 de desenvolvemento dos ámbitos de actuación):

- grupos políticos
- responsábeis dos departamentos municipais
- empresas municipais
- empresas concesionarias de servizos municipais
- traballadores doutras administracións
- produtores culturais
- asociacións veciñais
- institucións culturais
- asociacións culturais
- sociedades deportivas
- Universidade de Santiago de Compostela
- Cámara de Comercio
- Xunta de Galicia
- asociacións de consumidores
- sindicatos
- colexios profesionais
- asociacións empresariais
- medios de comunicación
- asociacións xuvenís
- asociacións de nais e pais
- entidades en prol do idioma
- centros de ensino
- consellos de participación sectorial
- movementos de renovación pedagóxica
- entidades relixiosas...

7 A FILOSOFÍA

Da definición que citamos ao principio do que é un PNL podería deducirse que do que se trata é de ter, ao final, un documento que guíe o traballo dos servizos lingüísticos. Esta concepción é, por suposto, a máis cómoda porque é moito máis doado planificar sen ter que debater obxectivos e accións con moita xente. É máis cómoda para o estamento político que inevitabelmente se vai atopar que na sociedade existen visións do problema do idioma moi distintas ou mesmo contrapostas, con entidades que lle esixen un ritmo máis acelerado e con outras que están en realidade freando o avance da lingua. Tamén é máis cómodo no nivel técnico –tanto para o servizo lingüístico como para a empresa consultora, de habela– porque se evita ter que concertar moitas xuntanzas, conseguir o interese de moitas persoas, xuntar, elaborar e transmitir moita información, concertar moitas propostas contraditorias, etc. Pero non debemos esquecer en ningún momento cal é o obxectivo último dun PNL, ou de calquera plan: que se

cumpra, cando menos, nunha boa parte. Para conseguilo é necesaria a implicación de moitas persoas e de moitas entidades que non se sentirán ilusionadas na execución de algo que non contribuíron a deseñar, ou mesmo que serán contrarias porque non recolle dalgunha forma a súa postura. Non é recomendábel, logo, agardar a que o documento estea rematado para comezar a contactar con quen vai estar "afectado" por el; é moito máis rendíbel aproveitar a súa participación no deseño para consensuar a súa implicación, para ir movendo vontades e para modificar actitudes ás veces non tan positivas. O PNL non é xa un "produto" senón un "proceso participado".

Por outra parte, é imposible que todo o que pode recoller un PNL sexa executado ou dependa unicamente dun servizo lingüístico. Como amosou é preciso reconverter o conxunto da organización, neste caso, do Concello, no axente normalizador. Non nos esquezamos que un concello está inmerso en múltiples redes e establece relacións coa cidadanía por vías e con motivos moi diversos. Cada unha desas relacións pode xogar a favor ou en contra do proceso de normalización do idioma e, desde logo, non sería moi coherente transmitirle á poboación un fondo interese por que utilice o galego na súa vida cotiá, e facelo con moita forza desde o servizo lingüístico, mentres que cando eses mesmos cidadáns se atopan coa Policía Local, acoden aos servizos económicos ou participan nunha actividade socioeducativa están a recibir unha mensaxe contraria. Esta falta de coherencia provoca efectos negativos sobre as mensaxes que desde os servizos lingüísticos queiramos transmitir. O PNL, polo tanto, debe procurar o maior consenso dentro da organización –nas instancias política e técnica– e entenderse como un proxecto de todos, do conxunto da institución, no que todos os participantes son tamén corresponsábeis: debe ser un plan transversal.

Daquela, o PNL crea unha relación de dobre sentido concello-sociedade/sociedade-concello, establecendo un intercambio entre o interese por promover o uso da lingua que pode ter a institución e as demandas que achega a sociedade que se concreta de dúas formas: marcando de maneira participada as liñas estratéxicas de actuación e alcanzando compromisos co proceso.

Na concepción clásica, agardaríamos un esquema unidireccional: o concello pretende aumentar na sociedade o uso da lingua e, para iso, planifica actuacións dirixidas a ela; a liña iría da institución á sociedade, e con máis frecuencia, dunha pequena parte desa institución –os responsábeis da política lingüística e os servizos de normalización–, sen moitas posibilidades de darlle a volta e que sexa a sociedade a que propoña e mesmo realice.

É xusto recoñecer que o papel de *Cidadanía* foi fundamental para entender o PNL tal e como o estamos facendo, como pode demostrar unha cita do proxecto que presentou esta empresa no seu día:

“Cidadanía comprende o PNL non como un mero documento tecnocrático que sinala os obxectivos da administración municipal senón como un proceso que ten vontade de dinamización galeguizadora na súa propia elaboración. A idea é que sendo moi relevante o "produto" plano, adquire gran relevo o "proceso" a través do cal a cidadanía participa no deseño e a sociedade se compromete cuns obxectivos que ela se marca”.

Catro serían logo as ideas sobre as que se fundamenta o noso PNL: PLANIFICACIÓN, PROCESO, PARTICIPACIÓN e TRANSVERSALIDADE.

8 COMO SE FAI?

O PNL do Concello de Santiago arrinca realmente do estudo sociolingüístico que se realizou durante o ano 2000 e que permitiu iniciar os contactos con moitas das entidades que agora están a participar. Este mesmo estudo serve tamén de base para coñecer a situación de partida tanto no que se refire a cuestións puramente sociolingüísticas como tamén ás posibilidades de participación e colaboración nos distintos ámbitos sociais.

O Consello Municipal de Normalización Lingüística iniciou o proceso coñecendo tamén outros plans e, de maneira especial, o da Universidade de Santiago, sobre todo en canto ao proceso de elaboración. Inicialmente fixou os obxectivos xerais, abertos ás modificacións que poidan xurdir do proceso posterior. Eses obxectivos son moi xerais porque teñen que recoller todas as sensibilidades e non pretenden máis que ser o marco, pero van ser concretados para cada ámbito de maneira moito máis específica e operativa.

O paso seguinte foi concretar os ámbitos de actuación que, no caso dunha administración municipal con competencias cada día en máis materias e que non renuncia, ademais, a exercer algún tipo de influencia normalizadora en toda a sociedade compostelá, foi abondo complicado e deu como resultado unha relación de sectores e subsectores moi ampla e detallada. Como nos sinalaba no seu día un dos membros do Consello, o responsábel do Servizo de Normalización da Universidade de Santiago, Manuel Carlos Núñez Singala, a fixación dos ámbitos é un dos pasos fundamentais para garantir que nada do que debe estar queda fóra do PNL, polo que o verdadeiramente importante non é tanto responder a ningunha clasificación formal moi rigorosa como chegar a un consenso sobre ata onde quere chegar a planificación (ver o anexo 1 deste traballo sobre a distribución de ámbitos do PNL do Concello de Santiago). Por suposto, a distribución en ámbitos debe facerse sobre un coñecemento o máis exhaustivo posíbel da realidade social na que nos movemos: redes, entidades, institucións, poboación, etc., para o que se debe contar, na comisión que os discuta, con persoas coñecedoras desa realidade e con documentación complementaria na que se recollan datos útiles (guías, estatísticas, relacións de entidades, etc.).

Estes dous primeiros pasos do PNL foron aprobados no Consello Municipal de Normalización Lingüística e serviron de base para que *Cidadanía* elaborase un proxecto de traballo no que se trata cada un dos ámbitos tendo en conta a súa diferente importancia e as posibilidades de achegarse a eles.

Propuxeron, ademais, a utilización de técnicas distintas, segundo o maior ou menor "grao de vertebración social" do ámbito en cuestión e do peso que debería ter no proceso de normalización lingüística:

a) *Grupos de participación sectorial* (GPS): creados para os ámbitos que deben ter moita incidencia no deseño de obxectivos e medidas e na súa responsabilidade sobre

o proceso de normalización da lingua (administración local, ensino-mocidade, socioeconómico e cultural). Recollen na súa composición as persoas que representan dentro do Consello Municipal de Normalización ás entidades directamente relacionadas con cada ámbito e, ademais, outras entidades ou persoas que, sen pertenceren a este órgano, son especialmente relevantes e están dispostas a se implicaren directamente.

b) *Foros*: créanse nos casos en que o peso do sector no PNL non fai necesaria a creación dun GPS –que ten unha duración máis prolongada– pero si aconsella intercambiar as propostas cos axentes máis relevantes (medios de comunicación).

c) *Encontros*: cando se trata dun sector organizado e cando se poden establecer interlocutores que, porén, entre si non teñen moito que ver (colexios profesionais, organización relixiosas, sociedades e clubs deportivos...).

d) *Focus group*: recórrese a esta técnica cando o sector, para os efectos do PNL, está desvertebrado e non contamos cun interlocutor unitario, polo que ten que construírse sobre diversas persoas significativas dese ámbito.

Con estas catro fórmulas procúranse os obxectivos seguintes:

a) Reflexionar de maneira conxunta sobre a situación do galego no sector para chegar a un consenso sobre as oportunidades e resistencias que cómpre ter en conta.

b) Abrir o PNL á base social do sector.

c) Canalizar as demandas e as propostas.

d) Elaborar un borrador de obxectivos e de liñas estratéxicas para o sector.

O traballo de *Cidadanía*, encargada de poñer en marcha e dinamizar cada un destes grupos, consiste tamén en recoller e elaborar as propostas que van xurdindo ata chegar a un documento final equilibrado que volverá ao Consello Municipal de Normalización Lingüística para o seu debate conxunto.

9 OS GRUPOS DE PARTICIPACIÓN

Son catro os grupos de participación sectorial (GPS) que se crean e, como fórmula empregada para a participación social no deseño do PNL nos ámbitos de maior peso, escollémolos como exemplo que nos vai servir para explicar con algo máis de detalle o proceso.

Catro GPS para os catro ámbitos que, de acordo cos obxectivos do goberno municipal, cos estudos sociolingüísticos con que contamos e cos diferentes graos de responsabilidade na execución do PNL, deben ter maior peso: a administración municipal, o mundo do ensino e da mocidade, o ámbito cultural e o socioeconómico.

Para seleccionar as persoas que debían formar parte de cada un destes grupos partiuse dunha proposta de *Cidadanía* que foi contrastada tanto no propio Consello Municipal de Normalización Lingüística como con distintos responsábeis políticos e persoas que coñecen a realidade sobre a que pretendiamos intervir. Tivemos en conta tamén que, para un correcto funcionamento dos grupos, o número de persoas que debían

formar parte deles non podía ser moi amplo –non máis alá de quince persoas– e que a súa participación debía ser voluntaria, non entendida só como unha obriga. Escolléronse tamén persoas que recollesen, a poder ser, as distintas sensibilidades lingüísticas presentes no ámbito e procurouse fuxir de criterios formalistas de representación.

Pódenos servir de exemplo o GPS da Administración local para o que se buscou incluír traballadores e responsábeis municipais de distintas áreas, respondendo, ademais de aos criterios anteriores, á súa maior relación cos cidadáns, á cantidade de persoal que incluían e á incidencia que podían ter á hora de servir de modelo ou crear rutinas dentro da Administración. Con todos estes criterios, o resultado foi o seguinte:

- concelleiro de Normalización Lingüística (Grupo do BNG)
- concelleiro de Réxime Interior (Grupo Socialista)
- representante do Grupo Popular, membro do CMNL
- presidente da Xunta de Persoal

Responsábeis das unidades seguintes:

- Policía Local
- Persoal
- Tesouraría
- Urbanismo
- Servizos
- Servizos Sociais
- Atención ao Cidadán
- Lingua Galega

Este grupo, coma os outros tres, tiña previstas seis xuntanzas cun programa de traballo para cada unha delas. Logo de explicar o papel que debe cumprir o grupo (obxectivos, lóxica de funcionamento, membros...), propúxose a elaboración dun diagnóstico coa técnica DAFO (detección de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) sobre o que logo reflexionar, tendo en conta tamén os datos do *Estudo-diagnóstico da situación da lingua galega no Concello de Santiago*, e chegar a conclusións comúns sobre a situación de partida, as oportunidades de actuación e as resistencias que existen.

Logo destes pasos iniciais, que se deron nas dúas primeiras xuntanzas do grupo, pásase a establecer obxectivos xerais do sector e a delimitar as áreas estratéxicas en que cómpre actuar. O proceso aquí debe abrirse, a través dos membros do GPS a outras persoas do seu ámbito, tentando recoller da maneira máis ampla todas as demandas e propostas. Toda esta información recollida individualmente debe poñerse en común para definir conxuntamente os obxectivos en cada unha das áreas estratéxicas e as liñas de acción. E, finalmente, unha vez que o Consello Municipal de Normalización ratifica a proposta, o GPS volve ter a oportunidade de coñecer e opinar sobre o resultado, achegando tamén ideas para a súa posta en práctica.

Ao final deste proceso deberíamos ter aprobados e asumidos os obxectivos operativos para os vindeiros anos, as medidas para alcanzalos ordenadas en función da súa prioridade, os recursos e compromisos necesarios dentro e fóra do Concello, os prazos de execución e os indicadores e procedementos de avaliación fixados.

10 PROBLEMAS DO PROCESO

10.1 *Asunción da política real*

O nivel de decisión política non é totalmente unitario e non "emite" unha única mensaxe. Decídese facer un PNL pero esa decisión non está totalmente asumida por todos os "decisores" políticos e non se entende tampouco da mesma maneira. Xorden dúbidas sobre a conveniencia de poñer en marcha este proceso nun único concello cando non existe unha planificación global: estamos facéndolle o traballo á Xunta de Galicia?, que efectividade real pode ter un PNL nun único concello?, estémonos metendo en terreos sobre os que non temos competencia?, estamos abrindo expectativas que non imos poder responder?, canto vai custar?, canto tempo temos que dedicar?, que atrancos van xurdir?...

10.2 *Participación*

A participación e o interese con que se participa no proceso, tanto por parte dos políticos como dos representantes sociais ou mesmo do persoal municipal, depende en gran medida da importancia e da prioridade que se lle dea á elaboración do PNL. Evidentemente, non é unha cuestión prioritaria para case ninguén, co que se producen descompasamentos entre a implicación e a demanda de representantes de determinados sectores sociais e a doutros, mesmo no caso dos representantes políticos do propio Concello. Todo isto provoca dificultades para garantir a asistencia ás reunións ou a apertura do proxecto á sociedade.

10.3 *Diferenzas de concepción*

Encaixar distintas perspectivas é complexo e pode crear frustracións. É evidente que os obxectivos e o ritmo que lle aplicarían ao proceso de normalización é moi distinto no caso da Dirección Xeral de Política Lingüística ou da Asociación de Comerciantes de Compostela ca no da Mesa pola Normalización Lingüística ou da Confederación Intersindical Galega. O PNL ten que conseguir un consenso entre todas estas perspectivas.

10.4 *Prazos*

O plan de traballo elaborábase e periodízase pero nunca se cumpre tal cal: son moitos os axentes, son moitos os trámites, son moitas as dificultades –ás veces de cuestións moi a ras do chan– que impiden respectar os prazos que nos fixamos.

10.5 Tendencia á representación formal

Os membros dos distintos GPS non foron seleccionados exclusivamente por seren os representantes formais do sector senón que se mesturaron criterios –características sociolingüísticas, interese polo proceso, coñecemento do medio, incidencia social...–; porén, nalgúns casos atopámonos con que isto non era entendido correctamente e había dificultades para contar coas persoas máis axeitadas en canto a implicación e interese.

10.6 Falta de hábito deste tipo de actuacións

Estamos afeitos a que nos dean unha proposta elaborada que poidamos avaliar criticándoa positiva ou negativamente. Agardamos sempre que a institución nos dea a súa proposta e que os responsábeis concretos nos fagan o traballo -“vós que sabedes máis traédenos un documento para discutilo”. Pero neste caso o que estamos intentando é que a proposta a elaborem entre todos. As dificultades xorden, por exemplo, á hora de conseguir que a xente participe abertamente en reunións moi plurais, que manifeste sinceramente as súas opinións ou que estea afeita a concretar as súas ideas traballando con técnicas que ás veces non coñece.

10.7 O PNL como un conxunto de medidas

En moitos casos os participantes non veñen preparados para reflexionar conxuntamente senón para propoñer medidas concretas que se vaian sumando. O PNL non pode ser un listado de campañas ou programas para realizar senón que ten que ser un todo coherente e estruturado en liñas de actuación con criterios de avaliación en función dos obxectivos. O PNL non é o programa de traballo do departamento de normalización, é un compromiso de todos.

10.8 Pouca adecuación dos medios dispoñíbeis

Os medios de que dispoñemos –persoal, espazos, orzamento, ferramentas de traballo...– son xa moi escasos para afrontar o labor diario do Departamento de Lingua Galega, que non se para nin se debe parar mentres se está a elaborar o PNL. Se temos en conta que o DLG debería participar directamente en todos os grupos de traballo, e tendo só en conta o número de xuntanzas de cada GPS, podémonos facer unha idea do traballo que supón e do esforzo que significa a elaboración, o cal aumentará moitísimo cando se trate de executalo.

11 CONCLUSIÓN

Rematado este laborioso proceso, o mesmo Consello Municipal de Normalización Lingüística aprobou nunha sesión plenaria o seu plan de normalización. A partir de aí, abrímolos a institucións e asociacións que tiñan que ver co ámbito do idioma. Posteriormente entrou xa a debate e a aprobación na Comisión Informativa e no Pleno do Concello. Débese indicar que, antes de comezar a súa execución, houbo unha proposta ao director xeral de Política Lingüística para que o plan de normalización lingüística do Concello de Santiago se convertese en plan piloto do plan de normalización da lingua galega. Isto acontece porque entende o Concello de Santiago que o plan dun concello debe estar integrado e coordinado cun plan a nivel nacional, porque non se debe ser unha illa, non se debe facer un proceso á parte do conxunto do país. Sería lóxico que a participación dunha institución de menor entidade que a da propia Xunta de Galicia fose tida en conta e que se colaborase en ambos os dous sentidos, de arriba a abaixo e de abaixo a arriba. Deste xeito poderíase ver se os plans propostos, tal como están deseñados, dan froitos ou non.

O TRADUTOR AUTOMÁTICO ES-GA¹

M^a Liliana Martínez Calvo
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

INTRODUCCIÓN

Por ES-GA debemos identificar un sistema de Tradución Automática (en diante TA) baseado nas regras de transferencia. No entanto, antes de continuar amosando as características deste sistema queremos facer unha pequena introdución para aqueles que se achegan á TA por primeira vez.

Por TA entendemos unha tecnoloxía informática que posibilita a tradución dun texto dunha lingua A (neste caso, o castelán) a unha lingua B (o galego). Cal é a orientación destes sistemas de tradución? A TA cobra sentido cando manexamos un volume de textos técnicos considerable que precisamos traducir con calidade e rapidez. Hai distintos sistemas de TA. Quizais os máis coñecidos, porque os atopamos nalgunhas páxinas de internet, son aqueles que ofrecen unha tradución palabra a palabra e posteriormente fan unha reordenación das palabras na lingua á que se pretende traducir. Logo temos aqueloutros sistemas que, valéndose de distintas técnicas de enxeñaría lingüística, realizan unha análise morfolóxica, sintáctica e, mesmo, semántica da lingua de orixe (LO) para poder crear a lingua meta (LM); dentro deste tipo de sistemas é onde atoparíamos o ES-GA.

1 O ES-GA, SISTEMA DE TA APLICADO AO GALEGO

A sociedade do século XXI é a sociedade da información. Calquera lingua que aspire a sobrevivir nestas novas circunstancias ten que facer o posible por se incorporar ás novas tecnoloxías. Se nos atopamos cunha lingua minorizada, como é o caso do galego, cómpre dotala de todas as ferramentas para poder facela competir en igualdade de condicións ante as linguas máis potentes como poden ser o castelán ou o inglés.

Neste marco temos que situar a necesidade de termos un sistema de TA. Debemos ser quen de recibir textos doutras linguas para pasalos ao galego e viceversa cun certo carácter inmediato. Ademais, o crecemento de internet e o continuo intercambio de información que as novas tecnoloxías demandan supón que, en ocasións, non poidamos recorrer a un tradutor humano, ou mesmo que o volume para traducir sexa tal que atrasase en exceso o proceso de obtención do texto en galego. É aquí onde toma sentido a TA e, en concreto, o ES-GA.

¹ O ES-GA é un sistema de Tradución Automática, non un tradutor; con todo, mantemos o título xa que foi o que nos propuxo a organización dos Encontros.

2 CARACTERÍSTICAS DO ES-GA

O ES-GA é un proxecto desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP) dende finais de 1998 e dirixido por Guillermo Rojo, responsable da Sección de Lingüística do centro, en colaboración coa empresa catalá Incyta, a cal se insire, á súa vez, en Sail Labs S.L. Dende o comezo contouse cun equipo humano² formado por tres persoas traballando a tempo completo, unha delas dedicada á formalización das diferentes gramáticas e as outras dúas dedicadas á elaboración dos distintos lexicóns.

O sistema é herdeiro do primixenio *METAL*³ e baséase nos sistemas de transferencia, inda que hoxe está superado e adaptado ás realidades concretas do catalán e do galego. Funciona dende estacións de traballo *Sun OS* co sistema operativo *Sun Solaris*. Temos dúas opcións de traballo: ou ben dende unha rede local, ou ben vía internet seguindo unha configuración cliente-servidor.

O sistema dispón de diversos compoñentes lingüísticos e posúe tres dicionarios: un monolingüe castelán que recolle información morfolóxica, sintáctica e semántica de cada termo e que contén 50 000 palabras; un dicionario bilingüe castelán-galego de 45 000 termos no que cada termo castelán ten o seu equivalente galego (cando existe máis dunha correspondencia segundo os contextos, deseñamos un segundo vocabulario bilingüe que se denomina *Léxico de Test*. Este indícalle ao sistema como discriminar se ten que optar por un termo ou por outro segundo a información lingüística que proporcionan os termos próximos); e por último, un dicionario monolingüe galego que ten 45 000 entradas, con información morfosintáctica e semántica.

Para facer as análises diferentes que precisamos, implementáronse distintas clases de gramáticas: unha delas posibilita a *análise*⁴ da estrutura sintáctica da frase castelá; outra, de *transferencia* (de aí o nome do sistema) converte as estruturas lingüísticas do castelán en estruturas propias do galego; e, por último, unha gramática de *xeración*, con 7 500 liñas de codificación escritas en linguaxe de programación LISP, determina a estrutura final en galego.

3 COMO FUNCIONA O ES-GA

Para vermos como é o funcionamento deste sistema de TA, debemos atender a tres fases de traballo graduais e fundamentais.

O proceso de *preedición* resulta importante porque a calidade do texto que recibamos incide directamente na da tradución obtida. O noso sistema admite textos electrónicos en tres formatos: só texto, RTF ou HTML. Para poder rendibilizar ao

² Os investigadores que participaron ao longo deste tempo foron Inés Diz Gamallo, Xoán Carlos Rodríguez, Cristina Blanco, Fernando Castro, Xosé Antón Rodríguez, Elena Villar, Antonio Sayáns e Liliana Martínez.

³ Sistema de TA introducido no mercado pola empresa alemá Siemens en 1989 para a tradución de textos do alemán ao inglés.

⁴ Esta foi cedida pola empresa Incyta, posto que a desenvolvera para o seu sistema español-catalán.

máximo o sistema é moi importante que o texto sexa correcto e que non conteña grallas, porque, entre outras cousas, non posúe un detector de erros de escaneado. A máquina analiza lingua ortograficamente correcta, se hai faltas non vai ser quen de facer a análise e a posterior tradución pero non será culpa do sistema senón da calidade do texto de entrada.

No *procesado* do texto atopamos distintas fases consecutivas. O primeiro paso que dá o sistema é deformatar o texto entrante e segmentalo en oracións facendo unha análise morfolóxica e tamén semántica. Posteriormente, realiza unha análise sintáctica ascendente da frase. Mediante o cotexo das gramáticas do castelán e do galego transfírese o texto castelán ao galego. Por último, valéndose da gramática de xeración, créase a lingua meta (o galego), culminando o proceso co reformatado do texto.

O último paso é a *postedición* do texto. A figura do *posteditor* é fundamental para o óptimo funcionamento do sistema, ademais de ser o factor humano necesario dentro de todo este proceso. Este non ten necesidade de traballar directamente sobre o sistema senón que, dende un ordenador persoal en rede, pode levar a cabo o seu labor.

O posteditor, unha vez preeditado o texto, corrixido e verificados os formatos, só ten que introducilo na cola de entrada do sistema por medio dun explorador de Windows[®].

Agardará a que o propio sistema devolva a versión en galego (aparecerá coa extensión –gal). O tempo que lle leve non será moito e sempre dependerá da extensión do texto para traducir. Así e todo, a día de hoxe⁵ o ES-GA traduce folio por minuto, deste xeito é quen de traducir a edición dixital de *El País*⁶ en pouco máis dunha hora.

Unha vez traducido o texto, o que debe facer é ir á cola de saída onde recollerá a tradución que levará para o directorio de traballo. Dende un procesador de texto comercial cunha barra de ferramentas complementaria comezará o labor de postedición. O sistema ten unha serie de aplicacións que permiten que o texto conteña unha serie de marcas para facilitar a corrección. Deste modo, visualizamos en distintas cores erros de tipo gramatical, a posibilidade dunha tradución equivocada dun nome propio ou falta de vocabulario nos diferentes dicionarios. Así, o sistema é quen de advertir erros de tradución de estruturas de relativo con *cuyo*, problemas de interpretación de complementos indirectos do castelán que resultan directos en galego, alerta de posibles contraccións incorrectas dos pronomes de complemento directo e indirecto de terceira persoa: *llo/llelo...* A máquina, algunhas veces, dá nos dúas opcións para que escolla o posteditor, tamén indica a revisión da tradución dalgún tempo verbal. Do mesmo xeito, ao sistema tamén se lle pode indicar que manexa linguaxes específicas e, en concreto, pode traballar coa linguaxe administrativa, estando na man do posteditor se quere barallar estas opcións. Vexamos todo isto en exemplos concretos.

A continuación amosamos un texto en formato RTF con marcas para a corrección tirado da edición dixital de *El País*, do 22 de outubro de 2001. En amarelo indícase a posible tradución dun nome propio, sinalará todo termo que atope en maiúscula e que poida estar rexistrado nos lexicóns, de aí que se sinale tanto “luns” coma “Real Madrid” (véxase o texto). Tamén nesta cor marcará os erros gramaticais do

⁵ Estamos a falar de outubro de 2001.

⁶ <http://www.elpais.es> [visitada: 22-X-01].

tipo que xa mencionamos. A falta dalgún termo nos distintos dicionarios advírtese con tres cores: a azul para as lagoas no monolingüe castelán, a marrón para as do monolingüe galego e a verde para as do bilingüe. Do mesmo modo, se o sistema non é capaz de resolver un test, porque o contexto e a análise non é suficiente para facer unha escolla, opta por ofrecer os dous termos que acaen na frase para que o posteditor escolla cá é o aceptado. Neste exemplo, véxase o caso de “duelo” e “dó”.

Luns, 22 de outubro de 2001 Pantalla completa
Cerrar pantalla completa

O Madrid perde de vista a Liga

O equipo de Do Bosque pagou fronte ó Celta a crise de Figo e a banalidade de McManaman


SANTIAGO SEGUROLA | Madrid

A Liga como meta ten cada vez menos sentido para o Real madrid, que non atopa o xeito de gañar un partido. Puido facelo fronte ó Celta nun duelo {dó} que perdeu rango no segundo tempo. Ó notable xogo da primeira parte seguiu unha segunda trabada e sen claridade en ningún dos dous equipos. No Celta porque desestimou a posibilidade de leva-la victoria; no Madrid porque dende hai tempo non ten desbordamento polos lados. Tampouco o axudou algunha decisión máis que discutible de Do Bosque. Sorprende a substitución de Guti por Munitis cando se necesitaban xogadores de verdade para soste-lo equipo. McManaman, por exemplo, non axudara nada. Abeirado polo paraugas de Roberto Carlos, McManaman ofreceu un monumento á insustancialidad, con moito traslado e sen acometer ningún risco. Foi o típico caso de futbolista superado polas necesidades do partido, e por iso estrañou a confianza que lle depositou o adestrador.

Con McManaman, o Madrid non tivo desbordamento pola esquerda. Tampouco o tivo pola dereita, onde Figo non é nin por asomo o xogador intrépido e desestabilizador doutros tempos. Juanfran desactivouille con tanta facilidade que a xente comezou a preguntarse polo abatemento do extremo portugués. Tivo sorte de saír limpo dun caneo no primeiro tempo e cruzar un zurdazo contra o longueiro. Foron as únicas noticias de Figo no partido, pero a xogada púxolle no escaparate.

Fóra diso, Figo parece pesado, sen posibilidade de aceleración e cun punto de angustia, coma se fose cada vez máis consciente de que algo lle sucede. O que proba a súa ausencia é precisamente a súa importancia no Madrid, capital polo que pareceu a última tempada. Sen o seu concurso, o equipo é menos fero, máis predicible e moito máis controlable. Ademais obsérvanse consecuencias engadidas: Raúl, que atopara un excelente socio no portugués, parece un tanto perplexo, á busca de alguén que lle entenda, dun xogador que interprete o seu apetito na área. Así

Do mesmo día presentamos un artigo en formato HTML. Neste formato non temos a posibilidade de termos marcas de postedición polo de agora, xa que, en principio, a opción de traballo maioritaria sería elaborar un documento de texto, traducilo e pasalo a formato HTML.



4 AS POSIBLES APLICACIÓNS DO ES-GA

Este sistema de tradución automática é apropiado para grandes empresas, axencias de tradución e de prensa, xornais e organismos oficiais que teñan unha demanda crecente de documentación multilingüe que cumpra ser traducida nun curto espazo de tempo.

En principio, un cliente potencial podería ser a propia Administración pública dado que ten que dar resposta a innumerables demandas de tradución de textos de carácter técnico, así como tamén sería o organismo capaz de asumir o custo que supón este sistema. Por outra banda, ten a capacidade para ofertalo vía internet dende unha páxina que se elaboraría para este fin. Dese modo, a sección correspondente podería ofrecer unha tradución individualizada a quen o demandase; todo aquel que quixese ter a súa documentación en galego tería a oportunidade de satisfacer o seu desexo dun xeito rápido e sinxelo.

O OBSERVATORIO DE NEOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Xosé María Gómez Clemente
Universidade de Vigo

INTRODUCCIÓN

O proxecto do Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo xurdiu co obxectivo de avaliar a vitalidade da lingua galega, por medio da análise dos procedementos de creación de novas unidades léxicas, nun momento en que a codificación léxica estaba avanzada e a lingua tiña unhas canles de expresión escrita diaria que permitían ver, con sistematicidade, os usos reais do idioma. A necesidade de recoller dunha maneira sistemática aquelas unidades consideradas neoloxismos estaba xustificada tamén polo feito de ser necesario analizar as tendencias xerais na creación do léxico galego, para ver as súas dependencias doutras linguas e para identificar as áreas onde se necesita unha neoloxía planificada.

O Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo, coordinado por Alexandre Rodríguez Guerra e por min (e mais por Raúl Araya Tauler ata o ano 2000), está vinculado ao Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Facultade de Filoloxía e Tradución e naceu como grupo de investigación no ano 1998. Co código de grupo FG2 e os códigos da Unesco 570599, 570504, 570106, 570199, dende o ano 1999 ata a actualidade o proxecto recibe financiamento da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia¹.

1 OBXECTIVOS

Os obxectivos básicos son os que aparecen nos seguintes puntos:

a) Dispoñer dun corpus de neoloxía da prensa en galego. Actualmente cóntase cunha base de datos que contén as ocorrencias de 8484 fichas². Corresponden ao baleirado de textos galegos de aparición periódica (diaria, semanal ou mensual) entre 1997-2001. A distribución de fichas por anos é a seguinte:

¹ No mes de novembro do ano 2001 o Observatorio solicitou formalmente a súa presenza en Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía) como membro institucional.

² Estes datos están tirados do artigo titulado “Neoloxismos na prensa galega” da autoría de Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé María Gómez Clemente (2000).

Ano	Candidatos a neoloxismos
1997	1029
1998	1652
1999	1645
2000	2844
2001	1314 ³
Total	8484

b) Facer unha descrición e análise dos recursos e procedementos que emprega o galego da prensa para actualizar o seu léxico.

c) Darlles publicidade aos resultados derivados do estudo da base de datos do Proxecto de Neoloxía.

d) Elaborar un dicionario de neoloxismos.⁴

e) Contribuír, na medida das nosas posibilidades, á actualización do léxico contido en dicionarios galegos de lingua xeral

f) Elaborar o material de base que facilite o labor de normalización dos neoloxismos, tarefa asignada ás institucións con capacidade normativa.

2 METODOLOXÍA

Partimos da definición clásica de neoloxismo dada por Cabré (1993: 444), “o neoloxismo pódese definir como unha unidade léxica de formación recente, unha acepción nova dun termo xa existente ou, finalmente, un termo emprestado hai pouco dun sistema lingüístico estranxeiro”, e Boulanger (1989: 202) “[o neoloxismo é o] resultado tanxible da operación de produción lingüística inédita [...], é dicir, a unidade nova capaz de encher cada baleiro detectado introducíndose no uso corrente ou socioprofesional”. Entendemos por “neoloxismo lexicográfico” calquera unidade léxica, principalmente de nova creación, que non aparece recollida nos dicionarios e que se rexistra nunha determinada lingua, tanto por creación autóctona coma por préstamo ou calco.

A nosa metodoloxía baséase nos principios teóricos da investigación neolóxica (cf. Cabré 1993) e na experiencia práctica de centros como o *Observatori de Neologia* do Institut Universitari de Lingüística Aplicada da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona (Observatori de Neologia 1998; Cabré *et alii* 1998).

2.1 Fase de baleirado

³ Ata finais de outubro de 2001.

⁴ López Fernández, S. [et al.] (2005): *Novas palabras galegas : repertorio de creacións léxicas rexistradas na prensa e internet*. Vigo, Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Nunha primeira etapa, cómpre identificar os neoloxismos en textos de prensa e, para isto, faise un baleirado o máis sistemático posible das seguintes publicacións:

- a) *O Correo Galego* (OCG)
- b) *Tempos Novos* (TN)
- c) *A Nosa Terra* (ANT)

A publicación máis representada é *O Correo Galego*, da que se recolle aproximadamente o 63% dos exemplos. Séguena en importancia a revista *Tempos novos* e o semanario *A Nosa Terra*.

2.1.1 O criterio lexicográfico

Séguese o criterio da comprobación sistemática da aparición da unidade léxica nunha serie de dicionarios. A recollida de neoloxismos lexicográficos, aqueles que non aparecen rexistrados nos dicionarios do corpus de exclusión definido, permítenos ver como funciona o léxico nos textos de gran difusión e, asemade, tamén nos facilita información sobre os criterios que rexen na confección das obras lexicográficas.

O criterio de exclusión lexicográfica ten unha serie de vantaxes:

a) Obxectividade na obtención dos datos. Sabemos que o criterio lexicográfico é de doada aplicación e produce uns resultados que teñen un grao medio-alto de fiabilidade. Os outros criterios de identificación posibles, o *diacrónico* (comprobación da data de aparición dunha palabra nun dicionario ou nun corpus textual) e o *psicolóxico* (avaliación do sentimento “neolóxico” que un grupo de persoas teñen sobre unha determinada unidade léxica), son moi difíciles de aplicar xa que non posuímos marcas temporais nos dicionarios galegos, nin un corpus textual amplo (polo menos ao dispor do público) e tampouco sería factible facer enquisas a un número significativo de usuarios da lingua para nos daren a súa opinión sobre un determinado candidato a neoloxismo. Con todo, estes dous criterios deben estar sempre presentes para corrixir as eivas do uso do dicionario.

b) Avaliación da extensión das solucións normativas. Unha análise das unidades léxicas que aparecen na prensa leva á avaliación da extensión das solucións normativas codificadas ao longo dos últimos anos porque se poden comparar coas palabras que se usan realmente e que son recollidas por non cumpriren o criterio de exclusión lexicográfica.

Somos conscientes, non obstante, de que o criterio lexicográfico causa unha serie de problemas (Corbeil 1971: 135-136). Así, o feito de non podermos manexar obras lexicográficas exhaustivas motiva a inclusión como candidatos a neoloxismo de numerosas palabras que non son auténticos neoloxismos. Podemos falar de tres tipos de unidades que supoñen un problema para a metodoloxía empregada: (a) castellanismos; (b) palabras comúns con presenza comprobable na lingua pero non recollidas nos dicionarios; (c) outras unidades: dialectalismos, unidades de valor especializado, erros tipográficos, etc.

2.1.2 Corpus de exclusión

O corpus de exclusión lexicográfica utilizado ata o ano 2000 foi o seguinte:

a) *Diccionario da Real Academia Galega* (1997): non ten un número elevado de entradas (aproximadamente 25 000) pero ten a vantaxe de ser a única obra lexicográfica que ten un carácter normativo recoñecido.

b) *Diccionario Xerais da Lingua* (1993): define léxico normativo, aínda que é unha obra dunha editorial privada sen autoridade lingüística. Ten unhas 30 000 entradas.

c) *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (versión provisional 1989//Corrixe 1.0-1.2): é realmente o documento máis importante de todo o corpus de exclusión. Establece o léxico normativo e está realizado por unha institución que ten autoridade lingüística, derivada da Real Academia Galega. Non serve para a análise da neoloxía semántica.

A partir do ano 2000 utilizouse o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (2000) que recolle un número moi elevado de entradas.

Tamén se fai unha comprobación tanto no *Dicionário Sotelo Blanco da Língua Galega* coma no *Diccionario Cumio da Lingua Galega*, pero sen que ningunha destas dúas obras lexicográficas se incorpore ao corpus de exclusión.

2.2 Fase de análise

Na fase de análise realízanse as seguintes tarefas:

a) Compróbase nos dicionarios que forman parte do corpus de exclusión a marca de neoloxía provisional atribuída polos colaboradores.

b) Révisanse todos os datos incorporados polos colaboradores, especialmente aqueles referidos á clasificación tipolóxica. Introdúzanse outros datos que sirvan para unha mellor catalogación das entradas.

c) Inclúense novas marcas que permitan a depuración do criterio lexicográfico. Interésanos especialmente o que ocorre noutras linguas da nosa contorna coma o portugués e o español. Daquela, facemos unha comprobación en dicionarios coma o de Aurélio Buarque de Holanda Ferreira (1986) e o de Manuel Seco (1999) para atopar datos sobre a incorporación nesas linguas das palabras que nós rexistramos. O dicionario de M. Seco é especialmente útil porque inclúe datacións e permítenos enxergar dependencias, neste caso do español, do noso léxico. Á parte disto, tamén se intenta introducir unha marca que reflecta, dunha maneira aproximada, o sentimento neolóxico dos falantes (neste caso limitado ao dos colaboradores do proxecto).

3 TIPOLOXÍA DAS UNIDADES E RESULTADOS

3.1 Tipoloxía

a) Neoloxismos de forma. Son todos aqueles creados por procedementos formais internos: sufixación, prefixación, parasíntese, composición patrimonial (incluídos os compostos sindéticos ou sintagmáticos), composición culta e híbrida, variación (gráfica, fonética ou morfolóxica dunha forma normativa), conversión sintáctica, abreviación, acronimia e siglación.

b) Neoloxismos creados por empréstito. Neste grupo inclúense todos os empréstitos, estean adaptados ou non. A clasificación deste campo realízase atendendo á lingua de procedencia do empréstito; así, engádeselles ás siglas EA (adaptados) ou ESA (sen adaptar) o código ISO da lingua orixe.

c) Neoloxismos semánticos. Os neoloxismos semánticos forman un grupo heteroxéneo, xa que hai unidades que reciben un novo significado por causas internas (incluída a conversión sintáctica) e outros recíbena por influencia doutras linguas.

Os datos xerais correspondentes á clasificación anterior, descritos na táboa que aparece a seguir, están tirados do traballo de Gómez Clemente e Rodríguez Guerra (2000). As porcentaxes corresponden aos datos dos anos 97-00, cun total de 7170 unidades, incluídas repeticións. Os datos de 2001 estaban aínda sen analizar no momento de redactar este traballo.

	N. formais	N. semánticos	Empréstitos
<i>Sufixación</i>	1690 (23,6%)		
<i>Prefixación</i>	1041 (14,5%)		
<i>Parasíntese</i>	153 (2,1%)		
<i>Comp. Pat.</i>	934 (13%)		
<i>Comp. Cult</i>	696 (9,7%)		
<i>Sintagmación</i>	187 (2,6%)		
<i>Abreviación</i>	94 (1,3%)		
<i>Acronimia</i>	20 (0,3%)		
<i>Siglación</i>	56 (0,8%)		
<i>Variación</i>	195 (2,7%)		
Emp. Adapt.			379 (5,3%)
Emp. S. Adapt.			1344 (18,8%)
<i>Conversión</i>		92 (1,3%)	
Semánticos		289 (4%)	
TOTAL [7 170]	5 066 (70,6%)	381 (5,3%)	1723 (24,1%)

3.2 Resultados

Referireime brevemente a dous aspectos que considero interesantes do noso proxecto. O primeiro é o da análise morfolóxica dos datos e o segundo é o da aparición de unidades con valor especializado no contexto da noticia de prensa, principalmente de tema científico. Só se comentarán algúns casos. Para unha relación exhaustiva de procedementos e exemplos, véxase Gómez Clemente e Rodríguez Guerra (2000).

3.2.1 A análise morfolóxica: rendibilidade dos procedementos de formación de palabras

Un dos obxectivos deste proxecto, como xa foi comentado, é ver a rendibilidade dos procedementos de formación de palabras nun contexto non planificado. Unha situación comunicativa como é a da prensa permítenos ver cal é a rendibilidade real dos procedementos tradicionais de anovamento léxico e tamén enxergar novas tendencias que inclúen mesmo a aparición de novos formantes.

3.2.1.1 Derivación

O procedemento de creación máis rendible é a derivación (40,3% do total de neoloxismos). Esta porcentaxe é moi similar á rexistrada noutras linguas da nosa contorna coma o catalán e o italiano (Cabré *et alii* 1997: 67; Adamo 2001).

a) Sufixación

Dentro da derivación a sufixación é o recurso máis empregado (57%), seguida pola prefixación (36,1%) e pola parasíntese (6,9%). Podemos afirmar que a vitalidade do sistema de prefixos e sufixos grecolatinos é moi salientable. Con todo, hai que dicir que, no caso da prefixación, se nota a aparición de novos formantes, algúns deles cunha importante rendibilidade. Obsérvase unha tendencia cara á redución neolóxica das nocións tradicionais que vehicula cada afixo, máis marcada no terreo prefixal, que favorece a especialización significativa (Gómez Clemente e Rodríguez Guerra 2000).

No cadro (Gómez Clemente e Rodríguez Guerra 2000) aparecen as porcentaxes dos sufixos rexistrados.

Sufixo	Porcentaxe	Sufixo	Porcentaxe
-ista	12,5	-ario	1,5
-ción	8,9	-ea(r)	1,3
-ismo	6,7	-ería	0,9
-dor, -a	6,4	-estico	0,9
-iza(r)	5,9	-(t)ivo	0,9
-(e/i)dade	5,7	-torio	0,9
-mento	4,9	-ar [adx.]	0,8
-al	4,7	-azo	0,8
-(i)ano, -a	4,7	-axe	0,7
-eiro, -a	4,7	-esco	0,7
-nte	3,9	-ento	0,6
-a(r) [vb.]	3,3	-ncia, -nza	0,6
-ico, -a	2,7	-oide	0,6
-ble	1,7	-ía	0,5
-ado, -a	1,6	-o	0,5

A seguir presentamos algúns exemplos dos tres sufixos máis rendibles, con algúns comentarios que atinxen ás súas características neolóxicas máis salientables.

-ista

gasista “...converterá sen dúbida a empresa nun operador gasista alternativo en España” [OCG 31/01/01]

vazquista “Vostede di que no seu partido se superaron vellas feridas. ¿Minto moito se digo que no PSdeG aínda se pode falar de vazquistas e non vazquistas?” (seguidor de F. Vázquez, alcalde da Coruña) [TN 01/11/97]

facendista “...os nosos políticos, ou vinculados con Galicia, ocuparon ese Ministerio, dende o inxel facendista arousán don Luís López Ballesteros, que saneou a Facenda española, trala Guerra da Independencia.” [OCG 17/03/00]

Os tres exemplos anteriores representan os valores tradicionais deste sufixo: “relativo a” (*gasista*), “seguidor dunha teoría ou doutrina” (*vazquista*) e “relativo a un oficio ou profesión”. Podemos dicir que o comportamento neolóxico deste sufixo leva a que o primeiro valor sexa o máis representado, en contra do descrito nas gramáticas (Ferreiro 1997:156).

-ción

israelización “A ‘israelización’ de Xerusalén acelerouse: leis especiais retroactivas privaron do permiso de residencia na cidade a milleiros de palestinos e ducias de vivendas foron derrubadas.” [TN 01/03/01]

fascistización “Dende hai 20 anos, o fútbol está nun paraíso de fascistización: a escenografía, os cánticos -certos cánticos-, as declaracións -certas declaracións (...)” [TN 01/10/97]

fantasmagorización “Non sei qué se buscaba con esa fantasmagorización do corpo feminino: tal vez a alma, vestida de Coco Chanel”. [OCG 01/12/99]

masterización “Lertxundi produciu, coordinou e mimou os 'recordings' de voz, edición, mesturas e masterización dun traballo que foi estreado en directo na súa terra a finais do mes pasado.” [OCG 20/12/98]

esponsorización “Conseguiron entón que Citroën lles anticipase os ingresos por esponsorización de dous anos (...)” [TN 01/06/97]

Os catro exemplos anteriores mostran unha característica neolóxica xeral: a creación de substantivos a partir de verbos que non teñen unha existencia real na lingua (**israelizar*, **fascistizar*, **fantasmagorizar*), polo que hai que supoñer que a base real é o correspondente substantivo. Nos casos de *masterización* e *esponsorización*, derivados de dous verbos neolóxicos que tamén rexistramos, *masterizar* [OCG 07/03/00] e *esponsorizar* [TN 01/10/97], estamos diante de dous casos de empréstitos (*máster* e *spónsor*) que conseguen crear unha familia léxica en galego.

-izar

internalizar “Tense demostrado que os xornalistas rara vez presencian os feitos que dan orixe á noticia producida, senón que esta lles chega en forma de relato doutras fontes, para, unha vez coñecido e comprendido, ser internalizado e fixado na súa escala de valores culturais e despois ser reelaborado como noticia producida.” [TN 01/02/99]

aznarizar “O responsable de Comunicación do principal partido da oposición, Alfredo Pérez Rubalcaba, o 14 de febreiro cunhou un novo verbo, o de ‘aznarizar’: dise de privatizar empresas públicas de tódolos españois para que Aznar as poña en mans dos seus amigos.” [OCG 10/03/00]

Os dous exemplos anteriores mostran dúas tendencias significativas na creación neolóxica co sufixo *-izar*. O primeiro (*internalizar*) fainos ver que o sufixo pode unirse a adxectivos de todo tipo, e non unicamente aos rematados en *-al*; o segundo (*aznarizar*) o feito de poder unirse incluso a antropónimos para crear verbos que manteñen o significado tradicional do sufixo. Estes verbos, malia poderen ser aceptados normalmente polos usuarios da lingua, teñen un marcado carácter efémero e expresivo e o seu significado mesmo ten que ser explicado mediante recursos coma a paráfrase (*aznarizar*).

-ismo

desenvolvementismo “...que as clases emerxentes dende a posguerra e o desenvolvementismo posterior son clases nacidas á capacidade de negocio, comercio ou profesionalización, no franquismo puro e duro.” [TN 01/11/01]

productivismo “Unha Europa, en fin, libre do productivismo que destrúe o medio ambiente.” [OCG 16/02/01]

sendismo “...motivo suficiente para motivar a moitos amantes do sendismo...” [OCG 17/12/00]

entrismo “...a preparar en poucos meses o entrismo nun PSOE radicalizado desde a revolución de Asturias.” [ANT 18/06/98]

malditismo “Este é un discurso da derrota persoal ao construír as fábricas da nostalxia, mais sempre na oscilación entre o malditismo e a exaltación do desexo cernudiano.” [TN 01/08/98]

O sufixo *-ismo* mostra o seu carácter neolóxico pola ampliación das bases ás que se engade. Os tres primeiros exemplos son casos do valor xeral de “relativo a” que se activa sobre bases substantivas como tradicionalmente ocorre. O primeiro exemplo, *desenvolvementismo*, é a solución galega para o español *desarrollismo* e está calcado sobre

o esquema desa lingua. O terceiro caso pode ser tamén unha creación galega para superar o español *senderismo*. O cuarto caso é interesante pois a base é verbal, algo totalmente neolóxico para este sufixo; o mesmo ocorre co último exemplo porque a base é adxectiva.

b) Prefixación

Dentro da derivación, o seguinte procedemento máis rendible é a prefixación. A seguir aparecen os datos sobre as ocorrencias de cada prefixo tirados do traballo de Gómez Clemente e Rodríguez Guerra (2000).

Prefixo	Porcentaxe	Prefixo	Porcentaxe
anti-	11,2	sobre-	1,9
des-	8,2	hiper-	1,8
ex-	7,9	pro-	1,8
re-	7,6	tra(n)s-	1,6
pre-	5,3	pseudo-	1,5
inter-	4,7	para-	1,3
contra-	4,1	vice-	1,3
pos(t)-	4	de-	1,2
neo-	3,7	infra-	1,2
co-	3,4	pluri-	1
semi-	3,1	supra-	1
sub-	3,1	a-	0,9
in-	2,5	intra-	0,9
multi-	2,3	meta-	0,7
super-	2,2	poli-	0,7
extra-	2,1		

A continuación aparecen algúns exemplos dos dous prefixos tradicionais máis rendibles (*anti-* e *des-*). Tamén recolleemos algúns casos de tres neoprefixos (formantes grecolatinos que mostran unha alta rendibilidade prefixal): *neo-*, *pseudo-* e *para-*.

anti-

anticorrupción “A condena de Abel Vilela, unha denuncia ante a fiscalía anticorrupción.” [ANT 05/11/98]

antiglobalización “A estratexia da presidencia belga da Unión Europea (UE) para controla-las manifestacións antiglobalización superaron, con éxito, a primeira destas protestas, con motivo da reunión que onte, venres, realizaban os ministros de Comercio da UE.” [OCG 08/09/01]

antipoder “... mais ao lado dos males compareceron [...] algúns exemplos de experiencias dialogais e prácticas de apertura á outredade posibilitadas pola paz formal, en terreos tan diversos como o profesional do deseño de Cataluña [...] ou o dos múltiples campos creativos e distintas accións cívicas antipoder relatadas e lembradas pola maioría dos asistentes.” [TN 01/08/98]

contraincendios “...a normativa vixente na que se esixe, entre outras cuestións, dispoñer dun plan de evacuación, un sistema contraincendios, así como iluminación e sinalización de emerxencia.” [OCG 28/02/99]

Nos catro exemplos presentados móstrase unha característica neolóxica importante que rompe unha regra descrita nas gramáticas: o valor transcategorizador do prefixo que converte un substantivo nun adxectivo. Parece que esta é unha característica

que se cinxe practicamente ao prefixo *anti-*. O exemplo de *contra-* presentado é o único que se rexistra con este valor.

des-

desinvestir "...pois o seu interese dependerá do prezo e de cáles sexan os activos para desinvestir." [OCG 31/01/01]

desagrarización "É unha sociedade que se transformou extraordinariamente nos últimos cincuenta anos, produciuse un proceso de desagrarización brutal, houbo unha incorporación masiva ó ámbito urbano e á economía xa non só industrial senón sobre todo terciaria e postindustrial." [TN 01/02/99]

desarborizar "O inventario presentado onte indica que a superficie que gaña é principalmente o poder do monte desarborizado e do pino pinaster." [OCG 08/03/00]

desgonzalización "Esta é en resumo a consecuencia do naufraxio do 12.M: a desgonzalización." [OCG 15/03/00]

O primeiro exemplo é un caso típico de creación por prefixación: a un verbo non neolóxico únese un prefixo que lle engade o seu valor. Os dous seguintes casos son en realidade de parasíntese, xa que o prefixo se une a un substantivo ou verbo neolóxicos procedentes, por sufixación, dun adxectivo e dun substantivo. O último exemplo é interesante porque na orixe do neoloxismo, evidentemente de autor e posiblemente efémero, está un antropónimo *González* [Felipe González, antigo dirixente do PSOE] a partir do cal se crea un verbo **gonzalizar* e logo un substantivo **gonzalización*.

neo-/pseudo-/para-

neoespañolista "... ultimamente, avivados na outra parroquia pola mesnada neoespañolista composta por un feixe de paroleiros en faladoiros e políticos electoralistas..." [OCG 14/03/99]

neocentrista "A situación actual é froito dese proceso de lonxevidade política do conservadorismo que no caso galego está a ser a fracción menos moderna da dereita española: lonxe do estilo liberal e neocentrista que libera o Presidente Aznar [...] e polo contrario fortemente vencellado ó clientelismo decimonónico e ó paternalismo franquista." [TN 1/02/99]

pseudopatriótico, -a "Así é como para buscar un electorado de extrema dereita que no caso de ser o PP un partido de centro se abstería nunhas eleccións, forza esa fuxida e opta por un discurso pseudopatriótico español, agravando o proceso de fascistización ó que antes me refería." [TN 01/03/00]

pseudoprofesional "Ex ecoloxistas e pseudoprofesionais." [OCG 28/02/99]

paradeportivo, a "Feáns, en fin, a 'aldea-estado' como din os novos, agora cada día máis famosa en Galiza todo por unha nova tradición festeira e paradeportiva: 'o cochocross.'" [TN 01/03/00]

parafarmacia "Obrigan a pagar medio millón a unha parafarmacia acusada de vender xarope." [OCG 18/02/99]

Estes tres prefixos teñen un carácter claramente neolóxico. Non forman parte do repertorio de prefixos tradicionais e adquiren carácter prefixal pola súa relativamente alta rendibilidade na lingua moderna (véxase máis abaixo a *composición culta* para a comparación con formantes cultos incluídos dentro da composición). Os tres únense a bases adxectivas e substantivas.

3.2.1.2 A composición

O procedemento da composición abrangue algo máis da cuarta parte do total de neoloxismos co que se sitúa no segundo lugar da rendibilidade xeral. Distinguímos basicamente entre composición patrimonial (17,1% do total) e culta (19,7% do total)

3.2.1.2.1 Composición patrimonial

Dentro da composición patrimonial establecemos varios grupos. Dunha banda a composición *léxica*: dúas bases léxicas unidas. Da outra a composición *sintagmática*: dúas bases escritas separadamente e relacionadas sintacticamente, con algún nexo subordinativo (sindética) ou sen el (asindética).

Nos exemplos comentaremos unicamente aqueles que mostran algún interese por estaren cerca de romper algunha regra da gramática ou un uso establecido (Cabré *et alii*, 1997). Son casos de composición sintagmática asindética e léxica.

céltico-femíneo, -a “Nesta liña, hai que salientar (...) o extenso traballo de C. Blanco sobre o papel do referente céltico-femíneo na poesía pondaliana e o da presenza da compoñente celta na obra creativa e ensaística de Álvaro Cunqueiro ofrecido por M. X. Nogueira.” [TN 01/12/97]

ecolóxico-turístico “...utensilio de promoción ecolóxico-turístico das costas galegas...” [OCG 06/03/00]

benéfico-social “O regulamento que regula a obra benéfico-social das caixas de aforros galegas estará ultimado en dous meses e medio, se se cumpren as previsións...” [OCG 18/02/99]

casadelirio “ademais das dúas achegas fotográficas de João Penalva e da sempre subtil Helena Almeida, salientar a casadelirio de José Hernández Díez.” [TN 01/08/98]

Os catro casos mostran unha serie de características comúns: (i) Todos mostran un grao de cohesión baixo, é dicir, o composto non está fixado polo uso, agás, se cadra, no caso de *benéfico-social* que aparece adoito en contextos referidos ás caixas de aforro. (ii) Todos, tamén, son exemplos da ampla posibilidade combinatoria das bases: calquera base pode unirse a outra para formar un composto. (iii) A posibilidade anterior é utilizada con intencións expresivas que inciden sobre o carácter neolóxico da unidade e chaman a atención do lector. O cuarto exemplo presenta unha certa incompatibilidade de trazos semánticos (-abstracto/+abstracto) que fai difícil albiscar o seu verdadeiro significado. Tanto o primeiro exemplo coma o segundo teñen un carácter neolóxico porque normalmente non se suman os trazos semánticos de cada base. Realmente estamos perante casos onde o significado unitario do composto pasa por unha simple adición de trazos.

3.2.1.2.2 Composición culta

Comentaremos algúns exemplos de cada un dos subgrupos establecidos para este procedemento. O máis salientable é o feito, totalmente neolóxico, de aparición de compostos híbridos. Representa o 9,7% do total dos neoloxismos.

3.2.1.2.2.1 Híbrida

a) Formante de orixe grecolatina + unha palabra moderna

Entendemos que estes formantes grecolatinos non tiveron rendibilidade ata unha época moi recente. Teñen un comportamento que se achega ao dos prefixos, aínda que existen diversas razóns de tipo fonolóxico, sintáctico e categorial que nos levan a consideralos como auténticas bases. Comentaremos algúns exemplos dos formantes máis rendibles.

auto-

O formante *auto* dános o 22% de todos os exemplos da composición culta.

autoamnistía “Os integrantes das xuntas militares impuxeron leis de autoperdón e autoamnistía.” [ANT 05/11/98]

autoemprego “Políticas de formación, de traballo social remunerado, de axuda á creación de microempresas de autoemprego, comezando pola simplificación dos pesadísimos trámites de creación e as incertezas das normas de fiscalización laboral e tributaria, etc.” [TN 01/12/97]

autopreguntarse “Que vai ocorrer despois, autopregúntase en relación con cándo debería abandonar-lo seu cargo pola causa que sexa.” [OCG 01/12/99]

Os dous primeiros exemplos non presentan características especiais, a non ser a de non apareceren nos dicionarios e teren unha “vida” curta. O terceiro si que ten un carácter especial, xa que o prefixo engade un valor redundante, xa expresado polo pronome átono no verbo, que sitúa esta nova unidade fóra das regras da gramática. Esta circunstancia dáse cunha especial relevancia na nosa base de datos (*autoinmolarsse* [TN 01/10/97], *autopsiquiatrizarse* [TN 01/02/99], *autosecuestrase* [TN 01/02/00], *autolouvarse* [TN 01/06/97], etc.).

bio-

O prefixo *bio-* representa un 4,8 % do total. Únese soamente a bases substantivas. Non presenta características salientables.

biocentro “Para Jorge Díez, socio dun biocentro na Coruña, existe actualmente bastante interese polos produtos que veñen avalados pola etiqueta de ecolóxicos ou naturais.” [OCG 24/01/99]

bioconstrucción “En esencia a bioconstrucción é a construción ecolóxica, con materiais non contaminantes, reciclables e recicladas, sempre que sexa posible.” [OCG 24/01/99]

b) Palabras formadas pola truncación dunha palabra moderna + unha palabra moderna.

Este grupo é especialmente interesante xa que presenta unha característica totalmente neolóxica: a aparición de novos formantes, por truncación de palabras modernas (non xa formantes grecolatinos), que levan á aparición de novas regras na gramática. Este procedemento adquire un pulo significativo nos últimos anos. Poñeremos exemplos de dous dos formantes máis rendibles.

ciber-

Unido unicamente a bases substantivas é a truncación da palabra galega *cibernética*.

ciberespectáculo “As pirámides de Gizeh, no Cairo, acolleron un multitudinario ciberespectáculo dirixido por Jean Michel Jarre.” [OCG 02/01/00]

cibervoluntariado “Sen esquecer o traballador traductor do proxecto Rianxo de Roberto Abalde, consecuencia do cibervoluntariado.” [OCG 05/12/98]

ciberaula “Asemade, as aulas poderán ser empregadas como laboratorio de idiomas, aulas de informática e ciberaulas.” [OCG 03/01/00]

cibersexo “A tendencia ampliouse agora ás homecams, equipos introducidos nas casas de cidadáns maiormente anónimos ou nas habitacións onde se desenvolven sesións pornográficas protagonizadas nun 98 por cento dos casos por mulleres. O cibersexo págase con Visa, pero o acceso ás outras webcams é de balde.” [TN 01/02/99]

euro-

Únese a bases substantivas e adxectivas. Truncación da palabra galega *europa*. A súa rendibilidade está motivada pola importancia da Unión Europea e os asuntos relacionados con ela.

euroconselleiro “... E a colaboración entre os euroconselleiros da rede EURES.” [OCG 31/01/01]

euroescéptico “(...) víñase desangrando nunha loita -presidida pola sombra da Sra. Thatcher- entre euroescépticos e menos euroescépticos.” [TN 01/06/97]

euromísil “...ó amparo das protestas que en toda Europa xorden contra a instalación dos chamados euromísiles...” [OCG 20/03/00]

3.2.1.2.2 Composición non híbrida

Esta é a composición que se pode denominar propiamente culta. Os compostos non híbridos son unidades formadas por dúas bases grecolatinas, que sempre tiveron rendibilidade sobre todo para a formación de neoloxismos nas linguas de especialidade. Na nosa base de datos non se recollen demasiados exemplos, debido a que aparecen en contextos moi marcados, sobre todo na noticia de tipo científico que non é demasiado común. Representan un 11% do total dos compostos cultos.

3.2.1.3 Os empréstitos

O terceiro recurso para a creación de palabras por orde de importancia, sen contar cos castelanismos, é o do empréstito (23,8% do total das entradas). A clasificación que fixemos levounos a distinguir, seguindo a Haugen (1972: 82), entre empréstitos por importación morfolóxica e por substitución morfolóxica.

3.2.1.3.1 Por importación morfolóxica

Son aquelas unidades que se incorporan á lingua co significante inalterado ou con mínimas adaptacións. As adaptacións afectan ao 25% do total das unidades recollidas.

banner “...non só forman parte do catálogo principal desta independente madrileña senón que existe a posibilidade de acoutar máis o campo de busca se un preme no banner do sub-selo Fono

folk optando por coñecer un mercado discográfico cheo de sons tradicionais de alcume folk...” [OCG 02/01/00]

webmaster “Os webmasters son conscientes de que unha páxina sen esta opción queda moi coxa de cara á potencial audiencia.” [OCG 05/12/98]

länder “A raíz disto, e como condición para aceptaren a aprobación do Tratado de Maastricht, os Länder -estados federados- alemáns deron outro paso de grande significación, logrando o recoñecemento constitucional e a consagración das súas facultades de participación nos asuntos europeos...” [TN 01/02/00]

matrioxca “A unha muller descoñecida efectúa unha mestizaxe amorosa entre o taxista maia e o bantú que borda cebras, entre a rusa que talla matrioxcas e o especieiro indio, entre o canto tribal e o neón da cidade.” [TN 01/12/97]

cástin “Sen dúbida tras estas intencións atópanse elaborados cástins que rastrexan Galicia de norte a sur para encher os estudos de gravación de todo tipo de xentes.” [TN 01/09/98]

Os tres primeiros exemplos responden a casos de importación sen adaptación. A aparición de *banner* e *webmaster* está motivada por dúas razóns importantes: (i) A inexistencia dunha solución galega aceptada (*banner* e posiblemente tamén *webmaster*). (ii) A pertenza a dominios de especialización, aínda que neste caso sexa a informática, amplamente vulgarizada. As linguas de especialidade mostran unha resistencia á substitución morfolóxica e mesmo ás adaptacións. (iii) O prestixio das linguas prestadoras. O caso do inglés é especialmente significativo. O caso de *länder* é diferente. O mantemento do empréstimo do alemán débese a que se interpreta como un xenismo, é dicir, unha unidade que representa un feito propio dunha cultura estranxeira que non ten un equivalente exacto na lingua de chegada. En realidade, non estamos perante un verdadeiro xenismo porque a solución galega *estado* achégase bastante ao concepto orixinal.

Os casos de *matrioxca* e *cástin* son exemplos das posibles adaptacións que se poden dar en galego. *Matrioxca* pretende representar cun grafema propio un son da lingua orixinal; *cástin* presenta unha adaptación gráfica (o acento e a representación da nasal velar inglesa *ng* por *n*). Verbo das adaptacións, hai que salientar o feito de que non son nin moito menos sistemáticas: unha mesma palabra pode rexistrarse sen adaptar ou adaptada de distintas maneiras.

3.2.1.3.2 Por substitución morfolóxica

Incorpórase o esquema do significante orixinal utilizando unidades preexistentes na lingua de chegada.

sitio web “Funcionan a partir dun repertorio de foros ou de sitios web que se sabe ofrecen contidos que se estiman ofensivos e de palabras clave consideradas obscenas.” [OCG 26/12/98]

pago por visión “Os ingresos anuais que durante sete anos recibiría de Canal Plus o Deportivo totalizan por contrato 2 420 millóns (partidos de liga, pagos por visión, sponsorización).” [TN 01/06/97]

privacidade “A Lei 13/1989 do Parlamento de Galicia recoñece a privacidade da propiedade, pero recorda a gran función social e mailo interese de ben público...” [OCG 20/12/98]

Os dous primeiros exemplos son auténticos calcos de esquema procedentes de *web site* e *pay per view*. O terceiro tamén é un calco, totalmente innecesario e

inaceptable, de *privacy* que se ve favorecido polo feito de existir en galego o adxectivo *privado* e o sufixo *-idade* que lle engade un valor abstracto.

3.2.1.4 Neoloxía semántica

A neoloxía semántica é a máis difícil de identificar xa que non hai ningún procedemento obxectivo para detectala e, xa que logo, débese deixar esta tarefa ao criterio dos colaboradores do proxecto. Ademais, os cambios semánticos non son tan evidentes se utilizamos unha perspectiva sincrónica porque estas modificacións analízanse mellor en diacronía. Todas estas causas son as que quizais motiven que só rexistremos un total de 156 unidades (un 3,3% do total). Hai tres casos claros de neoloxía semántica: (i) Ampliación ou redución do contido semántico da base. (ii) Cambio da categoría da base, a chamada neoloxía por conversión. (iii) Ampliación semántica por calco doutras linguas.

baixar “Se esto de Internet fose rápido, se as páxinas baixaran sen que dera tempo a fumar un charuto...” [OCG 25/11/99]

sitio “O sitio Bizrate pon énfase en cataloga-los negocios cibernéticos segundo unha serie de criterios, que van desde a facilidade...” [OCG 05/12/98]

vermello “Árbitro: Vázquez Veiga, do colexio cántabro. Amarelo a Tomás, Abad, Couto, Fran, Toni, Juan Luis. Vermello a Modesto (min. 1) e Liño (min. 60).” [OCG 13/12/98]

Os dous primeiros exemplos son casos de neoloxía semántica por calco, que tamén se poderían clasificar como casos de empréstitos por substitución morfolóxica, se cambiamos de perspectiva. *Vermello* pode ser un caso de conversión sintáctica, paso de adxectivo a substantivo, pero tamén se pode explicar por abreviación do sintagma *cartón vermello*.

3.2.2 A difusión das unidades de coñecemento especializado

No proxecto tamén nos interesa, aínda que é un obxectivo secundario, analizar a difusión das unidades de coñecemento especializado na prensa. Estas unidades aparecen como neoloxismos por utilizarmos un criterio de exclusión lexicográfica baseado nos dicionarios de lingua xeral. Non descartamos que estean recollidos nalgún vocabulario terminolóxico galego ou mesmo no *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Con todo, a súa recolla énos de grande utilidade para analizar a terminoloxía galega nas súas condicións reais de uso e establecer unha tipoloxía dos textos de especialidade. Unha parte da terminoloxía debe basearse na descrición e co noso proxecto podemos obter datos que nos axuden nesta tarefa.

As publicacións que analizamos non utilizan un verdadeiro discurso de vulgarización científica, senón que publican de cando en vez algunha noticia científica que pode utilizar os recursos da vulgarización (Jacobi, 1987: 23).

Parécenos interesante analizar os seguintes parámetros:

a) O contexto de difusión.

b) As ferramentas da divulgación/vulgarización: dobre denominación (cando existe un sinónimo, para un termo, que pertence á lingua común); correferencia (substitución por expresións equivalentes); definición; paráfrases, etcétera.

Exemplos:

ácido tereftálico /glicoetileno “O poliéster foi introducido en 1941 [...], composto basicamente de glicoetileno e ácido tereftálico.” [OCG (14/03/99) Sección Lecer]

alfa-fetoproteína “É posible o diagnóstico prenatal da espiña bífida cunha determinación de alfa-fetoproteína, que é unha globulina alfa 1 específica fetal sintetizada no feto...” [OCG (24/01/99) Sección Lecer]

amniocentese “Unha sinxela análise de sangue da nai pode detectar se hai algún risco e, se fora necesario, faríase unha proba ecográfica e unha amniocentese do líquido amniótico.” [OCG (24/01/99) Sección Lecer]

cromolitográfico, -a “O perfeccionamento da técnica cromolitográfica, como dixemos, fixou a figura de Santa Claus entre a sociedade e fixo del un símbolo que era capaz de comunicar mensaxes positivas por si mesmo...” [OCG (20/12/98) Sección Lecer]

Estes catro exemplos aparecen nunha sección do xornal denominada *Lecer*. É unha sección heteroxénea na que aparecen noticias de distinto tipo que poden incluír as de carácter científico cun nivel relativamente baixo de especialización. O primeiro caso lévanos directamente ao campo da química e non se utiliza ningunha ferramenta específica de vulgarización (*poliéster* é definido polos seus compostos químicos). No segundo, o termo reformúlase a través dunha paráfrase que se mantén no mesmo nivel de abstracción. O termo *amniocentese* é propio da medicina pero é de uso moi frecuente e, se cadra, non necesita ningún tipo de reformulación. O último exemplo mantén o seu contido especializado inserido nun contexto que non ten nada que ver coa noticia científica.

aspergillus “Puxémo -lo quirófano patas arriba e só se puido localiza-lo aspergillus logo dunha limpeza profunda, despois de esgota-las vías normais, engadiu.” [OCG (11/01/99) Sección Galicia]

Este exemplo aparece na sección Galicia dedicada a recoller noticias de carácter xeral sobre o país. É moi evidente que o contexto onde aparece o termo *aspergillus* non é especializado, xa que o tratamento da noticia é peculiar, totalmente afastado do discurso científico. Trátase dunha unidade moi difundida que non necesita de ningún tipo de reformulación e, se cadra, é esta unha das razóns para que poida aparecer neste tipo de contextos.

4 CONCLUSIÓN

Para rematarmos esta pequena achega, e a xeito de conclusión, temos que nos referir a un concepto que está na base do noso proxecto: a vitalidade da lingua. Entendemos a vitalidade, xunto con Cabré (2000), como a capacidade que ten unha lingua de darlles resposta ás novas necesidades denominativas e expresivas que van xurdindo ao longo do tempo. A pregunta, con respecto ao galego, pode ser a seguinte: é

a nosa unha lingua vital?, é dicir, é capaz de se anovar? A resposta darémola despois de analizar brevemente algúns parámetros:

a) Consideramos vital unha lingua que é capaz de utilizar os recursos internos de creación de palabras. Verbo disto, hai que afirmar que a nosa lingua activa os recursos internos de creación dunha maneira significativa. A derivación é o procedemento máis rendible, podemos ver en funcionamento os sufixos e prefixos tradicionais e mesmo observamos a aparición de novos prefixos. Na composición nótase que é moi salientable a capacidade de combinación de bases léxicas e a creación de compostos híbridos con formantes grecolatinos e truncacións de palabras modernas.

b) Consideramos vital unha lingua que é capaz de manter dentro dos límites aceptables e razoables a aceptación do empréstito e, unha vez aceptado, un equilibrio entre a adaptación e a non adaptación. Verbo disto, hai que dicir que os empréstitos galegos están dentro dos límites razoables e non se comporta dunha maneira moi diferente á doutras linguas. No entanto, non se produce un equilibrio entre a adaptación e a non adaptación. Hai unha tendencia significativa a aceptar empréstitos sen ningún tipo de intervención (77,81% do total), e isto pode ser froito da inexistencia de modelos que se difundan dende as institucións con autoridade lingüística. Se a isto unimos o feito, non comentado neste traballo, da aceptación acrítica do castelanismo, estamos perante unha situación delicada⁵.

Xa que logo, o galego é unha lingua que se pode considerar vital pero que está ameazada por certos comportamentos que a levan a unha dependencia doutras linguas. Sen que isto sexa preocupante polo de agora, cómpre unha actuación máis decidida para corrixir estes problemas, na medida en que sexa posible, sen coutar o normal desenvolvemento da lingua.

5 DATOS COMPLEMENTARIOS

Porcentaxes de empréstitos por linguas

	SEN ADAPTAR	ADAPTADOS
Total	77,81	22,00
Catalán	0,39	0,10
Galés	0,10	0,00
Alemán	0,68	0,00
Inglés	34,68	8,35
Castelán	20,16	6,80

⁵ Rodríguez Cruz e Rodríguez Rodríguez (2000) apuntan o dato de que na base de datos do Observatorio de Neoloxía de Vigo os castelanismos son un 26,5% do total dos empréstitos e que funcionan, moitos deles, como verdadeiras interferencias.

Éuscaro	2,27	0,10
Francés	4,05	1,74
Grego	0,05	0,29
Italiano	1,40	0,24
Xaponés	0,05	0,00
Latín	1,30	0,58
Portugués	3,67	0,87
Ruso	0,10	0,10
Outros	3,42	0,48

Lista de entradas máis repetidas

1. internet	65	25. ciberespacio	13
2. euro	63	26. biocentro	12
3. deportivista	36	27. compostelanista	12
4. azulgrá	30	28. plurinacional	12
5. lehendakari	28	29. biodiversidade	12
6. web	27	30. thriller	12
7. popular	26	31. cadro	12
8. multimedia	23	32. madridista	12
9. medioambiental	21	33. poemario	11
10. páxina web	19	34. dunar	11
11. medio ambiente	19	35. derbi	11
12. mediático, -a	18	36. software	11
13. eurodeputado	16	37. esedé	11
14. rede	16	38. talibán	11
15. coche bomba	16	39. rolda de prensa	11
16. internauta	16	40. gardarredes	11
17. barcelonista	16	41. e-mail	10
18. neoliberal	16	42. contraprogramación	10
19. biotecnoloxía	15	43. boom	10
20. branquiazul	15	44. mundialización	10
21. correo electrónico	14	45. sinistralidade	10
22. portal	13	46. contrarreloxo	10
23. CD-ROM	13	47. hip-hop	10
24. blues	13		

BIBLIOGRAFÍA

Adamo, G. e Della Valle, V. (2001): “Neologismi dell’italiano contemporaneo. Analisi di un corpus della stampa quotidiana”, en Antonio Lamarra e Roberto Palaia (eds.), *Lexicon Philosophicum. Quaderni di Terminologia Filosofica e Storia delle Idee* 11, Firenze, Olschki, 65-109.

Boulanger, J.-C. (1989): “L’évolution du concept de NEOLOGIE de la linguistique aux industries de la langue”, en Caroline de Schaezen (ed.): *Terminologie diachronique. Actes du Colloque organisé à Bruxelles les 25 et 26 mars 1988*. Paris / Bruxelles, Conseil International de la Langue Française / Ministère de la Communauté française de Belgique, 193-211.

Cabré, M. T. (1993): *La terminología, metodología, aplicaciones*. Barcelona, Empúries.

_____, (2000): “La neologia com a mesura de la vitalitat interna de les llengües”, en María Teresa Cabré, Judit Freixa e Elisabet Solé (eds.), *La neologia en el tombant de segle*. Barcelona, Universitat Pompeu Fabra, 85-108.

Cabré, M. T., Freixa, J. e Solé E. (1997): “À la limite des mots construits possibles”, en Danielle Corbin *et alii* (ed.): *Silexicales* 1, 65-78.

_____. (1998): “Interès de la neologia en el marc de la traducció: l’Observatori de Neologia”, en Pilar Orero (ed.): *Actes del III Congrés Internacional sobre Traducció. 28-30 de març de 1996*. Bellaterra, Universitat Autònoma de Barcelona, 637-648.

Corbeil, J.-C. (1971): “Aspects du problème néologique”, *La Banque des Mots* 2, 123-136.

Ferreiro Fernández, M. (1997): *Gramática histórica galega II Lexicoloxía*. Santiago de Compostela, Laiovento.

Gómez Clemente, X. M. e Rodríguez Guerra, A. (2003): “Neoloxismos na lingua xornalística galega” en Xosé María Gómez Clemente e Alexandre Rodríguez Guerra (coords.), *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade, 95-168.

Haugen, E. (1972): “The Analysis of Linguistic Borrowing”, en *The Ecology of Language*. Stanford, Stanford University Press.

Jacobi, D. (1987): *Textes et images de la vulgarisation scientifique*. Paris, Peter Lang.

Observatori de Neologia (1998): *Diccionari de paraules noves*. Barcelona, Enciclopèdia Catalana.

Rodríguez Cruz, B. e Rodríguez Rodríguez, A. (2003): “O castelanismo na prensa galega”,

en Xosé María Gómez Clemente e Alexandre Rodríguez Guerra (coords.), *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade, 169-178.

A COMISIÓN TÉCNICA DE LINGUAXES DE ESPECIALIDADE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Manuel C. Núñez Singala
Coordinador da CTLE do CCG

A existencia do Consello da Cultura Galega vén determinada polo artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia e créase mediante a Lei 8/1983 do 8 de xullo do Consello da Cultura Galega.

Este organismo debe de ser entendido “como un corpo asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización”. Como é sabido compóñeno membros representativos de entidades dos diversos campos da cultura e tamén personalidades sobranceiras da cultura de Galicia.

Por lei, as súas competencias son:

- a) Analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural e fomentar a lingua e a cultura galegas.
- b) Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego.
- c) Organizar accións culturais adecuadas aos fins do Consello dentro ou fóra de Galicia.
- d) Asesorar e consultar aos poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.
- e) Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego¹.

Para levar a cabo estes obxectivos que a lei lle encomenda, o Consello organiza o seu funcionamento por medio de tres tipos de organismos:

- a) as seccións
- b) os arquivos
- c) as comisións técnicas

As seccións e mais os arquivos teñen carácter permanente; as comisións técnicas, no entanto, créanse para responder a demandas concretas, de modo que algunhas delas poden ter carácter circunstancial.

As *seccións* teñen como cometido o estudo dos seus eidos de competencia, para o cal elaboran informes ou propostas e poden promover actividades para o seu desenvolvemento. Fórmanas un conxunto de persoas destacadas no seu eido que son convidadas a participaren nelas. Cada sección traballa baixo a dirección dun coordinador, que á súa vez é membro do Pleno do Consello que tamén o designa.

As seccións existentes ata a data no Consello da Cultura Galega son:

- a) Antropoloxía Cultural
- b) Arquitectura
- c) Artes Plásticas

¹ Pódese ampliar información a este respecto na Lei 8/1983 do 8 de xullo do Consello da Cultura Galega (DOG do 9 de agosto de 1993).

- d) Comunicación
- e) Cultura Galega no Exterior
- f) Dereito
- g) Lingua
- h) Patrimonio Histórico
- i) Patrimonio Natural
- l) Música e Artes Escénicas
- m) Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade

Os *arquivos*, como o seu propio nome indica, son os encargados da recolla, custodia e organización da documentación que se considere de interese no seu eido de especialidade. Esta documentación arquivada debe ser posta ao dispor dos investigadores e profesionais de cada área, e tamén ao público en xeral.

Cada arquivo ten un director, membro do Pleno do Consello, e tamén conta cunha comisión técnica que contribúe á súa orientación. Arquivos e seccións son, co novo regulamento do Consello (29 de setembro de 2000), organismos independentes entre si.

Na actualidade os arquivos que foron creados son:

- a) Arquivo da Emigración Galega
- b) Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia
- c) Arquivo Sonoro de Galicia
- d) Arquivo de Medios

Por último, as *comisións técnicas* créanse para o estudo de temas concretos, e poden ser fixas ou circunstanciais. Non se trata de organismos independentes, coma as seccións ou os arquivos, xa que as comisións técnicas dependen sempre dunha sección, e a persoa que as presida debe ser membro do Pleno e tamén da sección á que se adscriba a comisión correspondente.

Na actualidade existen dúas comisións con carácter fixo:

- a) Comisión Técnica de Patrimonio Histórico
- b) Comisión Técnica de Teatro

e outras quince con carácter non permanente:

- a) Comisión Técnica de Cinematografía e Artes Visuais
- b) Comisión Técnica de Comunicación Creativa e Corporativa
- c) Comisión Técnica de Dereito Galego
- d) Comisión Técnica de Deseño
- e) *Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade*
- f) Comisión Técnica de Museos
- g) Comisión Técnica de Novos Medios
- h) Comisión Técnica de Patrimonio Histórico
- i) Comisión Técnica de Prensa
- l) Comisión Técnica de Radio
- m) Comisión Técnica de Síntese sobre o Problema da EEB, e da vEKJ e as súas repercusións en Galicia
- n) Comisión Técnica de Tecnoloxía

- ñ) Comisión Técnica de Televisión
- o) Comisión Técnica de Territorio e Urbanismo
- s) Comisión Técnica do Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia.

A COMISIÓN TÉCNICA DE LINGUAXES DE ESPECIALIDADE

A CTLE é un organismo aínda novo, que efectuou a súa xuntanza de constitución o día 14 de marzo de 2001 e que nace cos seguintes obxectivos:

- a) Crear un foro de debate estable sobre a elaboración das linguaxes de especialidade galega no que estean representados os principais servizos lingüísticos que elaboran terminoloxía e que fixan os tecnolectos das distintas áreas de coñecemento en Galicia, así como investigadores especialistas nesta área.
- b) Crear unha rede de intercambio de información que sirva para coordinar os esforzos e os recursos sobre esta materia.
- c) Elaborar de modo conxunto propostas de actuación nesta área para as entidades competentes en materia lingüística.
- d) Conectar con outras experiencias próximas de elaboración do corpus en terminoloxía e linguas de especialidade.

Os membros da Comisión foron seleccionados segundo dous criterios: por un lado, a pertenza a servizos lingüísticos activos na creación de terminoloxía e na elaboración das linguaxes de especialidade galegas, e polo outro, atendendo ao seu perfil profesional relacionado coas linguas de especialidade tanto no plano académico, coma no investigador ou no técnico. Por outra banda, o artigo 14.1 do Regulamento do Consello da Cultura Galega fixa nun máximo de dez os posibles integrantes das comisións técnicas.

Na actualidade os membros da Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade son:

- a) *Luís Daviña Facal*. Especialista en terminoloxía das ciencias naturais, autor de varios traballos de investigación sobre este tema.
- b) *Carlos Díaz Abreira*. Membro da Unidade de Tradución do Parlamento de Galicia, coautor do *Manual de Linguaxe Administrativa*.
- c) *Xermán García Cancela*. Xefe do Servizo de Tradución do Diario Oficial de Galicia, coautor do *Manual de Linguaxe Administrativa*.
- d) *Manuel González González*. Director do Termigal, membro do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega.
- e) *Alberte González Montañés*. Responsable do Servizo Lingüístico da Audiencia Provincial de Ourense, investigador sobre terminoloxía xurídica galega.
- f) *Ana Luna Alonso*. Profesora de tradución especializada francés-galego da Universidade de Vigo, organizadora de xornadas sobre a tradución no ámbito institucional e do simposio de tradución técnica da Asociación de Tradutores Galegos.
- g) *Manuel C. Núñez Singala*. Director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, membro do Comité de Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía).
- h) *Salvador Pérez Froiz*. Técnico lingüista da Televisión de Galicia, especialista en terminoloxía deportiva.

i) *Xusto A. Rodríguez Río*. Técnico en normalización lingüística do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, membro do grupo de investigación e de terminoloxía e neoloxía da Universidade de Vigo, investigador sobre terminoloxía galega.

A secretaría da Comisión recaeu en *Iolanda Galanes Santos*, técnica documentalista do Consello da Cultura Galega e investigadora no terreo das linguas de especialidade.

A comisión estivo coordinada desde os comezos ata o 3 de outubro de 2001 por Carlos Díaz Abreira. Substituíuno nesa tarefa Manuel C. Núñez Singala, que é o actual coordinador.

É claro que nun período tan curto de vida os logros non puideron ser moitos. En calquera caso, salientaremos o traballo realizado ata o de agora e aquelas actividades nas que se deron maiores avances, e apuntaremos algunhas das liñas que probablemente se sigan no futuro.

O primeiro dos obxectivos perseguidos coa creación desta Comisión, isto é, o establecemento dun foro estable sobre terminoloxía e linguas de especialidade é xa unha realidade. Tal e como se desprende da relación dos seus membros, a Comisión é un espazo plural no que están representados os principais produtores de terminoloxía de Galicia, así como os investigadores de maior relevancia neste eido.

O segundo obxectivo vaise conseguindo de vagar. Pretendíase crear unha rede de intercambio da información xerada polos órganos que están representados na Comisión. A este respecto o Termigal asumiu a súa responsabilidade como futuro centro de documentación en terminoloxía galega, tarefa que, porén, levará a cabo en principio o CDSG xa que arestora conta con mellores medios e infraestruturas.

Tense avanzado bastante, tamén, na elaboración dun modelo xeral de ficha terminolóxica, tanto en soporte dixital como en papel, de modo que se unifiquen criterios á hora de tratar a información e ao mesmo tempo se lle facilite este tipo de traballos aos organismos do país que estean interesados na produción e elaboración de traballos terminográficos.

Fíxose así mesmo unha recolla, que pretende ser exhaustiva, de toda a produción terminográfica existente ata o momento en Galicia.

Por outra parte e perseguindo unha maior axilización do traballo, dentro da Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade constituíronse tres subcomisións que marcarán en certa medida as liñas de futuro deste organismo.

a) *Subcomisión de terminoloxía e servizos*: orientarase cara á formación terminolóxica de traballadores de servizos de normalización e lingüísticos, ao estudo de ferramentas útiles no traballo terminolóxico, ao establecemento dun método de traballo e á difusión da información.

b) *Subcomisión de investigación*: coordinará as informacións sobre traballos teóricos e prácticos existentes en Galicia ou fóra que inclúan o galego como lingua de traballo. Tamén sobre redes internacionais, eventos formativos de interese, proxectos sobre linguas minorizadas, etcétera.

c) *Subcomisión de planificación*: o obxectivo será a proposta de medidas que fagan rendible os actuais traballos en terminoloxía, así como optimizar técnicas de traballo e promover a difusión de materiais.

Cada subcomisión poderá desenvolverse de modo autónomo e presentar propostas de traballo que se estudarían nas reunións da Comisión.

As liñas de traballo no futuro, unha vez reunida a Comisión en tres ocasións e realizada unha primeira análise de necesidades por todos os membros, deberían de ir polos seguintes vieiros:

- a) Elaboración dun *plan de traballo*, que lle dea prioridade aos sectores que precisan atención con máis urxencia.
- b) Elaboración dunha *metodoloxía*, de modo que se unifiquen no posible os criterios á hora de realizar traballos terminolóxicos.
- c) Fixación duns *criterios* mínimos para problemas urxentes do día a día: formación de neoloxismos, adaptación de termos técnicos, estranxeirismos, grafía de cultismos...
- d) *Recuperación da terminoloxía xa producida*, a través do tratamento de materiais e textos existentes. Por exemplo a terminoloxía xerada ao abeiro do DOG ou a terminoloxía deportiva da TVG.
- e) Demanda do establecemento dun *criterio de autoridade* na fixación de novos termos.
- f) Estudo e coordinación de *ferramentas e métodos de traballo* adaptados ás novas tecnoloxías.
- g) Fomento da *formación e investigación terminolóxica* no ámbito universitario.
- h) Incardinación dos traballos galegos nas *redes internacionais* de traballo terminolóxico.
- i) *Difusión* de todas estas iniciativas e dos logros que se vaian acadando.
- l) Edición, dixital ou en papel, dun *boletín* informativo.

A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA UNIÓN EUROPEA

Miquel Strubell i Trueta
Universitat Oberta de Catalunya

INTRODUCCIÓN

Instalados, quizais, nunha tradición cultural onde non brillaba xustamente a creación de tradicións novas, é moi positivo ver como aquí en Galicia os especialistas no tema da normalización lingüística teñen xa unha historia de *Encontros*. Agardo e confío en que sexa longa aínda que tamén agardo que cheguen, algún día, á normalidade lingüística.

Moitos servizos lingüísticos acumulan un potencial que, máis alá das tarefas máis cotiás –que serán o asesoramento e a corrección de textos para os organismos e para as entidades que teñan un persoal que aínda non ten perfeccionado os seus coñecementos de galego–, achega, ademais, unha variedade de iniciativas de promoción lingüística de índole moi diversa.

Quero nesta achega ofrecer unha visión máis ampla (desde un punto de vista xeográfico) da política lingüística, falando da que leva a cabo a Unión Europea.

Curiosamente, para ser un organismo no que os quince estados membros teñen máis de vinte linguas con status de oficialidade e das cales once, ao seren as linguas oficiais dos estados en cuestión (ou de máis dun), foron declaradas linguas oficiais da Unión, hai relativamente poucos textos sobre a política lingüística da Unión Europea. Como se verá máis adiante, ata certo punto o tema mesmo foi tabú.

1 A OFICIALIDADE LINGÜÍSTICA

Como é sabido, o Tratado de Roma foi asinado en 1957 por seis estados: Bélxica, Francia, a República Federal de Alemaña, Italia, os Países Baixos e Luxemburgo¹.

O Tratado de Roma funda a Comunidade Económica Europea (1958), como sucesora da súa precedente inmediata: a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (cos mesmos seis estados membros e fundada no ano 1952). A vontade dos fundadores destas organizacións, entre eles estadistas de ampla visión como Monnet, Adenauer, Schuman ou de Gasperi, era a de intentar evitar dunha vez por todas a repetición das guerras que de forma cíclica enfrontaran durante séculos os principais estados da Europa occidental². A última fora a terrible guerra mundial de 1939-1945, que destruíra boa parte das cidades e das industrias destes países. O feito é que desde entón non existiu ningunha nova confrontación bélica entre estes estados, o cal xa en por si supón un enorme éxito da comunidade.

Volvendo á creación da Comunidade Económica Europea, unha das súas primeiras decisións versaba sobre o seu réxime lingüístico. O mesmo texto do

¹ http://www.lineone.net/discovery/general_knowledge/history/data/european_community.html, <http://www.germany-info.org/EU/eu-eurochron.htm>

² Véxase o artigo de Jacques Delors ‘L'Europe et la culture’ en: <http://www.eurodialog.org.pl/ed/0/delors.html.fr>: ‘Vous connaissez certainement ce mot que l'on prête à Jean Monnet, mais qu'en réalité il n'a pas prononcé: ‘si c'était à refaire, je commencerais par la culture.’

Tratado, aínda que non facía mención ningunha ás linguas que serían oficiais no seo da Comunidade, establecía a validez das versións lingüísticas do texto do Tratado:

O presente Tratado, redactado nun exemplar único en lingua alemá, lingua francesa, lingua italiana e mais en lingua neerlandesa, e no que os seus catro textos son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos do Goberno da República Italiana, que lles remitirá unha copia certificada a cada un dos gobernos dos restantes estados signatarios.³

Máis adiante vai ampliándose a Comunidade con novas incorporacións e o texto básico do réxime lingüístico consolídase con outras modificacións ata ter hoxe o seguinte texto vixente:

En virtude dos tratados de adhesión, son igualmente auténticas as versións do presente tratado nas linguas danesa, española, finesa, grega, inglesa, irlandesa, portuguesa e sueca.⁴

Realmente, non se pode dicir que este artigo sustente un “réxime lingüístico” coma tal. Vese, ademais, que se fai referencia ao tema lingüístico noutros dous artigos do Tratado. En efecto, e en primeiro lugar, encontramos unha potestade, ou dereito, cidadán definido no artigo 21 (antigo artigo 8 D)⁵:

[...]

3. Todo cidadán da Unión poderá dirixirse por escrito a calquera das institucións ou organismos recollidos no presente artigo ou no artigo 7 nunha das linguas mencionadas no artigo 314 e recibir unha contestación nesa mesma lingua.

De todas as formas, vese como este artigo só fai referencia a un elemento parcial da política lingüística da Comunidade: a relación das institucións cos cidadáns. No entanto, existe un terceiro e último artigo, orixinalmente o 217 (hoxe artigo 290), que establece o seguinte⁶:

O réxime lingüístico das institucións da Comunidade será fixado polo Consello, por unanimidade, sen prexuízo das disposicións previstas no regulamento do Tribunal de Xustiza.

É evidente que o Tratado dá carta branca aos estados, a través do Consello, para decidir o réxime lingüístico (que na versión inglesa se redacta como *the rules governing the languages of the institutions of the Community*, por certo) do conxunto de institucións da Comunidade, isto é, o Parlamento, o Consello, a Comisión, o Valedor do Pobo e mais o Tribunal de Contas.

Esta carta branca, curiosamente, non foi tocada desde a súa primeira redacción, a través do Regulamento 1/1958 do Consello, do 15 de abril de 1958, mediante o que se fixa o réxime lingüístico das institucións.⁷ Como se ve agora mesmo, as expresións “réxime lingüístico” ou “the rules” convértense no regulamento en “linguas oficiais” e en “linguas de traballo”, conceptos que non

³ O antigo artigo 248 do Tratado, actualmente artigo 314 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, <http://europa.eu.int/eur-lex/é/treaties/selected/livre258.html>

⁴ Fonte: ídem.

⁵ <http://europa.eu.int/eur-lex/é/treaties/selected/livre203.html>

⁶ <http://europa.eu.int/eur-lex/é/treaties/selected/livre257.html>

⁷ Fonte: <http://troc.é/ciemen/mercator/UE3-CT.HTM>

aparecen con estes termos en ningunha parte do Tratado (nin tampouco no Tratado da Unión).

Artigo 1: As linguas oficiais e as linguas de traballo das institucións da Comunidade son o alemán, o francés, o italiano e mais o neerlandés.

Artigo 2: Os textos que un estado membro, ou unha persoa baixo a xurisdición dun estado membro, lles envíe ás institucións teñen que ser redactados, segundo elixa o remitente, nunha das linguas oficiais. A resposta ten que ser redactada naquela mesma lingua.

Artigo 3: Os textos que as institucións lles envíen a un estado membro ou a unha persoa baixo a xurisdición dun estado membro teñen que ser redactados na lingua do citado estado.

Artigo 4: Os regulamentos e os demais textos de carácter xeral teñen que ser redactados nas catro linguas oficiais.

Artigo 5: O Diario Oficial da Comunidade ten que publicarse nas catro linguas oficiais.

Artigo 6: As institucións poden determinar as modalidades de aplicación deste réxime lingüístico nos seus regulamentos internos.

Artigo 7: O réxime lingüístico de procedemento do Tribunal de Xustiza ten que ser determinado no seu regulamento de procedemento.

Artigo 8: No tocante aos estados membros con varias linguas oficiais, o uso dunha lingua terá que rexerse, a pedimento do interesado, conforme as normas xerais da lexislación do citado estado.

Este regulamento é obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable a cada estado membro.

Polo tanto, as linguas oficiais orixinais son: alemán, francés, italiano e neerlandés, de orixe. Máis adiante engádense, en 1973⁸, o danés e mais o inglés; en 1980, o grego; en 1986, o español e mais o portugués; en 1995, o finés e o sueco; son en total, once linguas oficiais: un caso certamente posible e mesmo natural no momento da fundación da Comunidade, con catro linguas, pero claramente extraordinario cando este número chegou a once.

Paga a pena facer algunhas observacións sobre os textos ata agora considerados. En primeiro lugar, o irlandés é “lingua do tratado”, pero non é lingua oficial. Os cidadáns poden dirixirse en irlandés, por escrito, ás institucións comunitarias e recibir unha resposta na mesma lingua. Ademais, é igualmente auténtica a versión do Tratado en lingua irlandesa.

O segundo caso interesante é o luxemburgués (o “lëtzebuergesch”). Non é lingua oficial da Unión, e de feito non o era nin en Luxemburgo no momento do Tratado de Roma. Non será ata 1984 cando unha lei lingüística estatal⁹ converta o luxemburgués na lingua “nacional” de Luxemburgo, o francés na lingua “lexislativa” e o alemán, o francés e mais o luxemburgués nas linguas “administrativas e xudiciais”. Pero o luxemburgués no chegará a ter, ata hoxe, ningún rango de oficialidade na Unión.

Unha terceira curiosidade é de índole diferente: o grego é a primeira lingua oficial da Comunidade que non se escribe con grafía latina.

Antes de pasar a considerar outro regulamento, o do Tribunal de Xustiza, é interesante reparar na posición da Comisión neste tema nunha resposta ao eurodeputado Camilo Nogueira, que lle formulara en portugués a seguinte pregunta:

⁸ Fonte para estas datas: http://www.inta.gatech.edu/eucenter/resources/eu_timeline.html

⁹ Sobre o réxime das linguas. Fonte: <http://www.eblul.org/galleg/Stadou/luxembourg.htm>

Que opina a Comisión da posibilidade de declarar linguas oficiais da Unión Europea non só as linguas oficiais dos Estados membros, senón tamén as linguas oficiais nos Estados membros?¹⁰

A resposta do señor Prodi é tallante:

A Comisión lébralle á súa señoría que, en virtude do artigo 290 do Tratado CE (antigo artigo 217), o réxime lingüístico "será fixado polo Consello por unanimidade". Por conseguinte, o Tratado non prevé que a Comisión presente propostas neste ámbito.¹¹

Agora ben, está claro que o Consello ten a potestade de decisión mais nada impide, no texto do Tratado, que a Comisión lle dirixa unha proposta.

Como vimos, o réxime do Tribunal de Xustiza establécese por outra vía: o do regulamento interno. En efecto, no Regulamento de procedemento do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (a versión que citamos é do 19 de xuño de 1991), no capítulo III, sección II, fálase dos Servizos do Tribunal. No seu artigo 22, fálase dun servizo lingüístico:

O Tribunal establece un Servizo Lingüístico composto por expertos que teñan unha cultura xurídica adecuada e un amplo coñecemento de varias linguas oficiais do Tribunal.

Pero é no capítulo VI onde se trata o réxime lingüístico do Tribunal. O seu artigo 29 establece cales serán as linguas de procedemento (engadiríanse posteriormente o finés e mais o sueco). Ademais, é significativa a presenza nesta lista do irlandés, que non é, como xa dixemos, unha lingua oficial da Unión. Velaquí o texto íntegro do artigo.

[...] CAPÍTULO VI
Do réxime lingüístico
Artigo 29

1 As linguas de procedemento son o alemán, o inglés, o danés, o español, o francés, o grego, o irlandés, o italiano, o neerlandés e o portugués.

2 A lingua de procedemento elíxela o demandante, sen prexuízo das disposicións seguintes:

a) Se o demandante é un estado membro ou unha persoa física ou xurídica dun estado membro, a lingua de procedemento ten que ser a lingua oficial daquel estado; para o caso de que haxa diversas linguas oficiais, o demandante terá a facultade de escoller a que máis lle conveña.

b) Cando as partes o soliciten conxuntamente, o Tribunal pode autorizar o uso, en todo ou en parte do procedemento, doutra lingua das linguas mencionadas no apartado 1 deste artigo.

c) Cando unha das partes o solicite, e logo de escoitar a outra parte e mais o Avogado Xeral, o Tribunal pode autorizar, como excepción ao que dispoñen as letras a) e b), o uso total ou parcial, como lingua de procedemento, doutra das linguas mencionadas no apartado 1 deste artigo; a demanda non pode ser presentada por unha das institucións das comunidades europeas.

¹⁰ Pregunta escrita E-1445/99 de Camilo Nogueira Román (Verts/ALE) á Comisión (1 de setembro de 1999) Asunto: recoñecemento do plurilingüismo na lexislación vixente nos diversos estados membros da Unión Europea.

¹¹ Resposta común ás preguntas escritas E-1445/99 e P-1495/99 dada polo Sr. Prodi no nome da Comisión (15 de outubro de 1999).

<http://www2.europarl.eu.int/omk/OM-Europarl?PROG=WQ&L=É&PUBREF=-//EP//TEXT+WQ+E-1999-1445+0+DOC+SGML+V0//É&LEVEL=3>
DOCE C 27 E do 29/01/2000 (p. 71).

Nos casos recollidos no artigo 103 deste regulamento, a lingua de procedemento ten que ser a do órgano xurisdiccional nacional que formulase a cuestión ao Tribunal.

3 A lingua de procedemento ten que empregarse especialmente nos informes orais, nos escritos de alegacións das partes, nos documentos que os acompañen e tamén nas actas; e nos documentos que se presenten redactados nunha lingua diferente terán que presentarse acompañados dunha tradución na lingua de procedemento.

No entanto, no caso de documentos moi longos, a tradución pode limitarse a extractos. En calquera momento o Tribunal ou a Sala poden esixir unha tradución máis completa ou íntegra, de oficio ou por instancia de parte, do documento en cuestión.

4 Cando as testemuñas ou os peritos declaren que non poden expresarse convenientemente nunha das linguas mencionadas no apartado 1 deste artigo, o Tribunal ou a Sala pode autorizalos para que fagan as súas declaracións noutra lingua. O secretario ten que encargarse de que se realice a tradución correspondente á lingua de procedemento.

5 O presidente do Tribunal e mais os presidentes de sala ao dirixir os debates, o xuíz relator no seu informe preliminar e no seu informe para a vista, os xuíces e os avogados xerais ao formular preguntas, e estes últimos nas súas conclusións, poden usar unha das linguas mencionadas no apartado 1 deste artigo a pesar de que sexa diferente da lingua de procedemento. O secretario ha de encargarse de que se realice a tradución correspondente á lingua de procedemento.

No apartado 4 lese que “Cando as testemuñas ou os peritos declaren que non poden expresarse convenientemente nunha das linguas mencionadas no apartado 1 deste artigo, o Tribunal ou a Sala pode autorizalos para que fagan as súas declaracións noutra lingua”. Quizais por desgraza, dificilmente atoparemos hoxe en día un cidadán membro dunha minoría nacional na Europa comunitaria que poida aducir este descoñecemento da lingua oficial do seu estado.

O regulamento segue con dous artigos máis, o 30 e o 31:

Artigo 30

1 Cando o soliciten os xuíces, o avogado xeral ou unha das partes, o secretario ha de encargarse de que as manifestacións escritas ou orais formuladas diante do Tribunal ou da Sala durante o procedemento sexan traducidas ás linguas que escollesen de entre as mencionadas no apartado 1 do artigo 29.

2 As publicacións do Tribunal teñen que facerse nas linguas indicadas no artigo 1 do Regulamento núm. 1 do Consello.

Artigo 31

Os textos redactados na lingua de procedemento ou, se procede, noutra lingua autorizada en virtude do artigo 29 deste Regulamento, son auténticos.

[...]

En resumo, trátase dun réxime do que se veu en chamar “multilingüismo integral” en que cada lingua ten o mesmo rango e, sobre o papel, os mesmos usos. O Tribunal de Xustiza, na súa recente sentenza respecto ao caso Kik¹², negou que houbera un concepto tal reflectido nos tratados. En troques, o Parlamento Europeo defendeu este modelo varias veces. Así, podemos citar a Resolución sobre o multilingüismo na Comunidade Europea, do 14 de outubro de 1982¹³:

¹² Caso T-120/99 Kik v. OHIM, sentenza do 12 de xullo de 2001, pendente de apelación.

¹³ <http://troc.é/ciemen/mercator/UE23-CT.htm>

- 1 Confirma inequivocamente que as linguas oficiais e de traballo nas institucións comunitarias son o danés, o holandés, o inglés, o francés, o alemán, o grego e o italiano;
- 2 Confirma a regra de que ten que haber unha absoluta igualdade entre as linguas comunitarias, de maneira pasiva ou activa, oralmente ou por escrito, en todas as reunións do Parlamento e das súas institucións...

Uns anos máis tarde, repite a declaración na Resolución 162/94 sobre o dereito ao uso da propia lingua, do 25 de xullo de 1994).¹⁴

O Parlamento Europeo [...]

1 Confirma que todas as linguas oficiais da Unión Europea constitúen tamén as linguas de traballo do Parlamento Europeo;

2 Confirma unha vez

máis que todas as linguas oficiais da Unión teñen que ser usadas de maneira rigorosamente igual, cada vez que cumpra, en todas as reunións do Parlamento Europeo, xa sexan usadas activamente ou pasivamente, oralmente ou por escrito [...]

Houbo outros intentos de reducir o número de linguas de traballo. Así, por exemplo, aos poucos meses desta declaración do Parlamento, M. Lamassoure, daquela ministro francés para os asuntos europeos, propuxo que houbera só cinco linguas de traballo: francés, alemán, italiano, español e inglés (decembro de 1994). O Parlamento desbotou a idea novamente cunha resolución sobre o uso das linguas oficiais nas institucións da UE (20 de xaneiro de 1995).¹⁵

En definitiva, entre lingua oficial e lingua de traballo non hai diferenza legal, segundo o regulamento do Consello, para as principais institucións da Comunidade: non hai lingua oficial que non sexa lingua de traballo, e viceversa. A través dun breve repaso por internet, imos ver se isto é sempre verdade. Hai moitos documentos que si existen en todas. O portal da Unión Europea, www.europa.eu.int/, é un bo exemplo.

Agora ben, en realidade o uso das once linguas non é do 9% para cada lingua, como mandaríase unha proporcionalidade estrita. Primeiro, hai páxinas que só ofrecen información nalgúns idiomas. Así, a páxina de información sobre a política rexional, <http://www.inforegio.org>, só dá información en cinco idiomas: inglés, francés, alemán, italiano e español. O mesmo criterio séguese en www.cordis.lu, a páxina sobre investigación e desenvolvemento científico CORDIS.

É máis, o uso interno das linguas por parte dos empregados da Unión é sorprendente porque se reduce na práctica a dúas. Un estudo realizado en 1994 pola Gerhard-Mercator Universität Duisburg (citado por Ó Riagáin, 2001¹⁶) ofrece as seguintes cifras:

Lingua	Uso dentro das institucións da UE (en %)		Con cidadáns da UE (en %)		Con cidadáns de fóra da UE (en %)	
	Oral	Escrito	Oral	Escrito	Oral	Escrito
Francés	69	75	54	56	30	28
Inglés	30	25	42	41	69	71
Alemán	1	<0.5	3	2	1	1
Outras	<0.5	<0.5	1	1	<0.5	<0.5

¹⁴ <http://troc.é/ciemen/mercator/UE21-CT.HTM>

¹⁵ <http://www.troc.é/ciemen/mercator/UE28-GB.HTM>

¹⁶ Dónall Ó Riagáin, The European Union and Lesser Used Languages, *MOST Journal on Multicultural Societies*, Vol. 3, Núm. 1. ISSN 1564-4901 © UNESCO, 2001. <http://www.unesco.org/most/v13n1ria.htm>



Por outro banda, tamén houbo un intento serio de lograr para outra lingua, ademais das once citadas, a categoría de lingua oficial. Trátase da lingua catalá. Dous pedimentos neste sentido, formulados polos parlamentos das Illas Baleares e de Cataluña, contando co apoio popular dun gran número de sinaturas e promovido por La Crida, deron como resultado final a Resolución 1235/90 do Parlamento Europeo sobre a situación das linguas na Comunidade e da lingua catalá, de 11 de decembro de 1990¹⁷.

O Parlamento pediulles catro cousas ao Consello e mais á Comisión:

- a) A publicación en catalán dos tratados e dos textos fundamentais da Comunidade.
- b) A difusión en catalán da información pública relativa ás institucións europeas por todos os medios de comunicación.
- c) A inclusión do catalán nos programas elaborados pola Comisión para a aprendizaxe e para o perfeccionamento das linguas europeas.
- d) O uso do catalán nas relacións orais e escritas co público nas oficinas da Comisión nas comunidades autónomas en cuestión.

Deixando a un lado a negativa, por incompetencia, do Parlamento a conceder o status de oficialidade á lingua catalá, podémonos preguntar se foron atendidas estas recomendacións. De feito, fóronse publicando en catalán os tratados e os textos fundamentais da Comunidade, pero sen seren versións oficiais. Fixéronse algúns opúsculos en catalán relativos ás institucións europeas. Tamén hai certo uso do catalán nas relacións orais e escritas co público nas oficinas da Comisión, cando menos en Barcelona. Agora ben, como comentaremos máis adiante, non se incluíu o catalán nos programas para a aprendizaxe e para o perfeccionamento das linguas europeas.

Houbo tamén unha iniciativa galega. Así, Rosaria Bindi, presidenta da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo informou a don Ramón Villares Paz (Universidade de Santiago de Compostela) do resultado dunha petición (nº 687/91) que a devandita Comisión de Peticións examinou na súa reunión dos días 26 e 27 de xaneiro de 1993.

“Ao remate deste exame, a Comisión considerou que a lingua galega debe recibir o mesmo trato ca a lingua catalá, de acordo coa resolución aprobada polo Parlamento Europeo o 11 de

¹⁷ Doc. A3-169/90. <http://troc.é/ciemen/mercator/UE20-CT.HTM>

decembro de 1990 sobre a base do informe elaborado en nome da Comisión de Peticións, relativo á situación das linguas nas comunidades europeas e á da lingua catalá.”¹⁸

De todos modos, si haberá máis linguas oficiais, previsiblemente cando se amplíe a UE cara ao leste. Será o momento, se cadra, de formularse de novo a conveniencia do actual modelo de multilingüismo integral, deseñado para unha situación na que había un número moi reducido de estados membros. Non sería imposible idear unha solución máis equitativa ca a actual para o catalán, o galego ou outras linguas ata agora excluídas, e ao tempo máis operativa.

2 OS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

A cantidade de movemento de traducións e de servizos de interpretación, entre once linguas, é enorme. Foron realizadas 1 268 255 traducións no ano 2001 polos servizos de tradución¹⁹. Non hai ningún outro organismo internacional que traballe con once linguas en igualdade de condicións. Ademais, a investigación terminolóxica é dunha necesidade constante. O custo de todos estes servizos é alto: 723 millóns de euros (en 1999)²⁰. Segundo o punto de vista que se teña, esta cifra é demasiado alta e deberían recortarse os servizos lingüísticos ou ben é unha porcentaxe baixa en comparanza co servizo de achegamento aos cidadáns que garante.

Ao lado destes servizos, e actuando como un dos seus provedores principais, hai varias bases de datos terminolóxicas: EURODICAUTOM²¹, EUTERPE²², TIS²³, que actúan para o Consello, o Parlamento e a Comisión. Esta fragmentación conduciu, sen dúbida, a un certo grao de duplicación de tarefas, polo que se traballa actualmente nun proxecto –en colaboración cos servizos de terminoloxía doutras institucións e axencias da UE en Luxemburgo, Bruxelas e outros lugares– de desenvolvemento dunha base única de datos de terminoloxía para a Unión Europea, na que se refundirán as tres bases de datos xa citadas. Agárdase que no 2002 esta base única sexa un medio interactivo de traballo²⁴.

3 AS LINGUAS ESTRANXEIRAS

Desde hai cando menos 15 anos, a Comunidade é consciente da necesidade de fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre os seus cidadáns, co fin de

¹⁸ <http://cde.ugr.é/Legislacion/dat/2000/ce374/ce37420001228es00820082.pdf>

¹⁹ *Translating for a Multilingual Community. Translation Service of the European Community*. February 2002. Ver p. 8.

http://europa.eu.int/comm/dgs/translation/bookshelf/booklet_2002_en.pdf

²⁰ Equivalentes a 120.297 millóns de pesetas.

²¹ EURODICAUTOM é o banco de datos terminolóxicos da Comisión Europea:

<http://europa.eu.int/eurodicautom/login.jsp>

²² EUTERPE (*Exploitation unifiée de terminologie au Parlement européen*) comezou a desenvolverse en 1991.

²³ TIS é o banco de datos terminolóxicos que empregan os terminólogos que traballan na Secretaría Xeral do Consello da Unión Europea. <http://tis.consilium.eu.int/utfwebtis/frames/introfsEN.htm>

²⁴ http://www.europarl.eu.int/terminology/default_é.htm

que as competencias lingüísticas non sexan unha barreira para a mobilidade laboral (un dos seus grandes obxectivos) dentro da Comunidade.

A promoción da ensinanza e da aprendizaxe de linguas é un dos obxectivos do programa SÓCRATES 2 en xeral, e das accións Erasmus, Comenius e Grundtvig en particular. A acción Lingua²⁵, integrada dentro do programa Sócrates, apoia estas accións a través de medidas destinadas a:

- a) Fomentar e apoiar a diversidade lingüística na Unión.
- b) Contribuír a mellorar a calidade da ensinanza e da aprendizaxe de linguas.
- c) Promover o acceso a oportunidades de formación lingüística permanente axeitadas ás necesidades de cada individuo.

O ensino de linguas abrangue a ensinanza e a aprendizaxe, como linguas estranxeiras, de todas as linguas oficiais da Comunidade, ademais do irlandés e mais o luxemburgués. Tamén poderán subvencionarse as linguas nacionais dos países da AELC/EEE (o islandés, o noruegués...) e dos países candidatos á adhesión que participan neste programa (o checo, o estoniano, o polaco...).

A través deste programa, préstaselle especial atención ao desenvolvemento de competencias nas linguas oficiais da Comunidade menos difundidas e menos ensinadas (as linguas 'LWULT'²⁶): o danés, o sueco, o grego, o finés, o neerlandés e o portugués.

Unha mención á parte merece outra iniciativa, en aparencia puntual: trátase dunha iniciativa do Consello de Europa asumida pola Unión: a declaración mediante decisión do Parlamento Europeo e do Consello do ano 2001 como *Ano Europeo das Linguas*.²⁷

Os seus obxectivos son:

a) Fomentar a sensibilización dos cidadáns sobre a importancia da riqueza da diversidade lingüística e cultural na Unión Europea e sobre o valor que esta riqueza representa en termos de civilización e de cultura, tendo en conta o principio que establece que todas as linguas son iguais en valor cultural e en dignidade.

b) Alentar o multilingüismo.

c) Poñer en coñecemento dun público o máis amplo posible as vantaxes que supón dominar varios idiomas, elemento clave do desenvolvemento persoal e profesional (incluída a busca do primeiro emprego) do individuo, da comprensión intercultural, do exercicio pleno dos dereitos que confire a cidadanía da Unión e da mellora do potencial económico e social das empresas e do conxunto da sociedade [...].

d) Fomentar a aprendizaxe permanente dos idiomas, se é o caso desde os niveis de preescolar e de primaria, así como a adquisición das competencias afíns vinculadas ao uso de idiomas para fins específicos, especialmente profesionais, de todos os que residan nos estados membros [...].

²⁵ <http://europa.eu.int/comm/education/languages/é/actions/lingua2.html>

²⁶ "Less widely used and less taught"

²⁷ Decisión nº 1934/2000/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de xullo de 2000, pola que se establece o Ano Europeo das Linguas 2001. *Diario Oficial* L 232, 14/9/2000, p. 1-5.

http://europa.eu.int/smartapi/cgi/sga_doc?smartapi!celexapi!prod!CELEXnumdoc&lg=É&numdoc=32000D1934&model=guichett

e) Recoller e difundir información sobre a ensinanza e a aprendizaxe de idiomas e sobre as competencias, métodos (en especial os innovadores) e instrumentos que contribúan a este fin [...].

Entre outras moitas actividades foméntanse simposios e congresos, ciclos de conferencias, o desenvolvemento de materiais para fomentar unha visión máis respectuosa da diversidade lingüística e máis positiva cara á aprendizaxe de linguas estranxeiras. Moitas delas recibiron axuda financeira da Comunidade (ata un total de 6 millóns de euros). A Comisión e mais o Consello de Europa abriron unha oficina do Ano Europeo das Linguas que mantivo unha páxina web, agora trasladada de URL: <http://www.eurolang2001.org/>.²⁸

Logo dunha recepción en principio cálida, en círculos cataláns comezan a agromar críticas. En primeiro lugar, pola exclusión do catalán das once versións lingüísticas da páxina. Esta crítica non se oe en ningún dos países do Consello de Europa (á parte dos da Unión) que teñen linguas que tampouco non aparecen: o polaco, o eslovaco, o búlgaro...

Algúns cren que esta exclusión se estende a calquera actividade enmarcada no Ano Europeo das Linguas, malia o feito de que na mesma decisión, no artigo 1, se establece que:

[...] As ditas medidas estarán dirixidas aos idiomas oficiais da Comunidade, xunto co irlandés, o luxemburgués e outros idiomas determinados polos estados membros e afectos pola aplicación da presente decisión.

O que significa, na práctica, todas as linguas con rango constitucional.

Outra crítica, esta vez xustificada, céntrase no apartado de poesía, na que se convida aos cidadáns a escribir na web as súas producións, e a outros a traducilas. Nos inicios desta experiencia, a identificación da lingua do poema é restrinxida por un despregable que só prevé... ¡once linguas! Perante as primeiras queixas a organización dáse inmediatamente conta e este erro axiña é corrixido.

Outro factor irrita tamén aos cataláns: a inclusión de datos dunha enquisa do Eurobarómetro especial, o número 54²⁹, sobre “Os europeos e as linguas” en relación coa lingua propia e co dominio doutras linguas, onde nin aparece o catalán nin ningunha outra lingua diferente das oficiais. Ademais, é imposible que a suma dos falantes destas linguas “esquecidas” non pase dun 1% do total. En Irlanda, onde non se inclúe no formulario o irlandés, o 38% das respostas citan esta lingua como lingua estranxeira.

	Lingua materna (%)	Segunda lingua (%)
Inglés	16	31
Alemán	24	8

²⁸ Transferiuse a web a http://194.78.216.59/eyl/EN/Information/AboutEYL/AboutEYL1_EN.htm. Hai unha páxina que recolle algunhas das iniciativas en <http://culture.coe.fr/AEL2001EYL/>

²⁹ Eurobarometer 54 Special. February 2001. *Europeans and Languages*. Produced by INRA Europe. http://europa.eu.int/comm/education/languages/lang/barolang_en.pdf Os datos de referencia suprimíronse desta versión do informe. Resumo executivo:

http://europa.eu.int/comm/public_opinion/archives/eb/ebs_147_summ_en.pdf

A táboa de datos segue podendo ser consultada, non obstante, en:

http://194.78.216.59/eyl/É/Information/Statistics/Statistics2_É.htm

Francés	16	12
Italiano	16	2
Español	11	4
Holandés	6	4
<i>Sueco</i>	2	1
Grego	3	1
Portugués	3	0
Danés	1	0
Finlandés	1	1
Ruso	0	0
“Outras”	1	4

En definitiva, a participación dos cataláns no foro da sede web³⁰ é notoria, chegando a constituír, nalgúns momentos e nalgúns temas, unha porcentaxe considerable das intervencións.

Así, hai protestas de moitos cataláns polo feito de limitar a once as linguas do portal.

Velaquí dous exemplos. O primeiro é de Jordi Serriols-Pla (16/5/2001) e titúlase “O catalán en Europa”:

Semella que un dos obxectivos do *Ano Europeo das Linguas* non se está a cumprir nin de lonxe. Segundo o Consello de Europa, todas as linguas son igualmente útiles e teñen que ser respectadas, pero o catalán –e moitas outras linguas minorizadas– non aparecen na páxina principal.

Non ten sentido propoñer uns obxectivos que non queremos cumprir.

Ou é que o poder español é tan forte que impide a presenza do catalán tamén en Europa?

A pregunta queda sen resposta (se cadra era retórica).

Outro correspondente mete o dedo na chaga, e novamente formula unha pregunta retórica:

De novo á UE fáltalle democracia real. Por que se lles nega aos catalán-falantes os mesmos dereitos que aos cidadáns doutras linguas (daneses, noruegueses, franceses...)? A UE empúrranos cara á idea de que os cataláns temos que crear o noso propio estado para obtermos o status de cidadanía europea de primeira clase?³¹

Hai que engadir que, a pesar da posibilidade de escribir poemas, finalmente e en calquera lingua só se atopan³² sete escritos en linguas non oficiais de estados e cinco son en catalán (os outros dous, en gujarati e en kurdo): Miquel Feltrer (idade 19-25) escribe “La misèria” desde Nàquera; e Josep Sornosa (igualmente de idade 19-25) escribe “Reivindicació da veritat” desde Lliria. Máis tarde Sornosa (25/11/2001) achega un segundo poema: “Insolències des da barraca”. Hai unha contribución máis ben anónima “Tinc 4 m de pèl”, de Pacifista oldie (30/10/2001) e por último “La ciutat llunyana”, do poeta morto na posguerra civil, Marius Torres (7/10/2001).

³⁰ <http://194.78.216.59/eyl/forum/forum.asp?LANG=EN>

³¹ Laerra (17 de maio do 2001); Xavier Barbany (17 de maio do 2001) fai unha afirmación moi semellante.

³² <http://194.78.216.59/eyl/poetry/poetry.asp>

O 26 de setembro de 2001, *Día Europeo das Linguas*, á marxe dos actos na Praza de Oriente, en Madrid presentáronse as versións en español, catalán, vasco e galego do documento *Common European Framework of Reference For Language*, do Consello de Europa, versións dun documento xa existente en inglés³³.

Ao longo do ano na páxina web ofrecéronse datos sobre cursos e materiais para a aprendizaxe de linguas. Hai unha referencia ao galego no apartado de ligazóns–recursos para escolas³⁴ no que se dá información sobre “Ponte...nas ondas!”. Alí explícasenos que se trata dunha:

Experiencia de comunicación entre escolas de países de lingua galaico-portuguesa que consiste na realización dunha xornada de radio elaborada polos alumnos de máis de 50 centros educativos. <http://www.pontenasondas.org>.



Portal da web do Ano Europeo das Linguas 2001

4 A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

O tema da diversidade lingüística é dunha gran transcendencia para Europa. Cómpre ter en conta que a maioría dos socios –os estados membros– levaron a cabo durante, nalgúns casos, case catrocentos anos unha política uniformadora. Nalgúns casos foi unha política implícita, froito da progresiva creación dunha sociedade e dun mercado “nacionais”, e noutros casos houbo unha política ben planificada, cunha ideoloxía lexitimada polas institucións estatais.

³³ Council of Europe (1996) *Common European Framework of Reference for Language Learning and Teaching. Draft of a Framework proposal*, Doc CC-LANG (95) rev III, Strasbourg: Council of Europe.

³⁴ <http://194.78.216.59/eyl/links/linklist.asp?SECTION=1&LANG=É&CategoryLinks=32>

No marco dun organismo paneuropeo, non obstante, hai unha resistencia en cada estado á idea de se converter en vítimas dunha política uniformadora que non poderían controlar. Xa que logo, os estados membros foron tallantes á hora de reclamar o seu propio espazo cultural. Pero isto entra doadamente en colisión co obxectivo do mercado único: a libre circulación de traballadores dentro da Comunidade. Para que esta circulación sexa autenticamente libre, hai que garantirlles o acceso aos idiomas dos demais países, ou ben a unha lingua común. Cómpre facer dous comentarios a este respecto. En primeiro lugar, isto explica a política de fomento do estudo de idiomas europeos (vertebrada principalmente a través de Lingua). E en segundo lugar, a constancia de que unha maioría abraiante de estudantes elixa como lingua estranxeira o inglés conduciu a impulsar, por parte sobre todo dos franceses, o estudo dunha segunda lingua estranxeira, baixo a etiqueta do multilingüismo. Non deixa de ser irónico (e non son o primeiro que o detecta) que sexa o estado historicamente máis remiso a aceptar a diversidade lingüística no seo das súas fronteiras, o que promova esta política. Ao tempo, é significativo que sexa só nos últimos anos cando se produce un cambio, aínda que sexa parcial, na política cara ás súas linguas minorizadas:³⁵ a sinatura (sen ratificación, pola oposición do presidente Chirac) da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias³⁶, do Consello de Europa.

Como vimos en varias ocasións polo de agora o catalán ou o galego, por exemplo, son excluídos tanto da oficialidade coma dos programas de fomento da aprendizaxe de linguas, de traballos de terminoloxía, etcétera. Poderíamos chegar a ter a impresión, a pesar das declaracións institucionais no sentido de que “todas as linguas son iguais en valor cultural e dignidade”, de que para a Comunidade Europea hai linguas de primeira e linguas de segunda. Vexamos o tema máis polo miúdo.

Quen amosou unha sensibilidade reiterada neste tema é o Parlamento. Desde, cando menos, o ano 1979 o Parlamento Europeo votou resolucións en favor do que se deu en chamar “linguas menos difundidas” ou “linguas rexionais ou minoritarias”:

a) Resolución sobre unha carta comunitaria de linguas e culturas rexionais e sobre unha carta dos dereitos das minorías étnicas, de 16 de outubro de 1981 (Redactor: Arfé³⁷).

b) Resolución do 11 de febreiro de 1983 sobre medidas a favor das linguas e culturas minoritarias (Redactor: Arfé³⁸).

c) Resolución do 30 de outubro de 1987 sobre as linguas e culturas das minorías rexionais e étnicas na Comunidade Europea (Redactor: Kuijpers³⁹).

d) Resolución do 11 de decembro de 1990 sobre a situación das linguas da Comunidade e a lingua catalá (Redactor: Reding⁴⁰).

e) Resolución do 9 de febreiro de 1994 sobre minorías lingüísticas na Comunidade Europea (Redactor: Killilea⁴¹).

³⁵ O alemán (en Alsacia e Lorena), o bretón, o catalán, o corso, o neerlandés, o occitano, o éuscaro.

³⁶ <http://conventions.coe.int/Treaty/en/Treaties/Html/148.htm>

³⁷ Ref. A1-965/80. Publicado no DOCE C 287, 9.11.81, p. 57. <http://www.troc.é/ciemen/mercator/UE18-GB.HTM>. Resumos de cada resolución: <http://www.eiop.or.at/eiop/texte/2000-016.htm>.

³⁸ Ref. A1-1254/82. Publicado no DOCE C 68, 14.3.83, p. 103-104:

<http://www.troc.é/ciemen/mercator/UE20-GB.HTM> en Mercator, base de datos; e Minority Electronic Resources (MINELRES): <http://www.riga.lv/minelres/eu/re830211.htm>.

³⁹ Ref. A2-0150/87. Publicado no DOCE C 318, 30.11.87, p.160-164:

<http://www.troc.é/ciemen/mercator/UE21-GB.HTM> e <http://www.riga.lv/minelres/eu/re871030.htm>.

⁴⁰ Publicado no DOCE C 19, 28.1.91, p. 42. <http://www.troc.é/ciemen/mercator/UE16-GB.HTM>.

Grazas a estas resolucións as comunidades lingüísticas minorizadas puideron acollerse desde hai máis de 15 anos a unha liña de subvencións (de preto de tres millóns de euros por ano), xestionada pola Dirección Xeral de Educación e Cultura para dar apoio a proxectos de promoción lingüística⁴². Este orzamento debíase á presión insistente, ano tras ano, do Parlamento. Galegos e cataláns recibimos axudas para unha variedade considerable de proxectos ao longo dos anos.

O informe *Euromosaic*⁴³, do que fun coautor, foi encargado pola propia Comisión, desexosa naquel momento por deseñar un programa de apoio.

Non obstante, en setembro do ano 2000 publicouse a convocatoria por última vez. Pode haber alguén que pense que esta supresión responde a unha acción deliberada contra as linguas minorizadas. A realidade é que foi froito dunha sentenza do Tribunal de Xustiza en 1998 que nada tivo que ver con temas lingüísticos⁴⁴. Esta sentenza, na práctica, estableceu que a Comisión soamente podía manter durante un período limitado unha acción que non fose avalada por unha decisión do Consello (e, de ser o caso, do Parlamento), que crearía así un programa. Polo tanto, a vía de financiamento para as linguas minoritarias tiña que se traducir nun programa. Agora ben, os servizos xurídicos da Comisión consideraron que este programa debería acollerse ao artigo 151 do Tratado, que regula as accións no campo da cultura, e as decisións do Consello, neste caso, deben tomarse por unanimidade. Á vista das pouquísimas probabilidades de que nin un só Estado membro se opuxese a un proxecto de programa para axudar as linguas minorizadas –en moitos casos pola acción estatal– a Comisión preferiu inhibirse no tema.

Outro organismo oficial da Unión é favorable á nosa “causa”: o Comité das Rexións. Este, no seu 39º Pleno que tivo lugar os días 13 e 14 de xuño de 2001 (sesión do 13 de xuño de 2001), emitiu unha “opinión” sobre a promoción e protección das linguas rexionais e minoritarias, na cal:

a) Insta aos Estados –coa excepción de Irlanda e Luxemburgo que teñen como primeiras linguas, respectivamente, o irlandés e mais o luxemburgués– a que asinen e ratifiquen sen reservas a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (punto 1).

b) Insta á Comisión a que aplique o artigo 22 da Carta dos dereitos fundamentais, mediante a inclusión de disposicións específicas sobre a promoción da diversidade lingüística e, en particular, de disposicións encamiñadas a fomentar a

⁴¹ Ref. A3-0042/94, Report of the Committee on Culture, Youth, Education and the Media on Linguistic and Cultural Minorities in the European Community. Resolución publicada no DOCE C 61, 28.2.94, p. 110. <http://www.troc.é/ciemen/mercator/UE23-GB.HTM> e <http://www.riga.lv/minelres/eu/re940209.htm>

⁴² Para información xeral: <http://europa.eu.int/comm/education/langmin.html>. A última convocatoria de axudas publicouse no DOCE o 16.9.2000 (ref. EAC/19/00): <http://europa.eu.int/comm/education/mercator/formul2000/callen.pdf>. Resumo: http://europa.eu.int/comm/secretariat_general/sgc/aides/forms/eac06_en.htm.

⁴³ Nelde, Peter; Strubell, Miquel & Williams, Glyn (1996) *Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*. Comisión Europea, Luxemburgo, 1996. Sede web en Internet: www.uoc.é/euromosaic/. A páxina ofrece informes sobre 60 comunidades lingüísticas.

⁴⁴C-106/96:

<http://curia.eu.int/jurisp/cgibin/gettext.pl?lang=en&num=80019487C19960106&doc=T&ouvert=T&seance=ARRET&where=>

integración das linguas minoritarias (menos empregadas) e rexionais en todas as políticas e programas da Unión (punto 2.3).

c) Recomenda que a Comisión estableza un programa plurianual que teña como obxectivo a promoción e a protección das linguas minoritarias (menos empregadas) e rexionais da Unión Europea (punto 2.4).

Pero non todos comparten a sensibilidade do Parlamento: vexamos, por exemplo, algunhas opinións do Consello. A unha pregunta⁴⁵ do eurodeputado Pere Esteve, o Consello, na súa resposta “preliminar” do 7 de maio⁴⁶, dixo que a pesar de recoñecer “totalmente” a riqueza da diversidade lingüística da Comunidade considera que a responsabilidade para a diversidade lingüística e cultural está nas mans dos estados.

Ademais, a Comisión respondeu⁴⁷ con evasivas a pregunta E-0478/00 formulada polo eurodeputado galego Daniel Varela Suanzes-Carpegna⁴⁸ sobre a “elaboración por parte da Comisión Europea dunha proposta de base legal para o programa de acción en favor das linguas minoritarias ou rexionais da UE”. Sorprende esta reacción porque cando foi entrevistada no Parlamento, como candidata a comisaria, Viviane Reding anunciou:

“Penso presentarlle á Comisión unha proposta de programa plurianual para o desenvolvemento da dimensión europea na educación mediante a aprendizaxe, a promoción e a difusión das linguas rexionais ou minoritarias.”⁴⁹

Os eurodeputados galegos interésanse pola súa lingua e en xeral polas linguas que non son oficiais da Unión. Así, está a pregunta escrita⁵⁰ de Rosa Miguélez Ramos (PSE) á Comisión sobre a lingua galega no programa Ariane⁵¹. A resposta que se lle dá amosa o pouco interese dos editores galegos en acollerse a este programa mentres durou. Tamén nos podemos referir á pregunta escrita en portugués E-1445/99⁵² de Camilo

⁴⁵ (pregunta escrita E-3948/00, OJEC C235 E/36-37, 21.8.2001). Pregunta:

<http://www2.europarl.eu.int/omk/OM-Europarl?PROG=WQ&L=EN&PUBREF=//EP//TEXT+WQ+E-2000-3948+0+DOC+SGML+V0//EN&LEVEL=3>

⁴⁶ http://www2.europarl.eu.int/omk/OM-Europarl?PROG=WQA&L=EN&PUBREF=//EP//NONSGML+WQA+E-2000-3948-N+0+DOC+WORD+V0//EN&LEVEL=4&SAME_LEVEL=1

⁴⁷ DOCE C 374 E, 28.12.2000, p. 82.

<http://cde.ugr.é/Legislacion/dat/2000/ce374/ce37420001228es00820082.pdf>

⁴⁸ DOCE C 374 E, Volume 43, 28/12/2000, p. 82. E-0478/00 by Daniel Varela Suanzes-Carpegna to the Commission. Subject: Preparation by the European Commission of the proposed legal basis for the Archipelago action programme on the minority and regional languages of the European Union.

<http://cde.ugr.é/Legislacion/dat/2000/ce374/ce37420001228es00820082.pdf>

⁴⁹ Viviane Reding, comisaria proposta como responsable de Educación e Cultura, 2.9.99.

DOC_EN\D\380\380397ES.doc, PE 230.789/rev.II, pp. 20-21.

http://www.europarl.eu.int/hearings/pdf/com/answer/reding/default_é.pdf

⁵⁰ Referencia: E-2142/99, do 24 de novembro de 1999.

http://www2.europarl.eu.int/omk/OM-Europarl?PROG=WQ&L=É&SORT_ORDER=DD&S_REFERENCE=%25&S_WQT_TYPE=%25&MI_TEXT=galego&F_MI_TEXT=galego&LEG_ID=5&LEVEL=3&SAME_LEVEL=1&SV=20

⁵¹ DOCE L 291, 24.10.1997.

⁵² 1 de setembro de 1999:

http://www2.europarl.eu.int/omk/OM-Europarl?PROG=WQ&L=É&SORT_ORDER=DD&S_REFERENCE=%25&S_WQT_TYPE=%25&MI_TEXT=galego&F_MI_TEXT=galego&LEG_ID=5&LEVEL=3&SAME_LEVEL=1&SV=20

Nogueira Román (Verts/ALE) á Comisión sobre o recoñecemento do plurilingüismo na lexislación vixente nos diversos estados membros da Unión Europea.

5 CONCLUSIÓNS

Débense considerar algúns argumentos sobre a necesidade da defensa, con medidas activas, das comunidades lingüísticas minorizadas de Europa:

a) Non se pode predicar o multilingüismo e a diversidade coma un ben europeo e, ao tempo, excluír linguas enteiras da posibilidade de recibir apoios da UE.

b) Non se pode argumentar a “neutralidade” en temas lingüísticos: a Unión gasta 723 millóns de euros por ano nunhas linguas e nada noutras.

c) Non se debe favorecer a integración europea sen contrarrestar á vez os efectos lingüísticos –perniciosos para algunhas comunidades– derivados da liberdade de movementos que a política da Unión fomenta.

d) Nun contorno onde a Unión recoñece a necesidade de darlle prioridade, en forma de discriminación positiva, ás linguas oficiais menos difundidas (grego, danés, finés...) é dobremente difícil de xustificar a exclusión das aínda menos favorecidas.

e) A gran diversidade de políticas estatais cara ás minorías lingüísticas, que culmina con accións punitivas contra minorías en Grecia, non debe prexudicar as posibilidades de establecer uns estándares mínimos para a súa protección por parte da Unión como o fixo o Consello de Europa.